

familias numerosas, de acordo co seu número de membros e necesidades.

Disposición adicional primeira. *Colaboración administrativa en materia estatística.*

As comunidades autónomas remitirán periodicamente ao Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais e recibirán, nos termos e prazos que de mutuo acordo se establezan, información sobre os títulos de familia numerosa que expidan ou renoven, co fin de facilitar o seguimento estatístico destes en todo o territorio nacional.

Disposición adicional segunda. *Revisión de tarifas dos servizos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada.*

Na seguinte revisión de carácter xeral das tarifas dos servizos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada que se leve a cabo conforme o disposto no artigo 19.5 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, modificado polo artigo 80 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, engadírase un 0,07 por cento como compensación pola redución ás familias numerosas que se aproba neste regulamento, de acordo co establecido no artigo 88.2 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Disposición adicional terceira. *Aplicación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

Para os efectos deste regulamento, as referencias ás comunidades autónomas entenderanse tamén realizadas ás cidades de Ceuta e Melilla nos seus respectivos ámbitos competenciais.

Disposición transitoria única. *Aplicación do beneficio de cotización por contratación de coidadores de familias numerosas.*

O disposto no artigo 5 será aplicable, a partir do día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto, ás relacións laborais dos coidadores en familias numerosas, celebradas con anterioridade á vixencia deste.

Disposición derradeira única. *Habilitación competencial.*

Este regulamento resulta de aplicación xeral ao abeiro do artigo 149.1.1.^a e 17.^a da Constitución.

Exceptúanse do anterior os artigos 7 a 16, ambos inclusive, e a disposición adicional segunda, que resultan só de aplicación directa no ámbito da Administración xeral do Estado.

MINISTERIO DE XUSTIZA

839 *REAL DECRETO 1608/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais. («BOE» 17, do 20-1-2006.)*

A promulgación da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial, supuxo unha profunda transformación na organización da Administración de xustiza e na do persoal ao seu servizo.

A evolución nas formas de traballo das oficinas xudiciais exixía unhas novas estruturas cun mellor deseño

organizativo, necesario para prestar o servizo público de calidade que demandan os cidadáns.

Por outro lado, as oficinas xudiciais non foron alleas á realidade do Estado autonómico ao se producir un proceso de traspaso de funcións e servizos neste ámbito que se verá culminado nun futuro próximo e que fai precisa unha detallada delimitación dos ámbitos competenciais das distintas administracións implicadas, así como o establecemento de mecanismos de colaboración e coordinación que aseguren a autonomía funcional e orgánica duns e doutros centros de decisión que conflúen na oficina xudicial e que recaen sobre unha mesma realidade.

Neste deseño optouse por un sistema flexible que permita que cada oficina xudicial, no marco dunha estrutura básica homoxénea en todo o territorio nacional, se adapte a calquera tipo de necesidades da Administración de xustiza, en que o criterio diferenciador que permite singularizala doutras organizacións administrativas é que a súa actividade está rexida principalmente por normas procesuais.

A oficina xudicial, como xénero, comprende, como especies, tanto as unidades procesuais de apoio directo como os servizos comúns procesuais. As primeiras asumen a tarefa de asistir de modo próximo os xuíces e maxistrados no exercicio das funcións que lles son propias, realizando as actuacións necesarias para o exacto e eficaz cumprimento das resolucións xudiciais. Pola súa parte, os servizos comúns procesuais son obxecto de especial regulación, enchendo o baleiro legal existente ata o momento, fomentando o seu desenvolvemento e especialización e establecendo un sistema que garanta un mellor goberno, particularmente naqueles casos en que, pola súa complexidade ou tamaño, resulta imprescindible a existencia de niveis intermedios.

Neste contexto organizativo, a figura do secretario xudicial adquire particular relevancia, e de aí que a mencionada Lei 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial, lle dedique unha regulación á parte do resto dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, definindo con precisión as súas funcións dentro da nova estrutura da oficina xudicial, atribuíndolle novas funcións procesuais, potenciando as súas capacidades profesionais e asignándolle responsabilidades de coordinación coas administracións públicas competentes en materia de xustiza.

A lei antes mencionada configura o corpo de secretarios xudiciais como un corpo superior xurídico e único, de carácter nacional, ao servizo da Administración de xustiza e dependente do Ministerio de Xustiza, ordenándoo xerarquíicamente co fin de garantir unha maior eficacia na prestación do servizo. Tamén con este obxectivo e para a mellor estruturación do corpo, dótanse dunha nova definición e competencias os secretarios de goberno e créase a figura dos secretarios coordinadores provinciais, ambos con importantes funcións en relación cos secretarios xudiciais que dependen deles.

Así mesmo, a norma citada establece as liñas básicas do estatuto xurídico do corpo de secretarios xudiciais, nas cales se comprenden os sistemas e requisitos de acceso ao corpo; os dereitos individuais e colectivos e tamén os deberes dos secretarios xudiciais; as situacións administrativas; as incompatibilidades e prohibicións; os conceptos retributivos básicos e complementarios e a forma de establecemento das súas contías; os sistemas de provisión de postos de traballo; a súa ordenación a través das relacións de postos de traballo e o réxime disciplinario. De igual maneira, establécese a previsión de ditar disposicións regulamentarias de desenvolvemento, e ordénaselle ao Goberno que aprobe o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais na disposición derradeira primeira da Lei orgánica 19/2003, regulamento este no que se concretan de xeito pormenorizado todos e cada un de tales aspectos.

No proceso de elaboración deste real decreto foron oídas as comunidades autónomas que recibiron os trasposos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, así como as organizacións representativas do persoal ao servizo da Administración de xustiza. Alén disto, solicitouse o preceptivo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na elaboración desta disposición cumpriuse o trámite de audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e emitiron informe o Consello Xeral do Poder Xudicial, as comunidades autónomas con trasposos recibidos e as organizacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais.*

Apróbase o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Secretarios procedentes da xurisdición do traballo.*

Os secretarios que proceden da xurisdición do traballo terán preferencia, mentres permanezan en órganos da orde xurisdiccional social, para ocuparen os postos das unidades procesuais de apoio directo dos xulgados do social e das salas do social da Audiencia Nacional ou dos tribunais superiores de xustiza, así como os postos dos servizos comúns procesuais que se ocupen, de ser o caso, da ordenación do procedemento que tramitan os órganos da orde xurisdiccional social e da execución das súas resolucións, agás os que deban proverse polo sistema de libre designación.

Disposición transitoria segunda. *Secretarios de provisión temporal.*

Os secretarios de provisión temporal que xa estivesen desempeñando un posto de traballo como substitutos por razón do nomeamento expedido para o efecto, continuarán desempeñándoo á entrada en vigor deste real decreto mentres non se produza o seu cesamento por algunha das causas legalmente establecidas.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio de nomeamento de secretarios xudiciais substitutos.*

Ata que se publiquen as listas definitivas das bolsas de secretarios substitutos que se constituían de acordo coas normas que contén o regulamento orgánico que se aproba por este real decreto, para cubrir as necesidades urxentes do servizo, seguiranse nomeando secretarios substitutos das bolsas que se constituíron anteriormente cando isto resulte imprescindible por non poder producirse as substitucións entre secretarios xudiciais titulares.

Disposición transitoria cuarta. *Secretario xeral da Administración de xustiza.*

Mentres non se procede ao nomeamento do secretario xeral da Administración de xustiza, as funcións atribuídas a este no regulamento orgánico que se aproba polo

presente real decreto serán realizadas polo subdirector xeral de Medios Persoais ao servizo da Administración de xustiza.

Disposición transitoria quinta. *Consello do Secretariado.*

Os vogais do Consello do Secretariado que, cando entre en vigor este real decreto, formasen parte do dito órgano, continuarán neste ata que se convoquen eleccións de acordo co previsto no artigo 24 do regulamento orgánico.

Disposición transitoria sexta. *Réxime retributivo.*

Mentres non se desenvolva na súa totalidade o previsto na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, os conceptos retributivos que deban percibir os secretarios xudiciais adaptaranse ao que prevé o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais.

Disposición transitoria sétima. *Complemento familiar.*

Os secretarios xudiciais que viñesen percibindo o complemento familiar continuarán recibíndoo nas mesmas condicións e contías que as establecidas para os funcionarios da Administración xeral do Estado.

Disposición transitoria oitava. *Expedientes disciplinarios en trámite.*

Os expedientes disciplinarios que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor do regulamento que se aproba por este real decreto, seguirán regulados pola normativa vixente no momento da súa iniciación, salvo que as disposicións deste regulamento sexan máis favorables.

Con este fin daráselle vista do expediente ao secretario xudicial para que no prazo de dez días alegue o que estime conveniente, sen que isto poida implicar a retroacción de actuacións.

Disposición transitoria novena. *Proceso de asignación de postos dos secretarios xudiciais.*

1. Logo de que o Ministerio de Xustiza aprobe as relacións iniciais de postos de traballo de cada centro de destino, procederase á asignación a eles dos secretarios xudiciais con destino definitivo nos ditos centros no ámbito territorial respectivo. O devandito proceso de asignación consistirá:

a) Na confirmación dos secretarios xudiciais nos postos de traballo que viñesen desempeñando, cando estes figuren nas correspondentes relacións de postos de traballo cun contido similar, mesmo con distinta denominación.

b) Na reordenación ou redistribución dos efectivos nos supostos de amortización, supresión ou recualificación de postos, segundo o que establece o artigo 523 da Lei orgánica do poder xudicial.

c) Na convocatoria de concursos específicos para aqueles postos de traballo que deban cubrirse por este sistema, nos cales, por unha soa vez, poderán participar en exclusiva os secretarios xudiciais destinados no municipio onde deban desempeñarse tales postos de traballo.

d) Na convocatoria de procedementos de libre designación para aqueles postos que deban cubrirse por este sistema.

2. O proceso de acomodación á nova organización da oficina xudicial garantiralles aos secretarios xudiciais a percepción das retribucións que lles correspondan ás categorías dos postos de traballo actuais.

Disposición transitoria décima. *Grupos en que se clasifican os postos de traballo.*

Ata que non se aproben as relacións de postos de traballo de cada centro de destino, as referencias deste regulamento aos grupos de postos de traballo entenderanse referidas ás categorías de postos de traballo actuais do ámbito de tales centros de destino, que coinciden coas categorías persoais dos secretarios xudiciais que os ocupan.

O Ministerio de Xustiza poderá determinar os postos de traballo que lle deban ser asignados ao corpo de secretarios xudiciais en cada comunidade autónoma a medida que a comunidade de que se trate vaia elaborando a súa correspondente relación de postos de traballo.

Disposición transitoria décimo primeira. *Secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza.*

Ata que entren en funcionamento as unidades procesuais de apoio directo das salas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, os secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza percibirán as retribucións complementarias correspondentes a un secretario de audiencia provincial, grupo primeiro, cando pertencen á primeira e segunda categorías, e as retribucións complementarias correspondentes a un secretario de audiencia provincial, grupo quinto, cando pertencen á terceira categoría do corpo de secretarios xudiciais.

Disposición transitoria décimo segunda. *Oficina xudicial e relacións de postos de traballo.*

Mentres non entre en funcionamento o novo modelo de oficina xudicial previsto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da Lei orgánica do poder xudicial, as referencias a ela contidas no regulamento orgánico que se aproba por este real decreto, así como ás relacións de postos de traballo, entenderanse, no que sexa aplicable, referidas á actual estrutura e aos actuais postos de traballo dos centros de destino nos cales aínda non se producise o proceso de adaptación á nova oficina xudicial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 429/1988, do 29 de abril, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Malia o anterior, manteranse en vigor os artigos 29 e 31 do Real decreto 429/1988, do 29 de abril, mentres o Ministerio de Xustiza non aprobe definitivamente todas as relacións de postos de traballo e se realizen integralmente os procesos de adaptación das distintas unidades que conforman a estrutura das oficinas xudiciais, segundo o disposto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica do poder xudicial.

Disposición derradeira primeira. *Normativa disciplinaria.*

En materia disciplinaria será aplicable, no non previsto no regulamento orgánico que se aproba por este real decreto, con carácter supletorio e no que resulte procedente, o disposto na normativa reguladora do réxime

disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira segunda. *Negociación coas organizacións sindicais máis representativas.*

Nas negociacións coas organizacións sindicais máis representativas, será aplicable a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, sen prexuízo do establecido de forma específica no Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para desenvolver os preceptos contidos no regulamento adxunto a este real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

REGULAMENTO ORGÁNICO DO CORPO DE SECRETARIOS XUDICIAIS

TÍTULO I

Do corpo de secretarios xudiciais. Definición, réxime estatutario. Principios que informan a súa actuación, funcións e competencias

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

- Artigo 1. Definición. Ámbito de aplicación.
Artigo 2. Réxime estatutario.

CAPÍTULO II

Principios que informan a actuación do secretario xudicial, funcións e competencias

- Artigo 3. Principios que informan a actuación do secretario xudicial.
Artigo 4. Funcións.
Artigo 5. Funcións como titulares da fe pública xudicial.
Artigo 6. Funcións como responsables da actividade de documentación.
Artigo 7. Funcións como impulsores e ordenadores do proceso.
Artigo 8. Funcións como directores técnico-procesuais da oficina xudicial.
Artigo 9. Funcións de colaboración e cooperación con outros órganos e administracións.
Artigo 10. Da policía de vistas.

- Artigo 11. Outras funcións.
Artigo 12. Competencias procesuais.

TÍTULO II

Da ordenación do corpo de secretarios xudiciais

CAPÍTULO I

Da ordenación xerárquica

- Artigo 13. Ordenación xerárquica.

CAPÍTULO II

Órganos superiores

- Artigo 14. Secretarios de goberno.
Artigo 15. Nomeamento e toma de posesión dos secretarios de goberno.
Artigo 16. Competencias dos secretarios de goberno.
Artigo 17. Secretarios coordinadores provinciais. Nomeamento e toma de posesión.
Artigo 18. Competencias dos secretarios coordinadores provinciais.
Artigo 19. Cesamento dos secretarios de goberno e dos secretarios coordinadores provinciais.

CAPÍTULO III

Do secretario xeral da Administración de xustiza

- Artigo 20. O secretario xeral da Administración de xustiza.
Artigo 21. Competencias do secretario xeral da Administración de xustiza.

CAPÍTULO IV

Do Consello do Secretariado

- Artigo 22. Consello do Secretariado.
Artigo 23. Funcións do Consello do Secretariado.
Artigo 24. Proceso electoral. Substitución de membros electos.
Artigo 25. Funcionamento do Consello do Secretariado.

CAPÍTULO V

Das xuntas de secretarios xudiciais

- Artigo 26. Xuntas de secretarios xudiciais.

TÍTULO III

Da carreira administrativa

CAPÍTULO I

Adquisición e perda da condición de secretario xudicial

- SECCIÓN 1.^a ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE SECRETARIO XUDICIAL. INGRESO NO CORPO. SISTEMAS DE SELECCIÓN. PROCESO DE SELECCIÓN
Artigo 27. Adquisición da condición de secretario xudicial.
Artigo 28. Réxime aplicable.
Artigo 29. Sistemas selectivos.

- Artigo 30. Ingreso no corpo de secretarios xudiciais polo sistema de oposición libre.
Artigo 31. Ingreso no corpo de secretarios xudiciais polo sistema de concurso-oposición libre.
Artigo 32. Promoción interna.
Artigo 33. Tribunais de selección.
Artigo 34. Dereitos e deberes dos membros dos tribunais.
Artigo 35. Convocatorias.
Artigo 36. Contido das convocatorias.
Artigo 37. Solicitudes e requisitos.
Artigo 38. Reserva de prazas e admisión ao proceso selectivo de persoas discapacitadas.
Artigo 39. Listas de admitidos e excluídos.
Artigo 40. Relación de aprobados e achega de documentación.
Artigo 41. Funcionarios en prácticas.
Artigo 42. Dereitos e deberes dos funcionarios en prácticas.
Artigo 43. Nomeamento.
Artigo 44. Xuramento o promesa.
Artigo 45. Toma de posesión.

SECCIÓN 2.^a PERDA DA CONDICIÓ DE SECRETARIO XUDICIAL

- Artigo 46. Causas.
Artigo 47. Renuncia.
Artigo 48. Perda e recuperación da nacionalidade española.
Artigo 49. Separación do servizo por sanción disciplinaria.
Artigo 50. Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de cargos públicos.
Artigo 51. Xubilación.
Artigo 52. Xubilación voluntaria.
Artigo 53. Xubilación forzosa por idade.
Artigo 54. Xubilación por incapacidade permanente.
Artigo 55. Contido da resolución de xubilación.

SECCIÓN 3.^a REHABILITACIÓN

- Artigo 56. Supostos.
Artigo 57. Iniciación.
Artigo 58. Instrución.
Artigo 59. Criterios para a formulación da proposta de resolución.
Artigo 60. Terminación.

CAPÍTULO II

Situacións administrativas

- Artigo 61. Situacións administrativas.
Artigo 62. Servizo activo.
Artigo 63. Servizos especiais.
Artigo 64. Declaración e efectos da situación de servizos especiais.
Artigo 65. Tipos de excedencia voluntaria.
Artigo 66. Efectos económicos e administrativos da situación de excedencia voluntaria.
Artigo 67. Declaración en excedencia voluntaria por interese particular por disposición legal.
Artigo 68. Suspensión de funcións.
Artigo 69. Suspensión provisional.
Artigo 70. Suspensión definitiva.
Artigo 71. Excedencia por razón de violencia sobre a muller secretaria xudicial.
Artigo 72. Reingreso desde situacións que comportan reserva de posto de traballo.
Artigo 73. Reingreso desde situacións que non comportan reserva do posto de traballo.

Artigo 74. Prazos e documentación para o reingreso desde situacións que non comportan reserva do posto de traballo.

Artigo 75. Prelación para reingreso no servizo activo.

Artigo 76. Cambio de situación administrativa.

CAPÍTULO III

Das categorías do corpo de secretarios xudiciais

Artigo 77. Categorías.

Artigo 78. Grupos en que se clasifican os postos de traballo.

Artigo 79. Cómputo do tempo de servizo.

Artigo 80. Interrupcións.

CAPÍTULO IV

Dos dereitos e deberes dos secretarios xudiciais.

SECCIÓN 1.^a DEREITOS E DEBERES

Artigo 81. Dereitos individuais.

Artigo 82. Dereitos colectivos.

Artigo 83. Deberes.

SECCIÓN 2.^a VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS

Artigo 84. Vacacións.

Artigo 85. Permiso por asuntos particulares.

Artigo 86. Outros permisos.

Artigo 87. Licenza por razón de matrimonio.

Artigo 88. Licenza por asuntos propios.

Artigo 89. Licenza por enfermidade.

Artigo 90. Licenza por formación e perfeccionamento.

Artigo 91. Licenza por ingreso no Centro de Estudos Xurídicos ou noutros centros de formación.

Artigo 92. Órganos competentes para o outorgamento de vacacións, permisos e licenzas.

Artigo 93. Recursos.

SECCIÓN 3.^a DEREITOS ECONÓMICOS

Artigo 94. Clases de retribucións.

Artigo 95. Contías retribucións básicas e complementarias.

SECCIÓN 4.^a PROMOCIÓN PROFESIONAL. FORMACIÓN INICIAL E CONTINUADA

Artigo 96. Formación inicial e continuada.

SECCIÓN 5.^a PRERROGATIVAS. TRATAMENTO E DISTINCIÓNS

Artigo 97. Prerrogativas, tratamento e distincións.

Artigo 98. Selo.

TÍTULO IV

Ordenación da actividade profesional. Relacións de postos de traballo. Escala

CAPÍTULO I

Ordenación da actividade profesional

Artigo 99. Destinos.

CAPÍTULO II

Relacións de postos de traballo

Artigo 100. Ordenación do corpo de secretarios xudiciais e relacións de postos de traballo.

Artigo 101. Elaboración e aprobación das relacións de postos de traballo.

CAPÍTULO III

Escala

Artigo 102. Escala.

CAPÍTULO IV

Xornada e horarios

Artigo 103. Establecemento de xornada e horarios de traballo.

Artigo 104. Réxime de gardas.

TÍTULO V

Provisión de postos de traballo

CAPÍTULO I

Formas de provisión e órganos competentes para convocar

Artigo 105. Formas de provisión.

Artigo 106. Convocatorias.

Artigo 107. Órganos competentes.

CAPÍTULO II

Provisión de postos de traballo mediante concurso

Artigo 108. Concurso.

Artigo 109. Concurso de traslado.

Artigo 110. Concursos específicos de méritos.

Artigo 111. Comisións de valoración.

CAPÍTULO III

Procedementos dos concursos

Artigo 112. Convocatoria de concursos.

Artigo 113. Requisitos e condicións de participación.

Artigo 114. Forma e prazo de presentación de instancias.

Artigo 115. Solicitudes condicionadas.

Artigo 116. Resolución.

Artigo 117. Toma de posesión.

Artigo 118. Destinos.

CAPÍTULO IV

Libre designación

Artigo 119. Procedemento de libre designación.

Artigo 120. Convocatoria.

Artigo 121. Solicitudes.

Artigo 122. Nomeamentos

Artigo 123. Toma de posesión.

Artigo 124. Cesamento.

Artigo 125. Renuncia.

CAPÍTULO V

Outras formas de provisión. Adscrición provisional. Comisión de servizo. SubstituciónsSECCIÓN 1.^a ADSCRICIÓN PROVISIONAL

Artigo 126. Adscrición provisional.

SECCIÓN 2.^a COMISIÓNS DE SERVIZO

Artigo 127. Comisión de servizo.

SECCIÓN 3.^a SUBSTITUCIÓNS

- Artigo 128. Substitucións.
 Artigo 129. Substitución ordinaria.
 Artigo 130. Quendas de substitución.
 Artigo 131. Efectividade e comunicación.
 Artigo 132. Comunicación de incidencias.
 Artigo 133. Secretarios substitutos.
 Artigo 134. Bolsas de traballo.
 Artigo 135. Convocatoria das bolsas.
 Artigo 136. Constitución das bolsas.
 Artigo 137. Chamamento e nomeamento de secretarios substitutos.
 Artigo 138. Eficacia temporal dos nomeamentos.
 Artigo 139. Estatuto dos secretarios substitutos.

TÍTULO VI

Incompatibilidades e prohibicións. Abstención e recusación

CAPÍTULO I

Das incompatibilidades e prohibicións

- Artigo 140. Incompatibilidades.
 Artigo 141. Prohibicións.
 Artigo 142. Destino forzoso.
 Artigo 143. Competencia para o recoñecemento e denegación de compatibilidades.

CAPÍTULO II

Da abstención e da recusación

- Artigo 144. Abstención.
 Artigo 145. Recusación.
 Artigo 146. Causas.
 Artigo 147. Procedemento de abstención.
 Artigo 148. Procedemento de recusación.

TÍTULO VII

Réxime disciplinario

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

- Artigo 149. Ámbito de aplicación.
 Artigo 150. Principios e garantías do procedemento disciplinario.
 Artigo 151. Concorrenza de responsabilidade civil ou penal.
 Artigo 152. Comunicacións aos órganos de representación dos secretarios xudiciais.

CAPÍTULO II

Das faltas

- Artigo 153. Clases de faltas.
 Artigo 154. Faltas moi graves.
 Artigo 155. Faltas graves.
 Artigo 156. Faltas leves.

CAPÍTULO III

Das persoas responsables

Artigo 157. Persoas responsables.

CAPÍTULO IV

Das sancións

- Artigo 158. Sancións.
 Artigo 159. Clases de sancións.
 Artigo 160. Faltas e sancións.
 Artigo 161. Criterios para a determinación da gradación das sancións.
 Artigo 162. Órganos competentes.

CAPÍTULO V

Da extinción da responsabilidade disciplinaria

- Artigo 163. Extinción da responsabilidade disciplinaria.
 Artigo 164. Perda da condición de secretario xudicial.
 Artigo 165. Prescrición das faltas e cómputo de prazos.
 Artigo 166. Prescrición das sancións e cómputo de prazos.

CAPÍTULO VI

Do procedemento disciplinarioSECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 167. Órganos competentes.
 Artigo 168. Información previa.
 Artigo 169. Suspensión provisional.

SECCIÓN 2.^a DAS ACTUACIÓNS EN CASO DE FALTAS LEVES

- Artigo 170. Trámite de audiencia.
 Artigo 171. Transformación das actuacións.

SECCIÓN 3.^a DA INCOACIÓ DO PROCEDUREMTO

- Artigo 172. Iniciación do procedemento.
 Artigo 173. Contido do acordo de incoación, e a súa notificación.
 Artigo 174. Abstención e recusación.

SECCIÓN 4.^a DA INSTRUCIÓN

- Artigo 175. Primeiras actuacións instrutoras.
 Artigo 176. Contido do prego de cargos e proposición de probas.
 Artigo 177. Resolución sobre admisión de probas.
 Artigo 178. Práctica das probas.
 Artigo 179. Traslado ao interesado para formular alegacións.
 Artigo 180. Proposta de resolución.
 Artigo 181. Remisión á autoridade competente.
 Artigo 182. Remisión en caso de incompetencia.
 Artigo 183. Devolución do expediente ao instrutor.

SECCIÓN 5.^a DA TERMINACIÓN

- Artigo 184. Resolución.
 Artigo 185. Duración do procedemento disciplinario.
 Artigo 186. Recursos.
 Artigo 187. Execución das sancións.
 Artigo 188. Anotación das sancións.
 Artigo 189. Cancelación da anotación das sancións.

TÍTULO I

Do corpo de secretarios xudiciais. Definición, réxime estatutario. Principios que informan a súa actuación, funcións e competencias

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Definición. Ámbito de aplicación.*

1) Os secretarios xudiciais son funcionarios públicos que constitúen un corpo superior xurídico, único, de carácter nacional, ao servizo da Administración de xustiza, dependente do Ministerio de Xustiza, e que exercen as súas funcións co carácter de autoridade.

2) O presente regulamento seralles aplicable aos funcionarios de carreira que integran o corpo de secretarios xudiciais, así como aos secretarios substitutos durante o tempo para o que foron nomeados, en todo aquilo que sexa adecuado á súa natureza non profesional e ao desempeño temporal do seu posto.

Artigo 2. *Réxime estatutario.*

1) O réxime estatutario dos secretarios xudiciais será o establecido na Lei orgánica do poder xudicial, no presente regulamento e nas disposicións complementarias que se diten no seu desenvolvemento.

2) En todo o non previsto na dita normativa, aplícase con carácter supletorio o disposto na lexislación xeral do Estado sobre función pública.

CAPÍTULO II

Principios que informan a actuación do secretario xudicial, funcións e competencias

Artigo 3. *Principios que informan a actuación do secretario xudicial.*

1) Os secretarios xudiciais desempeñarán as súas funcións con suxeición aos principios de legalidade e imparcialidade, en todo caso.

2) No exercicio da fe pública xudicial actuarán con autonomía e independencia.

3) No exercicio das funcións de dirección técnico-procesual da oficina xudicial, así como en todas aquelas que lles encomende a Lei orgánica do poder xudicial e este regulamento e sexan distintas da enunciada na alínea anterior, actuarán baixo os principios de unidade de actuación e dependencia xerárquica, dispoñendo os medios precisos para que a oficina xudicial actúe baixo os criterios de eficacia, eficiencia, axilidade, responsabilidade pola xestión, racionalización do traballo, coordinación e cooperación coas administracións competentes en materia de xustiza, de maneira que os cidadáns obteñan un servizo próximo e de calidade, con respecto aos principios recollidos na Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza.

4) Cumprirán e velarán polo cumprimento de todas as decisións que adopten os xuíces e tribunais no ámbito das súas competencias.

Artigo 4. *Funcións.*

Os secretarios xudiciais desempeñarán as funcións que lles son encomendadas pola Lei orgánica do poder xudicial, así como aquelas outras que lles atribúan as leis procesuais e as que se determinan neste regulamento e nas normas complementarias que se diten no seu desenvolvemento.

Artigo 5. *Funcións como titulares da fe pública xudicial.*

Correspóndelles aos secretarios xudiciais o exercicio da fe pública xudicial, con exclusividade e plenitude, e non precisan da intervención adicional de testemuñas. No exercicio desta función:

a) Deixarán constancia fidedigna da realización de actos procesuais no tribunal ou ante este e da produción de feitos con transcendencia procesal mediante as actas e dilixencias. Cando se utilicen medios técnicos de gravación ou reprodución, garantirán a autenticidade e integridade do gravado ou reproducido.

Tal garantía prestarase preferentemente mediante a incorporación de sinatura electrónica recoñecida, da que o Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza dotarán a todos os secretarios xudiciais, para o que utilizarán os medios técnicos que ofrezan o nivel de máxima fiabilidade recoñecida, en consonancia coa legalidade vixente en materia de sinatura electrónica. O Ministerio de Xustiza regulará os supostos e modos en que os secretarios xudiciais deben empregar a sinatura electrónica.

Nas actuacións orais, vistas e comparecencias que se registren nun soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe, a acta que redacte o secretario xudicial deberá consignar, polo menos, os seguintes datos, dos cales dará fe: o número e a clase de procedemento; o lugar e a data da súa realización; o tempo de duración; os asistentes ao acto; os pedimentos e as propostas das partes; no caso de proposición de probas, a declaración da pertinencia e a orde na súa práctica; as resolucións que adopte o xuíz ou tribunal; e calquera outra circunstancia ou incidencia que non puidese constar no dito soporte. Para o caso de que o contido do acto procesal non sexa recollido neste soporte, a acta conterá, ademais, o reflexo máis fiel e exacto posible do resultado das actuacións que se practicaron.

En ambos os casos a acta redactarase por procedementos informáticos, baixo a fe do secretario xudicial, sen que poida ser manuscrita senón nas ocasións en que a sala na cal estea realizándose a actuación careza de medios informáticos.

b) Expedirán certificacións ou testemuños das actuacións xudiciais non declaradas secretas nin reservadas ás partes, coa expresión do seu destinatario e o fin para o cal se solicitan, tanto das que se atopan no arquivo xudicial de xestión como daquelas que se poidan solicitar referentes ás actuacións xudiciais xa concluídas e que consten nos arquivos xudiciais territoriais ou, de ser o caso, central. Nestes casos, o secretario xudicial reclamaralle o expediente ao órgano competente que teña encomendada a súa custodia.

Deberán facer constar na expedición das certificacións ou testemuños o carácter orixinal ou non do documento con respecto ao cal se expide a certificación ou o testemuño.

c) Autorizarán e documentarán o outorgamento de poderes para preitos, nos termos que establecen as leis

procesuais, e deberán informar en todo caso os poderdantes do alcance do poder conferido en cada caso concreto.

Artigo 6. *Funcións como responsables da actividade de documentación.*

a) Os secretarios xudiciais serán responsables da función de documentación que lles é propia, así como da formación dos autos e expedientes, e deixarán constancia das resolucións que ditan os xuíces e maxistrados, ou eles mesmos cando así o autorice a lei.

b) Serán responsables da conservación dos libros de rexistro. Correspondéralle ao Ministerio de Xustiza determinar os que deban existir nos xulgados e tribunais e establecer as normas reguladoras para levalos, mediante os regulamentos oportunos.

Artigo 7. *Funcións como impulsores e ordenadores do proceso.*

Correspóndelle ao secretario xudicial impulsar o proceso nos termos que establecen as leis procesuais. No exercicio desta función:

a) Ditarán as resolucións necesarias para a tramitación do proceso, agás aquelas que as leis procesuais lles reservan aos xuíces ou tribunais. Estas resolucións denominaranse dilixencias, que poderán ser de ordenación, de constancia, de comunicación ou de execución. As dilixencias de ordenación poderán ser obxecto de recurso perante o propio secretario xudicial ou perante o xuíz ou o relator, nos casos e formas previstos nas leis procesuais.

b) Ademais das resolucións anteriormente citadas, os secretarios xudiciais ditarán decretos cando con tal resolución se trate de pórle termo ao procedemento de que teñan atribuída exclusiva competencia, ou cando sexa preciso ou conveniente razoar a súa decisión. O decreto será sempre motivado e conterá, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito nos cales se basee a subseguinte parte dispositiva ou decisión.

c) Garantirán que a repartición de asuntos se realiza segundo as normas que para tal efecto aproben as salas de goberno dos tribunais de xustiza e serán responsables do bo funcionamento do rexistro de recepción de documentos, e expedirán, se é o caso, as certificacións que soliciten as partes nesta materia.

d) Será responsabilidade dos secretarios xudiciais a dación de conta, que se realizará nos termos previstos nas leis procesuais.

e) Nos casos en que os secretarios xudiciais consideren necesaria a súa intervención, documentarán os embargos, desaloxamentos e demais actos cuxa natureza o requira.

f) Expedirán os mandamentos, despachos e exhortos precisos para executar o acordado no procedemento, conforme o establecido nas leis procesuais.

Artigo 8. *Funcións como directores técnico-procesuais da oficina xudicial.*

a) Será competencia dos secretarios xudiciais a organización, xestión, inspección e dirección do persoal nos aspectos técnico-procesuais, e asegurarán en todo caso a coordinación cos órganos de goberno do poder xudicial e coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza. Con este fin, deberán ordenar a actividade do persoal e impartir as ordes e instrucións que estimen pertinentes no exercicio desta función, sen prexuízo das

competencias que en materia de organización e xestión de persoal lles correspondan ao Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas con traspasos recibidos.

b) O secretario xudicial deberá facer cumprir, no ámbito organizativo e funcional que lle é propio, as ordes e circulares que reciba dos seus superiores xerárquicos.

c) Para o exercicio destas funcións, tanto no ámbito das unidades procesuais de apoio directo como no ámbito dos servizos comúns, deberanse ater ao protocolo de actuación no procedemento. O dito protocolo será elaborado polo secretario coordinador provincial e aprobado polo secretario de goberno.

O protocolo aplicará os criterios xerais aprobados, de ser o caso, polo Consello Xeral do Poder Xudicial para homoxeneizar as actuacións dos servizos comúns procesuais da mesma clase en todo o territorio nacional. En todo caso, os protocolos adaptaranse ao deseño e á organización do servizo común establecido pola Administración pública competente, así como ás funcións asignadas a cada un dos postos nas relacións de postos de traballo. Correspóndelle ao secretario xudicial responsable de cada servizo velar polo cumprimento do contido do protocolo e inspeccionar a actividade cotiá do persoal da oficina.

O devandito protocolo para a tramitación dos procedementos debe ter carácter dinámico, en canto que poida ser modificado para adaptalo ás vicisitudes da oficina xudicial provocadas, entre outras circunstancias, pola mobilidade funcional, o fluxo de entrada de asuntos ou a experiencia adquirida polo seu funcionamento durante un período determinado de tempo.

O protocolo incluírá os criterios de prelación na tramitación dos asuntos, de conformidade co establecido nas leis e respectando as competencias procesuais dos xuíces e tribunais, os documentos normalizados que se empregarán en cada caso en concreto, as normas de actuación necesarias para a estandarización nas tarefas procesuais, as normas de actuación e comunicación entre as distintas unidades da oficina xudicial cando ambas deban intervenir na tramitación do procedemento, as medidas concretas necesarias para verificar o control de calidade do traballo procesual das oficinas xudiciais, así como a integración das instrucións recibidas das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza para garantir a efectividade das súas funcións en materia de organización e xestión de medios persoais e materiais ao servizo da Administración de xustiza e todos aqueloutros datos que o redactor do protocolo crea convenientes para a tramitación máis eficiente dos procedementos xudiciais.

A toma de posesión ou o cesamento do secretario xudicial correspondente non implica a derogación do protocolo que estea nese momento vixente, que só quedará sen efecto pola aprobación doutro posterior.

Artigo 9. *Funcións de colaboración e cooperación con outros órganos e administracións.*

a) Os secretarios xudiciais asegurarán a coordinación cos órganos de goberno do poder xudicial e coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza para posibilitar o exercicio das súas respectivas competencias de cara a conseguir un adecuado servizo público da xustiza.

b) Colaborarán coas ditas comunidades autónomas para a efectividade das funcións que estas posúan en materia de organización de medios persoais e materiais, dándolles cumprimento no ámbito competencial dos secretarios xudiciais ás instrucións que reciban para este efecto a través dos seus superiores xerárquicos, elaboradas polas administracións con competencias nesta mate-

ria. Para unha mellor coordinación constituiranse comisións mixtas de secretarios xudiciais e representantes das comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos territoriais, das cales formarán parte, polo menos, os secretarios coordinadores provinciais.

c) Colaborarán coa Administración tributaria na xestión dos tributos que se lles encomende na normativa específica.

d) Serán responsables de elaborar a estatística xudicial como instrumento básico ao servizo das administracións públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas relativas á Administración de xustiza.

Os secretarios xudiciais responsabilizaranse de elaborar a estatística segundo os criterios que estableza a Comisión Nacional de Estatística Xudicial, por cuxo cumprimento velarán os secretarios de goberno respectivos, contrastando a veracidade dos datos. Deberán respectar en todo caso o establecido nos plans estatísticos, xerais e especiais, da Administración de xustiza e os criterios uniformes e de cumprimento obrigado que sentase a comisión nacional en canto á obtención, tratamento informático e transmisión dos datos estatísticos.

e) Colaborarán coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza para que estas poidan levar a cabo as explotacións dos datos estatísticos que poidan ser obtidos a través dos sistemas informáticos e que as ditas administracións consideren necesarias ou útiles para a súa xestión.

Artigo 10. *Da policía de vistas.*

Correspóndelle ao secretario xudicial manter a orde en todas aquelas actuacións que se realicen unicamente perante el nas dependencias da oficina xudicial ou fóra delas, de ser o caso; para este efecto acordará o que proceda, así como amparar as persoas presentes nos seus dereitos, segundo o que dispón a Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 11. *Outras funcións.*

a) Promoverán o emprego dos medios técnicos, audiovisuais e informáticos de documentación con que conte a unidade onde presten os seus servizos.

b) Serán responsables do arquivo xudicial de xestión de conformidade coa normativa reguladora da ordeación de arquivos de autos e expedientes, así como do expurgo de arquivos xudiciais, cando fosen designados para isto pola Administración competente.

c) Responderán do depósito dos bens e obxectos afectos aos expedientes xudiciais, así como do das pezas de convicción nas causas penais, nos locais dispostos para tal fin. Todo isto sen prexuízo das excepcións que poidan establecerse legalmente en canto ao destino que se lles deba dar nos supostos especiais. Responderán, así mesmo, do debido depósito nas institucións que se determinen de cantas cantidades e valores, consignacións e fianzas se produzan, seguindo as instrucións que se diten para o efecto.

d) Facilitaranlles ás partes interesadas e a cantos manifesten e xustifiquen un interese lexítimo e directo a información que soliciten sobre o estado das actuacións xudiciais non declaradas secretas nin reservadas.

e) Os secretarios xudiciais realizarán todas aquelas funcións de natureza análoga ás que lles son propias, inherentes ao posto de traballo que ocupen e que lles sexan encomendadas polos seus superiores xerárquicos.

f) Asumirán calquera outra función establecida legal ou regulamentariamente.

Artigo 12. *Competencias procesuais.*

No ámbito procesual, os secretarios xudiciais actuarán de acordo coas competencias que lles atribúa a Lei orgánica do poder xudicial e as que establezan as normas de procedemento.

TÍTULO II

Da ordenación do corpo de secretarios xudiciais

CAPÍTULO I

Da ordenación xerárquica

Artigo 13. *Ordenación xerárquica.*

1) Baixo a superior dependencia do Ministerio de Xustiza, o corpo de secretarios xudiciais ordenarase xerárquicamente na forma que se determine nas relacións de postos de traballo.

2) Son órganos superiores do corpo de secretarios xudiciais os secretarios de goberno e os secretarios coordinadores provinciais.

3) Na estrutura do Ministerio de Xustiza existirá un órgano encargado da dirección e coordinación dos secretarios de goberno e do resto de secretarios xudiciais, cuxo titular se denominará secretario xeral da Administración de xustiza.

CAPÍTULO II

Órganos superiores

Artigo 14. *Secretarios de goberno.*

1) Haberá un secretario de goberno no Tribunal Supremo, na Audiencia Nacional e en cada tribunal superior de xustiza, así como nas cidades de Ceuta e Melilla, elixido entre membros integrantes do corpo de secretarios xudiciais que teñan consolidada, polo menos, a categoría segunda, cun mínimo de dez anos de antigüidade nela. O secretario de goberno exercerá, ademais, as funcións de secretario da sala de goberno do respectivo tribunal.

2) O secretario de goberno exercerá, como superior xerárquico, a dirección dos secretarios xudiciais que prestan os seus servizos nas oficinas xudiciais que dependen dos ditos tribunais e nos das cidades de Ceuta e Melilla. Para isto exercerá as competencias que a Lei orgánica do poder xudicial lle reconece, así como todas aquelas que se establecen neste regulamento.

3) As administracións públicas competentes, nos seus respectivos territorios, dotarán os secretarios de goberno dos medios materiais e recursos humanos necesarios para exercer as funcións que teñen atribuídas.

4) No Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza poderá existir un vicesecretario de goberno, que exercerá exclusivamente as funcións de secretario da sala de goberno, en ausencia do secretario de goberno dos respectivos tribunais. O nomeamento recaerá no secretario xudicial máis antigo dos destinados nos devanditos órganos e compatibilizará a dita función coas que lle correspondan no posto de traballo do que é titular.

Artigo 15. *Nomeamento e toma de posesión dos secretarios de goberno.*

1) Os secretarios de goberno dos tribunais superiores de xustiza serán nomeados libremente polo Ministerio

de Xustiza. O dito nomeamento realizarase por proposta do órgano competente da respectiva comunidade autónoma cando estas tivesen competencias asumidas en materia de Administración de xustiza, que tamén poderán propor o seu cesamento.

Para o nomeamento do secretario de goberno do Tribunal Supremo e o da Audiencia Nacional requirirase o informe favorable das súas respectivas salas de goberno.

Para o nomeamento dos demais secretarios de goberno solicitarase o informe da sala de goberno do tribunal respectivo. Para o das cidades de Ceuta e Melilla o informe será emitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía.

En todos os nomeamentos se solicitará o informe do Consello do Secretariado.

O nomeamento será por un prazo de cinco anos renovable por períodos iguais. Os secretarios de goberno poderán renunciar ao exercicio deste cargo por motivos debidamente xustificadas. A dita renuncia presentarse por escrito e deberá ser aceptada polo Ministerio de Xustiza, para o que deberá transcorrer un período mínimo de dous anos desde que comezaran o exercicio do seu cargo salvo que concorresen circunstancias excepcionais, que igualmente deben ser apreciadas. Da aceptación da renuncia daráselle coñecemento á respectiva comunidade autónoma.

2) Os nomeados prestarán xuramento ou promesa e tomarán posesión do seu cargo perante o ministro de Xustiza na data que se determine na orde ministerial en que se acorden os seus nomeamentos e, posteriormente, ante a sala de goberno do tribunal ou audiencia en que desempeñarán as funcións de secretarios de sala de goberno.

Artigo 16. *Competencias dos secretarios de goberno.*

Os secretarios de goberno terán as seguintes competencias, referidas en cada caso ao seu concreto ámbito de actuación:

a) A inspección dos servizos que sexan responsabilidade dos secretarios xudiciais do seu respectivo ámbito competencial, sen prexuízo da que lles corresponda ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ás salas de goberno ou, de ser o caso, ao presidente do tribunal ou da sala respectivos.

b) A incoación de expedientes disciplinarios polas posibles infraccións que os secretarios xudiciais poidan cometer no exercicio das súas funcións, así como para a imposición da sanción de apercibimento.

c) Proporlle ao Ministerio de Xustiza, de acordo co órgano competente das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, o nomeamento no seu ámbito territorial dos secretarios coordinadores provinciais de entre todos aqueles que participasen na correspondente convocatoria, así como o seu cesamento cando proceda. Con este fin, o secretario de goberno deberá presentarlle ao ministerio unicamente as propostas de designación de secretarios coordinadores provinciais que contén co informe favorable dos órganos competentes da comunidade autónoma de que se trate.

d) Propor o nomeamento e cesamento dos secretarios xudiciais de libre designación.

e) O control e o seguimento estatístico, para o que deberán velar por que todos os secretarios xudiciais cumpran os criterios establecidos pola Comisión Nacional de Estatística Xudicial e contrastar a veracidade dos datos por cantos medios consideren oportunos e resulten aprobados polo secretario xeral da Administración de xustiza.

f) A dirección e organización dos secretarios xudiciais que dependan del, respectando e tutelando a súa independencia no exercicio da fe pública.

g) Impartirlles instrucións aos secretarios xudiciais do seu respectivo ámbito territorial, por solicitude das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, cando sexa precisa a colaboración dos secretarios xudiciais coas ditas comunidades autónomas para garantir a efectividade das competencias que estas teñen en materia de organización e xestión de medios persoais e materiais ao servizo da Administración de xustiza.

h) Dirixirlles circulares e instrucións de servizo aos secretarios xudiciais do seu territorio, así como velar polo correcto cumprimento das que, pola súa vez, dirixa o Ministerio de Xustiza a través do secretario xeral da Administración de xustiza, as cales en ningún caso poderán supor unha intromisión no desenvolvemento da actividade procesual dos xuíces ou maxistrados nin contradicir as decisións adoptadas pola sala de goberno no ámbito das súas competencias. Tampouco poderán impartir instrucións particulares relativas a asuntos concretos en que un secretario xudicial interveña en calidade de fedatario ou no exercicio das súas competencias de ordenación e dirección do proceso.

i) Proporlle ao Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso á comunidade autónoma con competencias asumidas, as medidas que, ao seu xuízo, deberían adoptarse para o mellor funcionamento da Administración de xustiza que fosen da súa respectiva competencia, e comunicarlles ao Ministerio de Xustiza e á comunidade autónoma cantas incidencias afecten os secretarios xudiciais que dependan del.

j) Concederlles os permisos, licenzas e vacacións aos secretarios xudiciais do seu territorio.

k) Informar o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza sobre todas as comisións de servizo dos secretarios xudiciais do seu ámbito de competencia, así como proporlles aquelas que dentro do seu territorio sexan precisas para o correcto funcionamento das oficinas xudiciais.

l) A representación dos secretarios xudiciais nos actos solemnes e públicos, cando non asistise o secretario xeral da Administración de xustiza, e as relacións no seu ámbito territorial coa carreira xudicial, a carreira fiscal, os demais corpos da Administración xeral do Estado ou doutras administracións públicas, avogados e procuradores.

m) A designación, no prazo de tres días, dos secretarios xudiciais que deban intervir como instrutores dos expedientes disciplinarios dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, cando así llelo solicite a Administración competente para incoar o dito expediente.

n) Aprobar os protocolos de actuación nos procedementos a que se refire o artigo 8 deste regulamento.

o) Informar a sala de goberno, ben por propia iniciativa ben por instancia desta, de todos aqueles asuntos que, por afectar as oficinas xudiciais ou secretarios xudiciais que dependan del, exixan dalgún tipo de actuación.

p) Solicitalle ao presidente do tribunal a convocatoria de reunión da sala de goberno para tratar aqueles asuntos que, ao afectaren as oficinas xudiciais ou os secretarios xudiciais que dependan del, exixan algún tipo de actuación por parte da sala.

q) Proporlle ao Ministerio de Xustiza a lista de candidatos considerados idóneos para exercer como secretarios xudiciais substitutos no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.

r) As demais previstas nas leis e no presente regulamento orgánico.

s) Todas aquelas funcións inherentes ao cargo que lles sexan encomendadas polo secretario xeral da Administración de xustiza.

Artigo 17. *Secretarios coordinadores provinciais. Nomeamento e toma de posesión.*

1) En cada provincia haberá un secretario coordinador, que será nomeado e removido polo Ministerio de Xustiza mediante o procedemento de libre designación, por proposta do secretario de goberno do tribunal superior de xustiza respectivo, de acordo coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, de entre todos aqueles secretarios xudiciais que se presenten á convocatoria pública, para o que deberán contar con, polo menos, cinco anos de antigüidade na segunda categoría do corpo.

Ademais, na Comunidade Autónoma das Illes Baleares haberá un secretario coordinador nas illas de Menorca, Eivissa e Formentera, e na Comunidade Autónoma de Canarias, outro nas illas de Lanzarote e de La Palma.

Nas comunidades autónomas uniprovinciais as funcións do secretario coordinador serán asumidas polo secretario de goberno, salvo naquelas en que, por razón do servizo, sexa aconsellable a súa existencia.

O mandato dos secretarios coordinadores provinciais estenderase a un prazo de cinco anos, renovable, de ser o caso, por períodos iguais. Os secretarios coordinadores poderán renunciar ao exercicio deste cargo por motivos debidamente xustificadas. A dita renuncia presentarse por escrito e terá que ser aceptada polo Ministerio de Xustiza, para o que deberá ter transcorrido un período mínimo de dous anos desde que comezaran o exercicio do seu cargo, agás que concorresen circunstancias excepcionais, que igualmente deben ser apreciadas. Da aceptación da renuncia daráselle coñecemento á respectiva comunidade autónoma.

2) Os nomeados prestarán xuramento ou promesa e tomarán posesión do seu cargo perante o secretario de goberno do ámbito territorial correspondente.

3) Nos casos de ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante serán substituídos polo secretario xudicial que designe o secretario de goberno de entre os destinados na súa provincia respectiva que reúnan os requisitos exixidos para o seu nomeamento.

4) Procedemento para o seu nomeamento: unha vez que transcorra o prazo que se estableza na convocatoria correspondente para presentar as solicitudes, e despois de examinar e valorar todas elas, o secretario de goberno propondrá, logo do informe favorable da comunidade autónoma con traspasos asumidos, o candidato que considere máis idóneo para desempeñar o cargo de secretario coordinador, que será nomeado polo Ministerio de Xustiza. O ministerio non poderá proceder ao nomeamento dun secretario coordinador provincial ao cal a comunidade autónoma correspondente non lle outorgase o seu previo acordo.

En todos os nomeamentos se solicitará informe do Consello do Secretariado.

Artigo 18. *Competencias dos secretarios coordinadores provinciais.*

As competencias que exercerán os secretarios coordinadores provinciais, baixo a dependencia directa dos respectivos secretarios de goberno, serán as seguintes:

a) Ditalles instrucións de servizo aos secretarios xudiciais do seu ámbito territorial para o adecuado funcionamento dos servizos que teñen encomendados.

b) Controlar a correcta execución das circulares e instrucións de servizo que dite o secretario de goberno do cal dependan.

c) Darlle conta de forma inmediata ao secretario de goberno de cantos feitos sexan relevantes para o bo funcionamento da Administración de xustiza, así como das necesidades de medios persoais e materiais das oficinas xudiciais situadas no seu territorio.

d) Colaborar coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, para a efectividade das que estas posúan en materia de organización e xestión de medios persoais e materiais.

e) Organizar e distribuír o traballo dos secretarios xudiciais e dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que desempeñen os seus postos de traballo no conxunto das unidades procesuais de apoio directo a un determinado órgano colexiado que radique no mesmo municipio ou no conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais unipersoais da mesma orde xurisdiccional que radiquen no mesmo municipio, sen prexuízo das facultades que lles corresponden ao titular do órgano xudicial e ao secretario xudicial das unidades respecto dos funcionarios adscritos funcionalmente a estas.

f) Coordinar o funcionamento de cantos servizos comúns procesuais estean situados no seu territorio ou, de ser o caso, asumir directamente a súa dirección cando exista un único servizo común procesual provincial.

g) Velar pola correcta coordinación entre as unidades procesuais de apoio directo e os servizos comúns procesuais do seu respectivo territorio.

h) Proporlle ao Ministerio de Xustiza as comisións de servizo dos secretarios xudiciais que, dentro do seu territorio, sexan precisas para o funcionamento correcto das oficinas xudiciais mentres non se provexan as prazas polos procedementos ordinarios de provisión.

i) Resolver as substitucións dos secretarios xudiciais do seu ámbito de acordo coas regras e criterios establecidos neste regulamento, valorando, se é o caso, os requisitos que o substituto debe satisfacer en relación co posto que deba substituír.

j) Representar os secretarios xudiciais nos actos solemnes, públicos e nas relacións cos demais corpos do Estado, avogados e procuradores, salvo que asista o secretario de goberno.

k) Emitir informe sobre as peticións de vacacións, permisos e licenzas que soliciten os secretarios xudiciais da súa provincia.

l) Presidir as xuntas de secretarios que teñan lugar na súa provincia, segundo o que dispón este regulamento.

m) Incoarles expedientes disciplinarios aos secretarios xudiciais, nos cales poden impor a sanción de apercibimento.

n) Elaborar cantos protocolos de carácter técnico-procesual sexan necesarios para o correcto funcionamento das oficinas xudiciais da súa provincia, segundo o que establece o artigo 8 deste regulamento. Tamén poden facer seus ou emendar os protocolos propostos polos secretarios xudiciais que dirixan os servizos comúns procesuais.

o) Informar o Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, a comunidade autónoma con competencias asumidas, cando así o soliciten, sobre a creación ou modificación das relacións de postos de traballo que existen no seu ámbito territorial.

p) Darlles o curso legal ás queixas que reciban sobre as actuacións dos secretarios xudiciais no exercicio das súas funcións, para o que propondrán e acordarán as medidas que estimen pertinentes, ou llelas enviarán aos órganos competentes en función do seu contido.

q) Todas aquelas funcións inherentes ao cargo que lles encomende o secretario xeral da Administración de xustiza ou o secretario de goberno respectivo.

r) As demais previstas nas leis e neste regulamento orgánico.

Artigo 19. Cesamento dos secretarios de goberno e dos secretarios coordinadores provinciais.

1. Os secretarios de goberno e os secretarios coordinadores provinciais que cesaren no seu cargo quedarán adscritos, segundo a súa elección e ata que obteñan un posto de traballo con carácter definitivo, ao tribunal ou audiencia en que cesen, a un posto de traballo da súa categoría persoal en calquera oficina xudicial da localidade de procedencia, se houbese vacante nela no momento en que se produza o cesamento, ou á audiencia provincial da súa cidade de procedencia, no caso de non a haber.

2. Durante os dous anos posteriores á data do seu cesamento poderán optar con carácter preferente a calquera praza da súa categoría das que deban proverse por concurso voluntario, e así porán fin á situación de adscrición provisional que se regula na alínea anterior.

3. De non concursaren dentro do devandito prazo na forma indicada, malia a oferta de postos de traballo que lles correspondan á súa categoría na cidade de adscrición que se incluíse nestes concursos, unha vez que transcorran os dous anos de adscrición adxudicaráselles con carácter definitivo o primeiro posto de traballo vacante e que lles corresponda á súa categoría en calquera partido xudicial do territorio nacional.

4. No caso de que dentro do mencionado prazo de dous anos, contados desde a data do seu cesamento, non se ofertase nos concursos ningún posto de traballo que lle corresponda á categoría do secretario xudicial que cesou na cidade en que quedou adscrito, continuará en tal situación de adscrición ata o momento en que se produza a primeira vacante da súa categoría na dita cidade, que lle será automaticamente asignada.

CAPÍTULO III

Do secretario xeral da Administración de xustiza

Artigo 20. O secretario xeral da Administración de xustiza.

Incardinado na estrutura orgánica do Ministerio de Xustiza, o secretario xeral da Administración de xustiza é o órgano encargado da dirección e coordinación dos secretarios de goberno e do resto dos secretarios xudiciais.

Artigo 21. Competencias do secretario xeral da Administración de xustiza.

O secretario xeral da Administración de xustiza ten as seguintes competencias:

1) Dirixir e coordinar os secretarios de goberno e todos os integrantes do corpo de secretarios xudiciais, impartindo as instrucións e circulares que considere oportunas e velando polo seu cumprimento.

2) Supervisar e coordinar as ordes e instrucións convenientes para o servizo e a orde interna do corpo que diten os secretarios de goberno e, en xeral, a dirección, coordinación e inspección deste. Con este fin, as ordes, circulares, instrucións e comunicacións que emita directamente trasladaráselles aos secretarios xudiciais a través do superior xerárquico, a non ser que a urxencia do caso aconselle que se faga directamente ao destinatario; neste

caso comunicarallo inmediatamente ao secretario de goberno, sen que en ningún caso estas comunicacións poidan interferir nas competencias das administracións públicas con competencias en materia de xustiza.

Estas circulares e instrucións en ningún caso poderán supor unha intromisión no desenvolvemento da actividade procesual dos xuíces ou maxistrados nin contradicir as decisións adoptadas pola sala de goberno no ámbito das súas competencias. Non poderá tampouco impartir instrucións particulares relativas a asuntos concretos nos cales un secretario xudicial interveña en calidade de fedatario ou no exercicio das súas competencias de ordenación e dirección do proceso.

3) Designar os secretarios xudiciais que formen parte das xuntas de expurgo, segundo o que prevé a normativa reguladora da modernización dos arquivos xudiciais. Cando a xunta se constituía no territorio dunha comunidade autónoma con competencias asumidas, a designación do secretario xudicial que forme parte dela farase por proposta do seu órgano competente.

4) Aprobar as listas definitivas dos candidatos que se consideran idóneos para exercer como secretarios xudiciais substitutos no ámbito territorial de cada comunidade autónoma e enviarlles a lista aos secretarios de goberno para que estes lles remitan a cada secretario coordinador provincial a relación dos que deban exercer no seu ámbito de competencias.

5) Incoar e tramitar os expedientes disciplinarios que procedan en relación cos secretarios xudiciais, nos termos previstos no título VII deste regulamento.

6) Concederlles licenzas, permisos e vacacións aos secretarios de goberno.

7) Efectuar a inspección das secretarías de goberno e supervisar a que os secretarios de goberno realicen sobre os servizos da súa responsabilidade e ámbito de competencias, sen prexuízo da inspección que lles corresponda ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ás salas de goberno ou, de ser o caso, ao presidente do tribunal ou da sala respectivos.

8) Centralizar a información estatística que deba recibir o Ministerio de Xustiza a través dos secretarios de goberno e intervir nos órganos que se creen no ministerio para a explotación dos datos estatísticos do sistema xudicial español.

9) Presidir as comisións de valoración que se constituían para a provisión de postos de traballo singularizados mediante concursos específicos.

10) Realizar estudos de eficacia e rendemento dos órganos da Administración de xustiza no que garde relación cos servizos xestionados polo corpo de secretarios xudiciais. Destes estudos daralles traslado aos órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, nos seus respectivos ámbitos.

11) Ser oído verbo da elaboración das normas reguladoras da custodia e do destino dos bens depositados e dos obxectos afectos aos expedientes xudiciais, así como do das pezas de convicción nas causas penais, nos locais dispostos con este fin, e das excepcións que poidan establecerse regulamentariamente en canto ao destino que se lles deba dar en supostos especiais. Así mesmo, será oído no que respecta á elaboración das normas do debido depósito nas institucións que se determinen de cantas cantidades e valores, consignacións e fianzas se produzan.

12) Ser oído respecto da elaboración de cantas normas teñan por obxecto a regulación das funcións que lle correspondan ao corpo de secretarios xudiciais.

13) Cantas outras funcións lle sexan atribuídas polo presente regulamento ou as súas normas de desenvolvemento.

CAPÍTULO IV

Do Consello do Secretariado**Artigo 22. Consello do Secretariado.**

1) Como instrumento de participación democrática do colectivo do corpo de secretarios xudiciais, constituirase un Consello do Secretariado no seo do Ministerio de Xustiza, con funcións consultivas nas materias que afecten o mencionado corpo.

2) O Consello do Secretariado constituirase baixo a presidencia do titular da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e estará formado, ademais, por catro vogais natos e seis elixidos democraticamente por e entre os secretarios xudiciais en servizo activo por un período de catro anos, e un deles pertencerá necesariamente á terceira categoría.

3) Son vogais natos do Consello do Secretariado o director xeral de Relacións coa Administración de xustiza, que o presidirá, o secretario xeral da Administración de xustiza, que actuará como secretario, e tres vogais designados, que serán dous secretarios de Goberno e un secretario coordinador provincial designados polo Ministerio de Xustiza.

4) Serán electores todos os secretarios xudiciais que o día da correspondente elección estean en situación de servizo activo.

Artigo 23. Funcións do Consello do Secretariado.

Correspóndelle ao Consello do Secretariado:

a) Ser oído para a promulgación polo Ministerio de Xustiza de normas regulamentarias que afecten o corpo de secretarios xudiciais.

b) Ser oído sobre os criterios xerais que se establezan para asegurar a unidade de actuación do corpo de secretarios xudiciais, no que se refire á estruturación e funcionamento dos seus órganos.

c) Emitir informe nos supostos de rehabilitación que se establecen neste regulamento.

d) Emitir os informes que lle solicite o secretario xeral da Administración de xustiza en cantas materias considere oportuna a opinión do Consello.

e) Ser oído nas propostas pertinentes respecto do nomeamento dos diversos cargos que exixa a lei e o regulamento.

f) Ser oído en canto á elaboración das correspondentes relacións de postos de traballo dos secretarios xudiciais.

g) Emitir informe nas reclamacións que poidan formularse en relación coa escala do corpo de secretarios xudiciais.

h) Ser oído verbo da elaboración dos plans de formación inicial e continuada dos secretarios xudiciais.

i) Informar dos nomeamentos dos secretarios de goberno e dos secretarios coordinadores provinciais.

j) As demais atribucións que este regulamento, a lei ou outras disposicións lle confiran.

Artigo 24. Proceso electoral. Substitución de membros electos.

1) A elección dos membros do Consello do Secretariado levarase a cabo de acordo coas seguintes regras:

a) A elección levarase a cabo mediante o voto persoal, libre, igual, directo e secreto, e admitirase o voto por correo. Deberá convocarse con dous meses de antelación á terminación do mandato dos anteriores membros electivos.

b) As candidaturas serán abertas e combinables entre si, de xeito que cada votante poida exercer libremente o seu dereito de voto sen se suxeitar necesariamente aos nomes comprendidos nunha mesma candidatura. Non obstante, ningún candidato poderá formar parte de máis dunha candidatura.

c) As listas de candidatos deberán incluír o mesmo número destes que o de postos para cubrir, xunto cos correspondentes substitutos. O substituto dos candidatos da terceira categoría deberá pertencer igualmente a esta categoría. Para que poidan ser presentadas as listas batará con que conste o consentimento daqueles que as integren, aínda que tamén poderán ser avaladas por un grupo de electores, por unha asociación profesional legalmente constituída ou por unha organización sindical.

d) Os electores poderán dar o seu voto a un máximo de catro candidatos.

e) Resultarán proclamados os seis candidatos cun maior número de votos, sempre que entre eles figure un secretario pertencente á terceira categoría. De non ser así, resultarán proclamados os cinco candidatos cun maior número total de votos e o secretario da terceira categoría que resultase máis votado.

2) Correspóndelle ao Ministerio de Xustiza convocar as eleccións e ditar as instrucións necesarias para a súa organización e, en xeral, para a correcta realización do proceso electoral. Co obxecto de facilitar o exercicio do dereito ao sufraxio, as votacións poderán realizarse en horario de mañá e tarde.

3) Para os efectos do disposto neste artigo constituirase unha Xunta Electoral Central na sede do Tribunal Supremo, que será presidida polo secretario de goberno do referido órgano e integrada, ademais, por dous secretarios xudiciais, que serán o máis antigo da segunda categoría e o máis moderno da terceira da provincia de Madrid.

A esta xunta electoral correspóndelle proclamar as listas de candidatos, así como os resultados, que se lles comunicarán ao Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas con traspasos asumidos, e, en xeral, dirixir e ordenar todo o proceso electoral.

4) Na sede de cada audiencia provincial constituirase unha mesa electoral, presidida polo secretario coordinador e integrada, ademais, por dous secretarios xudiciais, que serán o máis antigo da segunda categoría e o máis moderno da terceira da provincia. Estas mesas presidirán o acto da votación, escrutarán os votos e comunicaránlle os resultados obtidos á Xunta Electoral Central. Corresponderalles, igualmente, dirixir e organizar o proceso no seu ámbito territorial, seguindo as instrucións da xunta central.

5) Nos supostos de cesamento anticipado, por calquera causa, dalgún dos membros elixidos do Consello do Secretariado, incluído o cambio de categoría do secretario xudicial da terceira se houberse soamente un no Consello, o seu posto será cuberto polo suplente que corresponda.

6) Se se tratase dun membro electo e o substituto tamén cesase, o posto será cuberto polo candidato non elixido que obtivese maior número de votos. De non restaren candidatos electos, convocaranse eleccións parciais para cubrir o posto ou postos vacantes.

7) A mesma convocatoria de eleccións parciais deberá producirse cando cambie tamén de categoría o secretario xudicial da terceira que substituíse o proclamado inicialmente.

Artigo 25. Funcionamento do Consello do Secretariado.

1) O Consello do Secretariado reunirse ordinariamente dúas veces ao ano e, ademais, cando deba ser oído para o nomeamento dos secretarios de goberno. Poderá,

ademais, reunirse en sesión extraordinaria por iniciativa do presidente ou por pedimento da maioría dos vogais membros do corpo de secretarios xudiciais.

2) Para que poida considerarse válida a constitución do Consello para os efectos de realizar sesións, deliberacións e toma de acordos, será necesaria a presenza do presidente e do secretario, ou dos que os substitúan, e da metade, polo menos, do resto dos vogais.

3) Os acordos serán adoptados por maioría simple, en que será dirimente o voto do presidente en caso de empate.

4) O secretario redactará acta de cada sesión, na cal fará constar os asistentes, a orde do día, as circunstancias de lugar e tempo, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados, coa indicación dos votos emitidos. Os conselleiros que discrepen do acordo maioritario poderán formular, por escrito, voto particular no prazo das corenta e oito horas seguintes á súa adopción, que se incorporará ao texto aprobado.

5) As actas aprobaranse na sesión seguinte; non obstante, o secretario poderá emitir certificación dos acordos adoptados, na cal fará constar esta circunstancia.

6) Os membros do Consello do Secretariado terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo que poidan corresponderlles de acordo coa lexislación vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado.

CAPÍTULO V

Das xuntas de secretarios xudiciais

Artigo 26. *Xuntas de secretarios xudiciais.*

1) Os secretarios xudiciais poderán reunirse en xuntas, xerais ou sectoriais, baixo a presidencia do secretario coordinador provincial para as xuntas xerais e tamén para as sectoriais que se realicen naquelas localidades en que os órganos unipersonais dunha mesma orde xurisdiccional excedan de dez. Nas localidades que non alcancen este número, as xuntas sectoriais presidiráas o secretario xudicial máis antigo, se non asistise o coordinador provincial.

2) As xuntas poderán reunirse para organizar e tratar asuntos comúns ou sobre os que estimaren conveniente que se lle dirixa exposición ao secretario de goberno correspondente.

3) A xunta será convocada, logo de lles remitir aos asistentes a correspondente convocatoria e a orde do día, unha vez atendido o ámbito de competencia provincial ou de partido xudicial, polo secretario que a presida cando este o estime necesario ou cando o soliciten, polo menos, a cuarta parte dos secretarios xudiciais do dito ámbito.

4) A xunta considerarase validamente constituída para tomar acordos, que se adoptarán por maioría simple, cando asistan a metade máis un dos seus membros.

5) Actuará como secretario da xunta o secretario xudicial máis moderno na escala dos asistentes, que será o encargado de redactar as actas dos acordos das xuntas, así como de conservarlas e de expedir as súas certificacións, do que deberá remitirle testemuño ao secretario de goberno para o seu arquivo e coñecemento para os efectos que procedan.

6) Nas xuntas que sexan presididas polo secretario coordinador provincial, este coidará da adecuada transmisión das instrucións de servizo aos secretarios xudiciais, así como do control da correcta execución das circulares e instrucións de servizo que dite o secretario de goberno do cal dependa, sen prexuízo de que estas competencias poidan exercelas polos demais medios que considere convenientes.

7) Así mesmo, o secretario coordinador provincial ocuparase nestas xuntas de comprobar o axeitado funcionamento dos protocolos de actuación procedemental vixentes nas distintas unidades da oficina xudicial.

TÍTULO III

Da carreira administrativa

CAPÍTULO I

Adquisición e perda da condición de secretario xudicial

SECCIÓN 1.^a ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE SECRETARIO XUDICIAL. INGRESO NO CORPO. SISTEMAS DE SELECCIÓN. PROCESO DE SELECCIÓN

Artigo 27. *Adquisición da condición de secretario xudicial.*

A condición de secretario xudicial adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- Reunir os requisitos e cumprir as condicións exixidas na convocatoria.
- Superar o proceso selectivo establecido.
- Nomeamento expedido polo ministro de Xustiza e publicado no Boletín Oficial del Estado.
- Xuramento ou promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo e cumprir e facer cumprir a Constitución como norma fundamental.
- Tomar posesión dentro do prazo establecido.

Artigo 28. *Réxime aplicable.*

O ingreso no corpo realizarase mediante convocatoria pública e rexerese polas bases desta. As devanditas bases negociaranse, unha vez oído o Centro de Estudos Xurídicos e as asociacións profesionais de secretarios legalmente constituídas, coas organizacións sindicais máis representativas e requirirán o informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas. As bases aprobaranse por orde do ministro de Xustiza que será publicada no Boletín Oficial del Estado de acordo coas previsións da oferta de emprego público para o sector estatal.

As comunidades autónomas instarán do Ministerio de Xustiza a convocatoria das correspondentes oposicións cando existisen vacantes no ámbito territorial respectivo.

Artigo 29. *Sistemas selectivos.*

1) O ingreso no corpo de secretarios xudiciais levarase a cabo a través dos sistemas de oposición, que será o sistema ordinario de ingreso, e, con carácter excepcional, mediante o sistema de concurso-oposición libre, nos cales se garantirán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade, na forma que dispón a Lei orgánica do poder xudicial e este regulamento.

2) Os procesos de selección incluírán a realización dun curso teórico-práctico, que terá carácter selectivo, no Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza.

Artigo 30. *Ingreso no corpo de secretarios xudiciais polo sistema de oposición libre.*

1) A oposición libre é o sistema ordinario de ingreso no corpo e consiste na realización das probas que se establezan na convocatoria, mediante as cales se determinará a capacidade e a aptitude dos aspirantes, e dun curso teórico-práctico de carácter selectivo que se desenvolverá segundo o previsto no artigo 41 deste regulamento.

2) A convocatoria para a provisión de prazas polo sistema de oposición libre realizaraa o Ministerio de Xustiza polo menos unha vez cada dous anos, de conformidade coa oferta de emprego público.

3) As probas de coñecemento constarán dos exercicios cuxa determinación e contido se recollerán nas bases da convocatoria respectiva, e deberán desenvolverse estes, en todo caso, con suxeición ao correspondente programa de materias que previamente se publique.

Artigo 31. *Ingreso no corpo de secretarios xudiciais polo sistema de concurso-oposición libre.*

1) O ingreso no corpo de secretarios xudiciais por este sistema terá carácter excepcional e constará de dúas fases: a primeira, consistirá na realización das probas de coñecemento de contido análogo ás da oposición libre que se establezan na convocatoria, para determinar a capacidade e a aptitude dos aspirantes; a segunda, na comprobación e cualificación de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia na forma recollida na convocatoria. Ademais, os aspirantes deberán superar un curso teórico-práctico, de carácter selectivo, que se desenvolverá conforme o previsto no artigo 41 deste regulamento.

2) O Ministerio de Xustiza, coa aprobación dos ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas, poderá convocar este concurso-oposición con carácter excepcional e cando o considere imprescindible para as necesidades do servizo, como medida tendente á consolidación de emprego temporal que permita unha diminución da alta porcentaxe de eventualidade que puidese existir no corpo e que non fose absorbida polos sistemas ordinarios de ingreso.

3) O Ministerio de Xustiza aprobará unha orde que conteña o temario ao cal se axustará a fase de oposición, sen que a redución deste poida ser superior ao trinta e cinco por cento do programa de acceso polo sistema de oposición libre. Na mesma orde establecerase a gradación das puntuacións e a valoración máxima en conxunto de cada un dos méritos que lles correspondan aos solicitantes, e que se avaliarán na fase de concurso.

Artigo 32. *Promoción interna.*

1) Os funcionarios de carreira do corpo ou da escala de xestión procesual e administrativa poderán acceder ao corpo de secretarios xudiciais por promoción interna sempre que leven polo menos dous anos de servizos efectivos naquel corpo ou escala ou no de oficiais da Administración de xustiza e cumpran todos e cada un dos requisitos establecidos no artigo 37 deste regulamento no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

2) O sistema de acceso por promoción interna será o de concurso-oposición, que se convocará conxuntamente coa quenda libre e terá lugar con anterioridade a este. Reservarase o cincuenta por cento das prazas vacantes do corpo de secretarios xudiciais para a súa provisión por este sistema. As vacantes que, se é o caso, non se cubran despois de finalizadas as probas selectivas e antes da realización do curso de prácticas, acumularanse á quenda libre.

3) Para a fase de oposición, que terá carácter eliminatorio e se realizará en primeiro lugar, a convocatoria poderá establecer a exención de probas sobre aquelas materias cuxo coñecemento fose acreditado suficientemente nas de ingreso ao corpo de xestión procesual e administrativa, sen que en ningún caso a redución de contidos poida ser superior ao cincuenta por cento do programa de acceso polo sistema de oposición libre. A fase de concurso, de carácter non eliminatorio, consistirá na valoración da antigüidade, do traballo desenvolto e

dos cursos de formación acreditados relacionados coas funcións propias do corpo de secretarios xudiciais.

4) O tribunal que teña que avaliar as probas de ingreso no corpo de secretarios xudiciais por promoción interna será o mesmo que xulgue a oposición libre, designado conforme o establecido no artigo 33 deste regulamento.

Artigo 33. *Tribunais de selección.*

1) O tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso no corpo de secretarios xudiciais será nomeado para cada convocatoria.

2) Estará constituído por un número impar de membros e presidido por un secretario xudicial de primeira categoría, e serán vogais: un maxistrado, que substituirá –se fose necesario– o presidente; un fiscal; un catedrático ou un profesor titular de universidade de disciplinas xurídicas; un avogado con máis de dez anos de exercicio profesional; un funcionario do grupo A dos destinados no Ministerio de Xustiza, licenciado en dereito, un avogado do Estado e dous funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, un dos cales actuará como secretario con voz e voto. Cando non sexa posible designar un avogado do Estado, poderá nomearse un segundo funcionario do grupo A dos destinados no Ministerio de Xustiza.

3) O tribunal será nomeado polo ministro de Xustiza; o maxistrado será nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial; o fiscal por proposta do fiscal xeral do Estado; o funcionario do Ministerio de Xustiza designado pola Subsecretaría do departamento ou o avogado do Estado designado pola Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado; os secretarios xudiciais por proposta do secretario xeral da Administración de xustiza; o catedrático ou profesor titular por proposta do Consello de Coordinación Universitaria, e o avogado por proposta do Consello Xeral da Avogacía Española.

4) Os tribunais non poderán constituírse nin actuar sen a presenza do presidente e do secretario, ou de quen os substitúa, e de, polo menos, a metade dos restantes membros. A convocatoria das sesións efectuaráa o secretario por orde do presidente, cunha antelación mínima de corenta e oito horas á súa realización, con indicación da orde do día na cal se inclúan os asuntos que se van tratar na sesión. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do tribunal que fosen citados e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Todos os acordos serán adoptados por maioría de votos, dos cales será de calidade o do presidente no caso de empate. O secretario redactará unha acta de cada unha das sesións que se realicen, acta que será lida na seguinte sesión e que, despois de feitas –se é o caso– as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente. Consignarase nas actas necesariamente o día, a hora e o obxecto da reunión, así como os votos particulares que puidesen formular os membros do tribunal presentes.

5) Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir no proceso de selección e comunicarllo ao presidente, quen pola súa vez o porá en coñecemento do Ministerio de Xustiza, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os aspirantes, polos mesmos motivos, poderán promover a recusación no prazo que se determine na convocatoria ou, por causas sobrevidas, en calquera momento da tramitación do proceso selectivo. O incidente de recusación resolverase de acordo co previsto no artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común.

6) Non poderán formar parte dos tribunais os que posúan a condición de alto cargo, segundo a súa respectiva regulación, nin aqueles que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

7) Poderá preverse a actuación simultánea de dous ou máis tribunais nunha mesma oposición ou concurso se o número de aspirantes o fixese aconsellable, que actuarán coordinados polo tribunal número un.

8) Constituirase, así mesmo, un tribunal suplente que terá o mesmo número de membros e igual composición que o titular.

9) As resolucións do tribunal vincularán a Administración, que poderá, se é o caso, proceder á súa revisión de acordo co disposto no artigo 102 e seguintes da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interperse o correspondente recurso dealzada perante o ministro de Xustiza.

Artigo 34. *Dereitos e deberes dos membros dos tribunais.*

1) É competencia dos tribunais o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas con plena independencia funcional. No exercicio deste cometido están sometidos á Lei orgánica do poder xudicial, ao presente regulamento e ás bases da respectiva convocatoria.

2) Son dereitos e deberes fundamentais dos membros dos tribunais:

a) Asistir ás reunións convocadas e participar nas deliberacións con voz e voto.

b) Desempeñar as tarefas que en tales reunións se acorde encomendarlles, na forma e no prazo determinados.

c) Absterse se concorre algunha causa de abstención.

d) Observar unha estrita imparcialidade respecto dos participantes no proceso selectivo e valoralos unicamente con criterios obxectivos fundamentados nas probas realizadas.

e) Velar polo estrito cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os sexos.

f) Gardar segredo respecto dos asuntos que coñezan e a documentación á cal teñan acceso por razón da súa pertenza ao tribunal, deber este que supón especialmente a prohibición de:

Divulgar o resultado, as puntuacións ou calquera outro dato relativo ás probas e ás cualificacións antes da súa promulgación oficial.

Proporcionar información sobre o contido dos exercicios e das propostas presentadas para a súa elaboración.

Artigo 35. *Convocatorias.*

1) O ministro de Xustiza, mediante orde ministerial, aprobará as convocatorias logo de informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas.

2) As convocatorias publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

3) As convocatorias e as súas bases vinculan a Administración, os tribunais que teñen que avaliar as probas selectivas e a quen participe na convocatoria. Unha vez que se publiquen, soamente poderán ser modificadas con suxeición estrita ás normas da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 36. *Contido das convocatorias.*

As convocatorias deberán conter, como mínimo, os seguintes extremos:

1) Número das prazas convocadas con indicación, se é o caso, das reservadas para a promoción interna.

2) Declaración expresa de que non poderá superar o proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas, polo que serán nulas de pleno dereito as propostas que contraveñan esta limitación.

3) Órgano ao cal se deben dirixir as solicitudes de participación.

4) Condicións e requisitos que deben reunir os aspirantes referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5) Sistema selectivo.

6) Probas selectivas que deban realizarse e, se é o caso, relación de méritos que se terán en conta e baremo que se vai aplicar para o concurso-oposición, de acordo co previsto na orde ministerial a que se refire o artigo 31 deste regulamento.

7) Forma de designación dos tribunais cualificadores.

8) Sistema de cualificación.

9) Temario que debe rexer as probas, segundo o establecido na orde ministerial que regule as bases da convocatoria, ou indicación, se é o caso, do Boletín Oficial del Estado en que se publicase con anterioridade.

10) Modo en que as persoas con discapacidade deberán formular, se é caso, a súa petición das adaptacións posibles, en canto a tempo e medios, para realizen as probas.

11) Duración máxima do proceso de realización dos exercicios. En todo caso, desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e máximo de 45 días naturais.

12) Orde de actuación dos aspirantes, segundo o sorteo que cada ano realiza a Secretaría de Estado para as Administracións Públicas.

13) Determinación das características, duración, prazo máximo para o comezo e centro responsable da avaliación do curso teórico-práctico de carácter selectivo.

Artigo 37. *Solicitudes e requisitos.*

1) A solicitude para participar nos procedementos de ingreso, axustada ao modelo oficial aprobado polo Ministerio de Xustiza, efectuarase nos prazos e coas condicións fixadas na correspondente convocatoria.

2) Os impresos oficiais das ditas solicitudes facilitaranse gratuitamente na sede do Ministerio de Xustiza, unidades administrativas do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas e na dos tribunais superiores de xustiza, audiencias provinciais e secretarías de Goberno. Tamén se poderán descargar a través da páxina web do Ministerio de Xustiza.

3) No texto das solicitudes deberá figurar a manifestación expresa de que o interesado reúne os requisitos exixidos na convocatoria con referencia á data en que expire o prazo establecido para presentalas, así como o compromiso de prestar o xuramento ou a promesa previstos no artigo 443.1.d) da Lei orgánica do poder xudicial e de observar o réxime de incompatibilidades para xuíces e maxistrados que establece esta lei.

4) Para seren admitidos e tomaren parte nas probas selectivas correspondentes, os aspirantes deberán reunir, na data de expiración do prazo de presentación das solicitudes, todas e cada unha das condicións seguintes:

a) Ser español e maior de idade.

b) Ser licenciado en dereito.

c) Non ter sido condenado nin estar procesado ou inculpado por delito doloso a menos que recaese un auto de sobresemento firme ou se cancelasen os antecedentes penais.

d) Atoparse no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

e) Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, de calquera corpo do Estado, das comunidades autónomas ou das administracións locais, nin suspendido para o exercicio das funcións públicas, na vía disciplinaria ou xudicial, salvo que fose debidamente rehabilitado.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psicolóxico que lle impida o desempeño do cargo.

Artigo 38. *Reserva de prazas e admisión ao proceso selectivo de persoas discapacitadas.*

1) Nas convocatorias reservárase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas por persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes na forma que se determina neste regulamento. As prazas así reservadas que non resulten cubertas ao finalizar as probas selectivas acumularanse á quenda libre.

2) Nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de secretarios xudiciais serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes. As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psicolóxicas ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

3) A opción ás prazas reservadas ao abeiro desta disposición deberá formularse na solicitude de participación na convocatoria, coa declaración expresa dos interesados de que reúnen o grao de discapacidade requirido, acreditado mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, se é o caso, da comunidade autónoma competente, e da compatibilidade para o desempeño das funcións e das tarefas inherentes ao corpo a que se refire a alínea primeira.

4) As probas selectivas, incluíndo o período de prácticas, realizaranse en condicións de igualdade cos demais aspirantes, segundo os principios de igualdade de oportunidades, accesibilidade universal, non-discriminación e compensación de desvantaxes, e procederase, no caso de que así se solicite, ás adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo e de medios para súa realización. Tal petición deberá formularse na solicitude para participar nos procedementos de ingreso. Para tal efecto, os tribunais poderán requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, da sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou das comunidades autónomas.

5) Se no desenvolvemento dos procesos selectivos se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante con discapacidade para desempeñar as actividades que habitualmente desenvolven os secretarios xudiciais, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, se é o caso, da comunidade autónoma correspondente. Neste suposto, mentres se emita o ditame, o aspirante poderá participar condicionalmente no proceso selectivo, e quedará en suspenso a resolución definitiva sobre a súa admisión ou exclusión ata a recepción do ditame.

Artigo 39. *Listas de admitidos e excluídos.*

1) Concluído o prazo de presentación das solicitudes, o Ministerio de Xustiza, no prazo que se estableza na convocatoria, declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos mediante unha resolución que se publicará no Boletín Oficial del Estado, onde se expresarán as causas da exclusión e se sinalará un prazo de dez días hábiles para as correccións, así como o lugar no cal se atopan expostas ao público as listas certificadas completas de admitidos e excluídos e a data de comezo dos exercicios.

2) Os prazos para a interposición dos posibles recursos ou impugnacións comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial del Estado.

3) As listas provisionais de admitidos e excluídos deberán exporse en todo caso nos taboleiros de anuncios do Ministerio de Xustiza, das unidades administrativas do Ministerio de Xustiza e das comunidades autónomas, dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais, así como na páxina web do Ministerio de Xustiza.

4) Concluído o prazo para a corrección dos defectos e para a presentación das reclamacións, o Ministerio de Xustiza resolverá acerca destas últimas e elevará a definitiva a relación de admitidos e excluídos dentro dos quince días naturais seguintes. Igualmente designará e publicará a composición do tribunal ou tribunais cualificadores.

Artigo 40. *Relación de aprobados e achega de documentación.*

1) Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará a relación de aprobados e elaborará dúas listas independentes, unha para a promoción interna e outra para a quenda libre, nas cales se incluírán os candidatos aptos en cada un dos sistemas de acceso pola orde da puntuación obtida, e elevaralle ao Ministerio de Xustiza as ditas propostas de aprobados para a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

2) Os aspirantes propostos achegarán ante o Ministerio de Xustiza, para o seu nomeamento como funcionarios en prácticas, os documentos acreditativos dos requisitos exixidos na convocatoria, dentro do prazo de vinte días naturais desde a publicación a que se refire a alínea anterior.

3) Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non presentase a documentación requirida ou desta se deducise que carece dalgún dos requisitos exixidos, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que, se é o caso, puidese incorrer por falsidade na solicitude de participación.

4) Os que xa tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos acreditados para obteren o seu anterior nomeamento, polo que deberán presentar unicamente unha certificación do ministerio ou organismo no cal presten os seus servizos, en que conste a súa condición e demais circunstancias requiridas para o seu nomeamento.

Artigo 41. *Funcionarios en prácticas.*

1) Os aspirantes que superasen as probas selectivas serán nomeados funcionarios en prácticas e seguirán un curso que terá carácter, así mesmo, selectivo no Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza, curso que se desenvolverá e resolverá conforme o previsto na normativa reguladora do centro e que, en todo caso, constará dun período de aprendizaxe teórico-práctica no propio centro por un tempo non inferior a dous meses, e doutro período posterior de prácticas tuteladas nas oficinas xudiciais por un tempo non inferior a catro meses.

2) Os aspirantes que non superen o curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, poderán incorporarse ao inmediatamente posterior, coa puntuación asignada ao último dos aprobados nas probas selectivas na fase de oposición ou concurso-oposición do dito proceso selectivo. Quen non superase o curso tampouco nesta segunda ocasión perderá todos os seus dereitos ao nomeamento como secretario xudicial, derivados das probas de acceso que aprobouse.

3) Quen non puidese realizar o curso por causa de forza maior debidamente xustificada e apreciada pola Dirección do Centro de Estudos Xurídicos, poderá efectualo con posterioridade, incorporándose ao inmediato que se convoque da mesma clase, salvo imposibilidade manifesta e por unha soa vez, e conservando a puntuación obtida na oposición ou concurso-oposición previos.

Artigo 42. *Dereitos e deberes dos funcionarios en prácticas.*

1) Os funcionarios en prácticas terán dereito a percibir unha retribución equivalente ao soldo e as pagas extraordinarias correspondentes ao corpo de secretarios xudiciais da terceira categoría.

Os funcionarios en prácticas que xa estivesen prestando servizos remunerados na Administración de xustiza, durante o período de prácticas non poderán percibir remuneración ningunha polo posto de traballo de orixe e poderán optar por unha remuneración de igual importe á que lles correspondía no posto de traballo de orixe ou pola que lles corresponda como funcionario en prácticas, de acordo co disposto na alínea anterior.

Se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe sinalado no número un deste artigo incrementarase coas retribucións complementarias do dito posto.

As retribucións aboaraas o Centro de Estudos Xurídicos.

2) Terán igualmente dereito á concesión de permisos por causas debidamente xustificadas, pero o seu outorgamento non os eximirá en ningún caso do nivel de asistencia mínimo exixido para a superación do período de prácticas.

3) Os funcionarios en prácticas asistirán á sede do Centro de Formación ou aos lugares onde se desenvolvan as actividades prácticas con suxeición ao calendario e ao horario establecidos.

4) As actividades desenvoltas durante o período de prácticas terán, para os efectos disciplinarios, o carácter de función ou servizo público. Os funcionarios en prácticas incorrerán en responsabilidade disciplinaria nos supostos e cos efectos previstos no título VII deste regulamento.

5) Os funcionarios en prácticas dependerán organicamente da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Artigo 43. *Nomeamento.*

1) Concluído o proceso selectivo, os aspirantes que o superasen, cuxo número non poderá exceder en ningún caso ao de prazas convocadas, serán nomeados secretarios xudiciais por orde do ministro de Xustiza.

2) Os nomeamentos publicaranse no Boletín Oficial del Estado e comunicaránse ao secretario de goberno do tribunal superior de xustiza a quen corresponda dar posesión aos nomeados.

Artigo 44. *Xuramento ou promesa.*

1) A condición de secretario xudicial adquirírase coa toma de posesión no primeiro destino, tras do xuramento ou promesa prestados coa fórmula seguinte: «Xuro (ou

prometo) cumprir e facer cumprir fielmente e en todo tempo a Constitución e o resto do ordenamento xurídico, lealdade á Coroa, e cumprir fielmente as obrigas do meu cargo de secretario xudicial».

2) O xuramento ou promesa prestarase perante o secretario de goberno do tribunal superior de xustiza a cuxo territorio fosen destinados.

3) O que se negase a prestar xuramento ou promesa entenderase que renuncia ao cargo e a formar parte do corpo, e o secretario de goberno a que se refire o punto anterior deberá darlle conta disto ao Ministerio de Xustiza.

Artigo 45. *Toma de posesión.*

1) A toma de posesión realizarase na oficina xudicial á cal fose destinado e dará a posesión o secretario xudicial que estivese exercendo o cargo, quen a formalizará, no documento que para tal efecto determine o Ministerio de Xustiza, e lla remitirá a este por medio do secretario de goberno, para que conste no expediente persoal do interesado.

2) O prazo para tomar posesión do cargo de secretario xudicial é o de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da data da publicación do nomeamento no Boletín Oficial del Estado. En todo caso, a referida toma de posesión terá lugar dentro dos tres días seguintes ao da prestación do xuramento ou promesa.

3) O que non acudise a tomar posesión no prazo previsto, sen causa xusta, entenderase que renuncia ao cargo e a formar parte do corpo, o que se lle comunicará ao Ministerio de Xustiza de igual maneira á prevista no número 1 deste artigo.

4) Se concorre un impedimento xusto, o Ministerio de Xustiza, por instancia do interesado e apreciadas as circunstancias que concorran, poderá ampliar na medida necesaria tales prazos.

SECCIÓN 2.^a *PERDA DA CONDICIÓN DE SECRETARIO XUDICIAL*

Artigo 46. *Causas.*

A condición de secretario xudicial pérdese nos seguintes supostos:

- a) Renuncia.
- b) Perda da nacionalidade española.
- c) Sanción disciplinaria de separación do servizo.
- d) Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de cargos públicos.
- e) Condena á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso. Os tribunais que ditaren estas sentenzas deberánlle remitir un testemuño delas ao Ministerio de Xustiza, unha vez que gañasen firmeza.
- f) Xubilación forzosa, voluntaria ou por incapacidade permanente para o servizo.

Artigo 47. *Renuncia.*

1) A renuncia será voluntaria, manifestada por escrito e aceptada expresamente polo Ministerio de Xustiza, polo que non terá efecto ata que a súa aceptación lle sexa comunicada ao interesado. Esta renuncia non inhabilita para obter un novo ingreso na Administración pública a través dos procedementos de selección establecidos.

2) Considerarase renuncia negarse a prestar xuramento ou promesa, así como a falta de toma de posesión, conforme o establecido nos artigos 44 e 45 deste regulamento. Nestes supostos non será precisa manifestación

por escrito nin aceptación expresa para que a renuncia produza efectos, e non procederá a rehabilitación.

Artigo 48. *Perda e recuperación da nacionalidade española.*

Os secretarios xudiciais que se visen privados da súa condición pola perda da nacionalidade española poderán solicitar a rehabilitación de conformidade co procedemento regulado neste regulamento.

Artigo 49. *Separación do servizo por sanción disciplinaria.*

A separación do servizo acordaraa, se é o caso, o ministro de Xustiza tras a instrución do correspondente expediente disciplinario.

Artigo 50. *Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de cargos públicos.*

1) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta produce a perda da condición de funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que tivese o condenado.

2) A pena principal ou accesoria de inhabilitación especial produce a perda da condición de funcionario respecto dos empregos ou cargos especificados na sentenza.

3) En todo caso, a perda da condición de secretario xudicial polas causas previstas neste artigo producirase cando a sentenza sexa firme.

Artigo 51. *Xubilación.*

1) Os secretarios xudiciais poderanse xubilar voluntaria ou forzosamente. Tamén se poderán xubilar por incapacidade permanente para o exercicio da súa función.

2) A xubilación producirase mediante resolución ditada para o efecto polo director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, a quen tamén lle corresponderá a tramitación do procedemento, na forma que se determina a seguir para cada tipo de xubilación.

3) O dito procedemento adaptarase ás especialidades contidas na normativa reguladora do réxime xeral da Seguridade Social cando se trate de funcionarios cuxo sistema de cobertura social sexa o dito réxime.

Artigo 52. *Xubilación voluntaria.*

1) Os secretarios xudiciais poderanse xubilar voluntariamente a partir dos sesenta e cinco anos de idade, sen prexuízo dos demais supostos de xubilación voluntaria legalmente previstos.

2) O procedemento de xubilación voluntaria iníciase por solicitude do secretario xudicial con seis meses de antelación, na cal indicará a data exacta en que desexe xubilarse.

3) Iniciado o procedemento, a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza comprobará se o interesado reúne os requisitos necesarios e daralle vista do expediente ao interesado, incluída a proposta de resolución, para que este presente no prazo máximo de quince días as alegacións que estime oportunas debidamente xustificadas.

4) Cumprido o trámite anterior, o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ditará a resolución. Se a resolución é denegatoria, motivarase e notificaráselle ao interesado.

5) Ditada a resolución, se esta estimase a pretenção, iníciarase de oficio o procedemento de recoñecemento da pensión de xubilación ante a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, na forma e cos requisitos establecidos na normativa aplicable.

Artigo 53. *Xubilación forzosa por idade.*

1) A xubilación forzosa por idade producirase ao cumprir a idade de setenta anos e decretarase coa antelación suficiente para que se produza efectivamente ao cumprir a dita idade.

2) O procedemento de xubilación forzosa por idade iníciarao de oficio o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza con seis meses de antelación á data en que o interesado cumpra os setenta anos. Se algún membro do corpo de secretarios xudiciais se encontrase en situación distinta á do servizo activo, dirixirase a aquel para os efectos de iniciación do procedemento.

3) A Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza examinará o expediente persoal do interesado e adoptará as medidas necesarias para reunir e completar a documentación que lle serve de base á proposta de resolución.

4) Realizado o trámite anterior, efectuará a proposta de resolución e comunicarllo ao interesado para que efectúe as alegacións que estime oportunas no prazo de quince días e presente os documentos ou xustificacións pertinentes.

5) A resolución ditaraa o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza na forma e nos prazos que establece a normativa vixente, reguladora do procedemento de xubilación no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado. Ditada a resolución, iníciarase o procedemento de recoñecemento da pensión de xubilación.

Artigo 54. *Xubilación por incapacidade permanente.*

1) O procedemento iníciarase de oficio ou por solicitude do interesado. De se iníciar de oficio, o secretario de goberno do cal dependa o secretario xudicial afectado proporalle ao director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza a iniciación do procedemento mediante un escrito motivado que se lle comunicará ao interesado. De se iníciar por solicitude do interesado, este dirixirase ao secretario de goberno correspondente, quen lla remitirá ao órgano antes sinalado, achegándolle xunto coa solicitude unha copia dos informes médicos pertinentes.

2) Iniciado o procedemento, o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza comunicarlle ao interesado a apertura do expediente e ao mesmo tempo aos servizos competentes para o recoñecemento médico. O órgano médico competente citará o interesado para o seu exame, redactará unha acta da sesión médica e emitirá un ditame sobre a capacidade ou incapacidade para o servizo, que lle serán remitidos ao director xeral para que este dite unha proposta de resolución.

3) A dita proposta comunicaráselle ao interesado para que no prazo de quince días efectúe as alegacións que estime oportunas.

4) Con base nas actuacións anteriores e, se é o caso, na ampliación da pericia que se puidese solicitar, o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ditará unha resolución que lles será notificada ao interesado e ao secretario de goberno correspondente.

5) Se a resolución fose a da xubilación por incapacidade permanente, o director xeral iníciará de oficio o procedemento para o recoñecemento da correspondente pensión, e dirixirase á Dirección Xeral de Custo de Persoal e Pensións Públicas nos prazos e na forma establecidos

pola normativa aplicable para o dito recoñecemento no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado.

Artigo 55. *Contido da resolución de xubilación.*

1) A resolución que acorde a xubilación contera necesariamente os seguintes extremos:

- a) Identificación do xubilado.
- b) Indicación do carácter da xubilación, forzosa, voluntaria ou por incapacidade permanente para o servizo.
- c) Expresión da data de xubilación, que será:

Nos supostos de xubilación forzosa por idade, a do cumprimento da idade de xubilación.

Nos supostos de xubilación voluntaria, a solicitada polo interesado no escrito de iniciación do procedemento, que non poderá ser anterior á data da resolución.

Nos casos de xubilación por incapacidade, a de aprobación da correspondente resolución, que non poderá retrotraer os seus efectos a unha data anterior.

d) Expresión dos recursos que procedan e dos prazos para súa interposición.

2) A resolución será sempre motivada e redactarase no modelo oficial establecido. Contra ela poderase interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo.

SECCIÓN 3.^a REHABILITACIÓN

Artigo 56. *Supostos.*

Poderán ser rehabilitados os secretarios xudiciais que perdesen esta condición:

- 1) Como consecuencia da perda da nacionalidade española, unha vez recuperada esta.
- 2) Por xubilación por incapacidade permanente para o servizo, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou.
- 3) Por inhabilitación absoluta ou especial como pena principal ou accesoria ou por condena á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso, unha vez extinguidas as súas responsabilidades civís e penais e, se é o caso, cancelados os antecedentes penais.
- 4) Por teren sido separados do servizo como consecuencia de sanción disciplinaria.

Artigo 57. *Iniciación.*

1) O procedemento iniciarase mediante unha instancia do interesado dirixida ao ministro de Xustiza, na cal constarán os seguintes datos:

- a) Causa e data de perda da condición de funcionario.
- b) Posto de traballo que ocupaba ao tempo da expresada perda, coa identificación da unidade de dependencia, do municipio e da provincia de destino ou da situación administrativa en que estea, no caso de que esta non fose de servizo activo.
- c) Suposto de rehabilitación ao cal se pretenda acoller.
- d) Calquera outra circunstancia ou información que considere procedente alegar.

2) Quen recuperase a nacionalidade española deberá achegar unha certificación literal de nacemento expedida polo Rexistro Civil na cal conste a recuperación da nacionalidade.

3) No suposto de rehabilitación por desaparición da causa que motivou a xubilación por incapacidade permanente, o interesado deberá solicitar que sexa efectuado o correspondente recoñecemento médico polo equipo de

valoración de incapacidades do Instituto Nacional da Seguridade Social ou órgano médico equivalente da comunidade autónoma na provincia en que o interesado teña o seu domicilio, e poderalle xuntar á instancia canta documentación relativa ao seu historial ou situación médica tivese por conveniente.

4) Quen perdesa a condición de secretario xudicial como consecuencia de ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial ou á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso, deberá acreditar, ademais dos datos indicados no punto 1, a extinción da responsabilidade penal e civil e que se cancelaron os antecedentes no Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

5) Nos supostos previstos nos números 3 e 4 do artigo 56, non poderá solicitarse a apertura do expediente de rehabilitación antes de que transcorran dous anos a partir da firmeza do acordo de separación.

Artigo 58. *Instrución.*

1) É órgano competente para instruír os expedientes de rehabilitación a Secretaría de Estado de Xustiza, que a exercerá a través do titular da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

2) O órgano instrutor do procedemento comprobará o cumprimento dos requisitos que facultan o interesado para solicitar a rehabilitación e, no caso de que aqueles non estivesen suficientemente acreditados, requirirao para que no prazo máximo de dez días achegue os documentos e xustificacións correspondentes.

Artigo 59. *Criterios para a formulación da proposta de resolución.*

1) Nos supostos de cambio de nacionalidade e de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a acreditación suficiente das causas obxectivas que posibilitan a rehabilitación será determinante para que o órgano competente para a tramitación do procedemento formule proposta de resolución estimatoria da solicitude do interesado.

2) Para resolver o procedemento de rehabilitación de quen perdesa a súa condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso ou por ter sido separado como consecuencia de sanción disciplinaria, teranse en conta os seguintes criterios orientadores:

- a) Antecedentes penais, previos e posteriores á perda da condición de funcionario.
- b) Dano ou prexuízo para o servizo público derivado da comisión do delito ou falta.
- c) Relación do feito delituoso co desempeño do cargo de funcionario.
- d) Gravedade dos feitos e, se é o caso, duración da condena.
- e) Tempo transcorrido desde a comisión do delito ou da falta.
- f) Calquera outro que permita apreciar obxectivamente a incidencia do delito ou da falta cometidos sobre a futura ocupación dun posto de secretario xudicial.

3) A solicitude, xunto cos antecedentes que figuren no ministerio, remitiráselle ao Consello do Secretariado e, unha vez emitido o seu parecer, darase traslado do expediente ao Consello Xeral do Poder Xudicial para que emitan o oportuno informe, que será preceptivo, sobre as circunstancias que puidesen concorrer no petionario e que tivesen relación co servizo e co funcionamento da Administración de xustiza. Os ditos informes remitiránse lle ao Ministerio de Xustiza para resolver o que proceda.

4) Tidos en conta os criterios sinalados neste artigo, a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza formulará proposta de resolución e daralle vista do expediente instruído ao interesado, con inclusión da proposta de resolución formulada, para que no prazo máximo de quince días presente as alegacións que estime oportunas, debidamente xustificadas.

Artigo 60. *Terminación.*

1) Será órgano competente para a resolución dos expedientes de rehabilitación o ministro de Xustiza, e con este fin o órgano instructor elevaralle a proposta de resolución.

2) A duración máxima do procedemento será de seis meses. Se transcorrido o dito prazo non se ditase unha resolución expresa, entenderase estimada a solicitude do interesado.

3) A resolución ditada polo ministro de Xustiza seralle notificada ao interesado. Nos casos en que a resolución do procedemento de rehabilitación sexa denegatoria e nos supostos de rehabilitación de quen fose condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial, á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso ou fose separado do servizo por sanción disciplinaria, a dita resolución deberá ser motivada, de acordo co disposto no artigo 54.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4) A resolución adoptada pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo.

5) Se a resolución adoptada non fose estimada, o interesado non poderá solicitar de novo a rehabilitación ata que non varien as circunstancias e os requisitos exixidos e, en todo caso, nos supostos de condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial, á pena privativa de liberdade superior a tres anos por razón de delito doloso ou como consecuencia de separación do servizo por sanción disciplinaria, ata o transcurso de tres anos desde a resolución desestimatoria.

6) O período transcorrido entre a perda da condición de secretario xudicial e a rehabilitación non será computable para os efectos do recoñecemento e do cálculo dunha pensión posterior, calquera que fose a súa causa. Tampouco será computable para os efectos de ascensos, consolidación de categorías, trienios e dereitos pasivos que poidan corresponder segundo o réxime de Seguridade Social que sexa aplicable.

CAPÍTULO II

Situacións administrativas

Artigo 61. *Situacións administrativas.*

Os secretarios xudiciais poden estar nalgunha das situacións administrativas seguintes:

- 1) Servizo activo.
- 2) Servizos especiais.
- 3) Excedencia voluntaria.
- 4) Suspensión de funcións.
- 5) Excedencia por razón de violencia sobre a muller secretaria xudicial.

Artigo 62. *Servizo activo.*

1) Os secretarios xudiciais están na situación de servizo activo cando ocupan unha praza correspondente ao corpo de secretarios xudiciais, cando están adscritos provisionalmente ou cando lles conferisen unha comisión de servizos con carácter temporal.

2) O gozo de licenzas e de permisos regulamentarios non altera a situación de servizo activo.

3) Os que estean na situación de servizo activo terán os dereitos, prerrogativas, deberes e responsabilidades inherentes á súa condición.

Artigo 63. *Servizos especiais.*

Os membros do corpo de secretarios xudiciais serán declarados na situación de servizos especiais:

a) Cando sexan nomeados presidente do Tribunal Supremo, fiscal xeral do Estado, vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial, maxistrado do Tribunal Constitucional, defensor do pobo ou os seus adxuntos, conselleiro do Tribunal de Contas, conselleiro de Estado, presidente ou vogal do Tribunal de Defensa da Competencia, director da Axencia de Protección de Datos ou membro de altos tribunais internacionais de xustiza, ou titulares ou membros dos órganos equivalentes das comunidades autónomas.

b) Cando sexan autorizados polo Ministerio de Xustiza para realizaren unha misión internacional por un período determinado, superior a seis meses, en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional, logo da declaración de interese polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

c) Cando adquiran a condición de funcionarios ao servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.

d) Cando sexan nomeados letrados ao servizo do Tribunal de Xustiza das comunidades europeas, do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Tribunal Supremo, ou adscritos ao servizo do Defensor do Pobo ou órgano equivalente das comunidades autónomas.

e) Cando presten servizo, en virtude de nomeamento por real decreto ou por decreto das comunidades autónomas, en cargos que non teñan rango superior a director xeral.

Artigo 64. *Declaración e efectos da situación de servizos especiais.*

1) A situación de servizos especiais declararaa o Ministerio de Xustiza de oficio ou por instancia do interesado, unha vez que se verifique o suposto que a determina e con efectos desde o momento en que se produciu o nomeamento correspondente.

2) Os secretarios xudiciais en situación de servizos especiais percibirán a retribución do posto ou cargo que desempeñen sen prexuízo do dereito á remuneración que lles corresponda pola súa antigüidade no corpo.

3) Así mesmo, computaráselles o tempo que permanezan en tal situación para os efectos de adquisición da categoría persoal, antigüidade e dereitos pasivos. Terán dereito á reserva da praza que ocupasen ao pasaren a esa situación ou á que puidesen obter durante a súa permanencia nela.

4) As prazas reservadas poderanse prover a través dos mecanismos ordinarios de provisión, na forma e nas condicións que se establecen neste regulamento.

Artigo 65. *Tipos de excedencia voluntaria.*

1) Procederá declarar na situación de excedencia voluntaria os secretarios xudiciais que o soliciten, nos seguintes casos:

a) Cando estean en situación de servizo activo nun corpo ou escala das administracións públicas ou da Administración de xustiza, da carreira xudicial ou fiscal e cando pasen a desempeñar cargos ou prestar servizos en

organismos ou entidades do sector público, e non lles corresponda quedar noutra situación.

Para estes efectos, consideraranse incluídas no sector público aquelas empresas controladas polas administracións públicas por calquera dos medios previstos na lexislación mercantil e nas cales a participación directa ou indirecta das citadas administracións sexa igual ou superior á porcentaxe legalmente establecida.

b) Por interese particular, sempre que prestasen servizos no corpo de secretarios xudiciais durante os cinco anos inmediatamente anteriores, sen que nesta situación se poida permanecer menos de dous anos. A declaración desta situación quedará subordinada ás necesidades da Administración de xustiza e non poderá declararse cando ao secretario xudicial se lle estea instruindo expediente disciplinario.

c) Para o coidado dos fillos, por un período non superior a tres anos para atender cada fillo, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou por acolleme permanente ou preadoptivo, que comezará a contar desde a data de nacemento ou desde a data da resolución xudicial ou administrativa que o acorde, respectivamente. Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, se é o caso, porá fin ao que se viñese gozando. Cando o pai e a nai traballen, só un poderá exercer este dereito.

A concesión deste tipo de excedencia voluntaria efectuarase logo da declaración do peticionario, na cal exprese que non desempeña outra actividade, de se tratar da primeira anualidade, e que non desempeña outra actividade que poida impedir ou menoscabar o coidado do fillo menor, de se tratar da segunda e da terceira anualidade.

d) Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, para atender ao coidado dun familiar que estea ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída. O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta porá fin ao que se viñese gozando.

Esta excedencia e a regulada no punto anterior constitúen un dereito individual dos membros do corpo de secretarios xudiciais. No caso de que dous dos seus membros xerasen o dereito a gozalas polo mesmo suxeito causante, o Ministerio de Xustiza poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades e co funcionamento do servizo.

e) Cando sexa nomeado para un cargo político ou de confianza, agás os enunciados no artigo 63 e), ou cando se presente como candidato en eleccións para acceder a cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas lexislativas das comunidades autónomas ou corporacións locais. De non resultar elixido deberá optar, e comunicarllo así ao Ministerio de Xustiza no prazo de trinta días, por continuar na situación de excedencia voluntaria ou por reintegrarse no servizo activo, na forma establecida no artigo 73.5 deste regulamento.

2) As solicitudes de excedencia voluntaria deberán elevarse ao Ministerio de Xustiza por medio do secretario de goberno respectivo, achegando, se é o caso, o documento que acredite a concorrencia dalgunha das circunstancias que motivan a petición.

Artigo 66. Efectos económicos e administrativos da situación de excedencia voluntaria.

1) A excedencia voluntaria, nas súas distintas modalidades, non produce reserva de praza. O secretario xudicial,

mentres se encontre nela, non percibirá retribucións nin lle será computado o tempo que permanecese en tal situación para os efectos de consolidación da categoría, antigüidade e dereitos pasivos, salvo o disposto no punto dous deste artigo e o que establece a normativa de clases pasivas.

2) Exceptúanse do previsto na alínea anterior as excedencias voluntarias para o coidado dos fillos e para atender ao coidado dun familiar a que se refiren as alíneas c) e d) do artigo 65, nas cales o período de permanencia nas ditas situacións será computable para os efectos dos trienios e dereitos pasivos. Durante o primeiro ano terase dereito, ademais, á reserva da praza en que exercesen as súas funcións, ao cómputo da antigüidade e á consolidación da categoría persoal. Transcorrido este período, a dita reserva será a un posto na mesma provincia e de igual categoría, e deberá solicitar, no mes anterior á finalización do período máximo de permanencia nela, o reingreso ao servizo activo; de non o facer, será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Artigo 67. Declaración en excedencia voluntaria por interese particular por disposición legal.

1) Para que proceda a declaración de excedencia voluntaria por interese particular nos supostos en que non se solicite o reingreso ou non teña lugar a reincorporación na forma prevista nos artigos 72 e 73 deste regulamento, será preciso estar un mínimo de cinco anos de servizos efectivos, e computarase para estes efectos o tempo de permanencia na situación administrativa de que se trate.

2) Aqueles secretarios xudiciais que non reunisen o dito requisito estarán obrigados a reincorporarse ao servizo activo e, no caso de non o faceren, entenderase que renuncian a formar parte do corpo.

Artigo 68. Suspensión de funcións.

1) Os secretarios xudiciais declarados suspensos quedarán privados do exercicio das súas funcións durante o tempo que dure a suspensión.

2) A suspensión de funcións poderá ser provisional ou definitiva.

Artigo 69. Suspensión provisional.

1) A suspensión provisional poderá acordarse durante a tramitación dun procedemento xudicial ou disciplinario.

2) A suspensión provisional durante a tramitación dun procedemento disciplinario non poderá exceder de seis meses de se tratar de falta moi grave e de tres meses cando se trate de falta grave, agás no caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado.

3) O suspenso provisional terá dereito a percibir as súas retribucións básicas, excepto no caso de paralización do procedemento disciplinario por causa imputable a el mesmo, que suporá a perda de toda retribución mentres se manteña a dita paralización. Así mesmo, non se percibirá retribución ningunha no caso de non comparencia ou de rebeldía.

4) Cando a suspensión non sexa declarada definitiva nin se acorde a separación, o tempo da súa duración computarase como de servizo activo e acordarase a inmediata incorporación do suspenso á súa praza, co recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan desde a data en que a suspensión produciu efectos.

5) Cando a suspensión sexa declarada definitiva ou se acorde a separación, o tempo de duración da suspen-

sión provisional non se computará como de servizo activo, salvo o que, se é o caso, exceda da suspensión definitivamente imposta.

Artigo 70. *Suspensión definitiva.*

1) A suspensión terá carácter definitivo cando se imponha en virtude de condena ou como sanción disciplinaria.

2) Durante o tempo da suspensión definitiva, calquera que sexa a causa determinante, o secretario xudicial quedará privado de todos os dereitos inherentes á súa condición. Se fose superior a seis meses, implicará ademais a perda do destino.

3) Ao suspenso definitivo computáraselle o tempo que permanecese en suspensión provisional, se é o caso, para os efectos do cumprimento da sanción.

4) Mentres non transcorra o prazo de suspensión, non procederá cambio ningún de situación administrativa.

Artigo 71. *Excedencia por razón de violencia sobre muller secretaria xudicial.*

1) As secretarias xudiciais vítimas da violencia de xénero, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia sen necesidade de prestar un tempo mínimo de servizos previos e sen que resulte aplicable ningún prazo de permanencia nela.

2) Durante os seis primeiros meses terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñasen e será computable o dito período para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

3) Malia isto, cando das actuacións da tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección desta o exixise, poderase prorrogar por períodos de tres meses cun máximo de dezaioito o período en que, de acordo co parágrafo anterior, se terá dereito á reserva do posto de traballo con idénticos efectos aos sinalados no dito parágrafo.

Artigo 72. *Reingreso desde situacións que comportan reserva de posto de traballo.*

1) Quen perda a condición en virtude da cal fose declarado na situación de servizos especiais deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo máximo de dez días, que comeza a contar desde o seguinte ao do cesamento no posto ou cargo, e incorporarse ao seu destino dentro dos vinte días inmediatamente seguintes ao dito cesamento.

A solicitude dirixirase ao Ministerio de Xustiza, e achegaráselle copia do documento acreditativo do cesamento.

En todo caso, a reincorporación deberá producirse no prazo de vinte días antes indicado. A súa falta orixinará a declaración do interesado en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

O reingreso terá efectos económicos e administrativos desde a data da solicitude. Se esta non se efectuase, os efectos serán os da reincorporación efectiva ao servizo activo.

No suposto de que procedese a declaración en situación de excedencia voluntaria, esta terá efectos desde o día seguinte ao do cesamento no posto ou cargo que orixinou a declaración en situación de servizos especiais.

2) Os secretarios xudiciais que soliciten excedencia voluntaria por coidado de fillo menor ou por coidado de familiar serán declarados nesta situación por un período dun ano que, no suposto do coidado de menor, se poderá prorrogar ata que este cumpra os tres anos de idade. A

dita prórroga será automática, agás manifestación expresa en contrario.

En ambas as situacións, a reincorporación ao servizo activo no primeiro ano poderá ter lugar en calquera momento en que o interesado o desexe, para o que bastará a manifestación por escrito da vontade de reincorporarse perante o secretario de goberno correspondente, cunha antelación mínima dunha semana á data desexada para aquela.

Conforme o establecido no artigo 66.2, tan só durante o primeiro ano se terá dereito á reserva de praza. Transcorrido este período a dita reserva será a un posto de traballo de igual categoría e na mesma provincia en que exerce a súa función inmediatamente antes á situación de excedencia voluntaria.

De se desexar a reincorporación durante o segundo ou terceiro período de excedencia por coidado de fillo menor, o interesado deberá dirixirse ao Ministerio de Xustiza cunha antelación mínima de quince días.

De se esgotar os prazos máximos, o reingreso efectuarase logo da solicitude do interesado, dirixida ao Ministerio de Xustiza durante o mes anterior á finalización dos períodos máximos correspondentes. De non o facer, serán declarados en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos do día seguinte ao da finalización do período máximo de permanencia na dita situación.

En calquera caso, o reingreso terá efectos económicos e administrativos desde a data da efectiva reincorporación ao servizo activo.

3) Os suspensos definitivos debido á sanción disciplinaria por período inferior a seis meses reincorporaranse ao seu destino o día seguinte ao da terminación do período de suspensión, e dirixirán ao Ministerio de Xustiza unha declaración expresa de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade. De non o facer, procederase da mesma forma establecida nas alíneas anteriores.

Artigo 73. *Reingreso desde situacións que non comportan reserva do posto de traballo.*

1) O reingreso ao servizo activo dos secretarios xudiciais desde situacións que non comportan reserva de posto de traballo efectuarase mediante a súa participación nas convocatorias de concurso ou libre designación para a provisión de postos de traballo.

2) Malia o anterior, con carácter previo dirixirase unha solicitude de reingreso ao Ministerio de Xustiza, nos prazos e acompañada da documentación que se indica no artigo seguinte.

3) Efectuada a solicitude, o Ministerio de Xustiza comprobará a documentación achegada e se o interesado reúne os requisitos establecidos para o reingreso, e resolverá de forma motivada sobre a súa concesión ou deneación.

Ademais, o reingreso ao servizo activo desde a situación de excedencia voluntaria por interese particular, cando tivese unha duración superior a dez anos e desde a situación de suspensión definitiva, exixirá a previa declaración de aptitude polo Ministerio de Xustiza, quen solicitará os informes e practicará as actuacións necesarias para a súa comprobación.

4) Obtida unha resolución favorable, a reincorporación definitiva ao servizo activo producirase mediante a participación en cantos concursos se anuncien para a provisión de prazas da súa categoría, coa obriga de solicitar todas as vacantes da categoría que se convocasen. De incumprir esta obriga, será declarado en situación de excedencia voluntaria.

5) No suposto da excedencia regulada no artigo 65 e) deste regulamento, os que solicitasen o reingreso ao

servizo activo quedarán adscritos ao tribunal superior de xustiza da comunidade autónoma do seu último destino e deberán participar no primeiro concurso de traslados que se convoque, no cal terán preferencia para obter un posto da súa categoría na provincia ou, no seu defecto, na comunidade autónoma do último destino.

6) Poderá efectuarse o reingreso por adscrición provisional condicionado ás necesidades do servizo cando existise praza vacante da categoría. A praza asignada con carácter provisional convocarase para a súa provisión definitiva e o adscrito provisional terá a obriga de participar na convocatoria e solicitar o posto que ocupa provisionalmente. Se non obtívese destino definitivo, adxudicáraselle de forma definitiva calquera dos postos de traballo que resulten vacantes no dito concurso.

Artigo 74. Prazos e documentación para o reingreso desde situacións que non comportan reserva do posto de traballo.

1) Os secretarios xudiciais que estean en situación de excedencia voluntaria por encontrarse en servizo activo nun corpo ou escala das administracións públicas, da Administración de xustiza, na carreira xudicial ou fiscal, desempeñando un cargo, prestando servizos en organismos ou entidades do sector público deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no corpo de secretarios xudiciais no prazo máximo de dez días, que comezará a contar desde o seguinte ao do cesamento na relación de servizos que orixinou a dita excedencia. De non o faceren, serán declarados en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

No momento da solicitude de reingreso deberán achegar unha certificación expedida polo xefe de persoal do corpo, escala ou carreira, organismo ou entidade no cal cesasen, acreditativa dos servizos prestados ata o seu cesamento, se foi ou non sancionado, se é o caso, tipo de falta disciplinaria e sanción imposta e declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou de incompatibilidade.

2) Cando se trate de reingreso procedente da situación de excedencia voluntaria por interese particular, a solicitude presentarase en calquera momento en que se desexe reingresar, sempre que transcorrese o período mínimo de dous anos de permanencia nela segundo a alínea b) do artigo 65 deste regulamento.

3) Os secretarios xudiciais que estean na situación de excedencia voluntaria regulada no artigo 65.e) deste regulamento deberán optar no prazo de trinta días, que comeza a contar desde o seguinte a aquel en que se produciu o cesamento no cargo político ou de confianza que orixinou a situación de excedencia ou desde a data de realización das eleccións sen resultar elixido, por continuar en excedencia voluntaria ou solicitar o reingreso ao servizo activo.

A dita opción dirixirase ao Ministerio de Xustiza para os efectos da concesión do reingreso.

Reincorporado ao servizo activo, o secretario xudicial procedente desta situación non poderá acceder durante os cinco anos seguintes a postos de secretarios xudiciais que non sexan dos que se provexan por estrita antigüidade.

4) No suposto da suspensión definitiva de funcións por tempo superior a seis meses, a solicitude de reingreso deberá efectuarse cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do período de suspensión.

5) Nos supostos dos puntos 2, 3 e 4 achegarase a seguinte documentación:

- a) Certificado de antecedentes penais.
- b) Certificado médico acreditativo de non estar incapacitados física ou psiquicamente para o desempeño da función.

c) Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade e de incompatibilidade.

Ademais, no suposto de suspensión definitiva de funcións, achegarase unha certificación acreditativa da data de cumprimento da sanción imposta.

Artigo 75. Prelación para reingreso no servizo activo.

1) A concorrencia de peticións para a adxudicación de vacantes entre quen solicite o reingreso ao servizo activo rexeráse pola seguinte orde:

- a) Suspensos.
- b) Rehabilitados.
- c) Excedentes voluntarios.

2) A preferencia dentro de cada un dos grupos anteriores determinarase pola antigüidade da data de entrada da solicitude de reingreso no rexistro xeral do ministerio ou oficinas a que se refire o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 76. Cambio de situación administrativa.

O cambio da situación administrativa en que estean os secretarios xudiciais poderá ter lugar sempre que se reúnan os requisitos exixidos en cada caso sen necesidade de reingreso ao servizo activo.

CAPÍTULO III

Das categorías do corpo de secretarios xudiciais

Artigo 77. Categorias.

1) Todos os funcionarios de carreira do corpo de secretarios xudiciais adquirirán unha categoría persoal polo desempeño dun posto de traballo da categoría correspondente durante cinco anos continuados ou sete con interrupción.

2) As categorías son tres: primeira, segunda e terceira. Non se poderá comezar a consolidar unha categoría superior sen que se consolidase a inferior.

3) Tras a superación do proceso selectivo, a categoría persoal inicial será sempre a terceira, que se consolidará conforme o establecido no punto 1) deste artigo.

4) A categoría persoal inicial, así como as consolidadas, comportan o dereito á percepción do soldo correspondente á dita categoría con independencia do posto que se desempeñe.

Artigo 78. Grupos en que se clasifican os postos de traballo.

1) Os postos de traballo que desempeñarán os secretarios xudiciais, para os efectos de consolidación das categorías persoais, clasifícanse nos seguintes grupos:

Grupo primeiro. Intégranse neste grupo os postos de secretario de goberno, secretario coordinador provincial, secretario do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo e secretario de sala do Tribunal Supremo.

Grupo segundo. Intégranse nel os postos de secretario de sala da Audiencia Nacional, secretario de sala dos tribunais superiores de xustiza, letrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo, secretarios das audiencias provinciais, as xefaturas de servizos comúns procesuais e aqueles outros postos de traballo dos ditos servizos comúns que se determinen nas relacións de postos de traballo, e todos os postos de traballo das unidades procesuais de

apoio directo de órganos xudiciais servidos por maxistrados.

Grupo terceiro. Integrarán este grupo os postos de traballo das unidades procesuais de apoio directo de órganos xudiciais servidos por xuíces e aqueles dos servizos comúns procesuais non incluídos no grupo anterior, cando así se determine nas relacións de postos de traballo.

2) Calquera que sexa a súa categoría persoal, os secretarios xudiciais poderán desempeñar postos incluídos nos diferentes grupos sempre que reúnan os requisitos que para o seu desempeño se establezan na Lei orgánica do poder xudicial e no presente regulamento e se conteñan expresamente nas relacións de postos de traballo, coa excepción dos postos do grupo primeiro, que en ningún caso poderán ser desempeñados por un secretario xudicial da terceira categoría.

Artigo 79. *Cómputo do tempo de servizo.*

1) A consolidación dunha categoría persoal exige o desempeño de postos de traballo correspondentes á dita categoría polo menos durante cinco anos continuados ou sete con interrupción. Non se poderá comezar a consolidar unha categoría superior sen previamente consolidar a inferior.

2) O desempeño de postos de distinto grupo non dá lugar a consolidar a categoría persoal correspondente ao grupo superior, mentres non se consolidase a inferior.

3) Se o secretario xudicial obtívese destino provisional ou definitivo nun posto de traballo dun grupo superior á categoría que estivese en proceso de consolidación, computaráselle o tempo de servizos prestado naquel para consolidar esta.

4) Se se obtívese destino provisional ou definitivo nun posto de traballo dun grupo inferior á categoría que estivese en proceso de consolidación, o tempo de servizos prestados naquel non será computable para consolidar esta.

5) O tempo de servizos prestados en adscrición provisional por reingreso procedente de situacións administrativas sen reserva de posto de traballo será computable para consolidar a categoría persoal que corresponda sempre que se obteña destino definitivo nun posto do grupo correspondente á categoría que se pretenda consolidar.

6) O período de prazo posesorio é computable para os efectos de consolidación de categoría como tempo de desempeño no novo posto, excepto nas situacións ás cales este regulamento aplique outro réxime diferente.

Artigo 80. *Interrupcións.*

Para os efectos do cómputo do tempo de servizos exixidos para consolidar unha categoría persoal non se considerarán interrupcións:

1) O tempo de permanencia en servizos especiais, que se computará como prestados no último posto desempeñado na situación de servizo activo ou no que durante o tempo de permanencia na dita situación se obtívese por concurso.

2) O tempo de permanencia en excedencia por coitado de fillo menor ou familiares a cargo durante o primeiro ano de duración desta, que se computará como prestado no posto de traballo do que se é titular.

3) O tempo de permanencia na situación de excedencia por razón de violencia sobre a muller a que se refire o artigo 71.1 deste regulamento.

CAPÍTULO IV

Dos dereitos e deberes dos secretarios xudiciais

SECCIÓN 1.^a DEREITOS E DEBERES

Artigo 81. *Dereitos individuais.*

1) Os secretarios xudiciais teñen os seguintes dereitos individuais:

a) Ao mantemento da súa condición funcionarial, ao desempeño efectivo de tarefas ou funcións propias do seu corpo e a non ser removidos do posto de traballo que desempeñen senón nos supostos e condicións establecidos legalmente.

b) A percibir a retribución e as indemnizacións por razón do servizo establecidas na normativa vixente.

c) Á carreira profesional, a través dos mecanismos de promoción profesional que se establezan e de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

d) A recibir por parte da Administración a formación necesaria, inicial e continuada, co fin de mellorar as súas capacidades profesionais de forma que lles permita unha mellor e máis pronta adaptación aos seus postos de traballo e lles posibilite a súa promoción profesional.

e) A ser informados polos seus xefes ou superiores das tarefas ou cometidos que deben desempeñar e a participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos.

f) Ao respecto da súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

g) A vacacións, permisos e licenzas.

h) A recibir protección en materia de seguridade e saúde no traballo, para o cal as administracións competentes adoptarán aquelas medidas que sexan necesarias para a aplicación efectiva da normativa vixente sobre prevención de riscos e saúde laboral, procedendo á avaliación dos riscos iniciais e ao establecemento de plans de emerxencia, así como á creación de servizos de prevención e dun comité central de seguridade e saúde.

i) Á xubilación.

j) A un réxime de Seguridade Social, que para os secretarios de carreira e secretarios en prácticas estará integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

1.º-O réxime de clases pasivas do Estado, que se rexerá polas súas normas específicas.

2.º-O mutualismo xudicial, regulado polo Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, e disposicións de desenvolvemento.

2) O réxime de dereitos contido no punto anterior seralles aplicable aos secretarios substitutos na medida en que a natureza do dereito o permita, polo que quedarán integrados, para os efectos de seguridade social, no réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 82. *Dereitos colectivos.*

Os secretarios xudiciais teñen os seguintes dereitos colectivos, nos termos establecidos pola Constitución e as leis:

a) Á libre asociación profesional.

b) Á libre sindicación.

c) Á actividade sindical.

d) De folga, nos termos contidos na lexislación xeral do Estado para funcionarios públicos, debendo garantirse o mantemento dos servizos esenciais da Administración de xustiza.

e) Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo, para o cal se establecerán os marcos adecuados que permitan unha maior e máis intensa participación dos representantes dos secretarios xudiciais, a través de grupos de traballo, mesas ou calquera outro foro de diálogo e negociación.

f) De reunión.

Artigo 83. *Deberes.*

1. Os secretarios están obrigados a:

a) Respetar a Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

b) Exercer as súas tarefas, funcións ou cargo con lealdade e imparcialidade e servir con obxectividade aos intereses xerais.

c) Cumprir con dilixencia as instrucións profesionais recibidas do seu superior xerárquico no ámbito das súas competencias.

d) Realizar coa debida aplicación as funcións ou tarefas propias do seu posto de traballo e aquelas outras que, relacionadas coas anteriores, lles encomenden os seus xefes ou superiores para o cumprimento dos obxectivos da unidade.

e) Cumprir o réxime de xornada e horario que se estableza.

f) Manter sigilo dos asuntos que coñezan por razón dos seus cargos ou funcións e non facer uso indebido da información obtida, así como gardar segredo das materias clasificadas e outras cuxa difusión estea prohibida legalmente.

g) Darlles conta ás autoridades competentes das ordes que, ao seu xuízo, fosen contrarias á legalidade ou constitutivas de delito.

h) Cumprir o réxime de incompatibilidades e prohibicións.

i) Tratar con atención e respecto os cidadáns.

j) Darlles a coñecer a súa identidade e categoría aos interesados que o requiran, salvo cando isto non fose posible por razóns de seguridade.

k) Velar pola conservación e o uso correcto dos locais, material, documentos e información ao seu cargo, non utilizando os medios propiedade da Administración en proveito propio nin exercendo os seus cometidos de forma que poidan beneficiar ilexítimamente a si mesmos ou outras persoas.

l) Colaborar coas comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, para a efectividade das que estas posúan en materia de organización e xestión de medios persoais e materiais, dándolles cumprimento ás instrucións que para tal fin reciban dos seus superiores xerárquicos.

m) Tratar con corrección e consideración os superiores xerárquicos, compañeiros e subordinados.

2. Cando un secretario xudicial recibise do seu superior xerárquico unha orde ou instrución que considere contraria ás leis ou que por calquera outro motivo estime improcedente, farallo saber así, mediante un informe razoado, a quen a ditase, sen prexuízo de cumprir, desde logo, a orde ou instrución.

De proceder a orde ou instrución do xefe do servizo común procesual, se este non atendese os argumentos expostos no informe razoado, o secretario xudicial afectado poderá presentar a cuestión perante o secretario coordinador provincial, quen resolverá definitivamente, ratificando ou reformando a orde ou instrución cuestionada.

De proceder a orde ou instrución do secretario coordinador provincial, se este non considera satisfactorias as razóns expostas, o secretario xudicial poderá presentarlle a cuestión ao secretario de goberno, quen resolverá defi-

nitivamente, ratificando ou reformando a orde ou instrución cuestionada.

Se a orde ou instrución fose do secretario de goberno, o secretario xudicial poderá presentarlle a cuestión ao secretario xeral da Administración de xustiza, quen resolverá definitivamente do mesmo modo.

No caso de que a orde ou instrución fose ditada polo secretario xeral da Administración de xustiza, a cuestión será presentada perante o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza para a súa resolución definitiva.

SECCIÓN 2.^a VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS

Artigo 84. *Vacacións.*

1) Con carácter xeral as vacacións anuais retribuídas serán dun mes natural ou de vinte e dous días hábiles anuais por ano completo de servizo, ou o tempo que corresponda proporcionalmente se o tempo de servizos efectivos prestados durante o ano fose inferior. Os secretarios xudiciais destinados na Comunidade Autónoma de Canarias poderán acumular nun só período as vacacións correspondentes a dous anos.

2) Gozaranse de forma obrigatoria dentro do ano natural e ata o día 15 de xaneiro do ano seguinte, en períodos mínimos de cinco días hábiles consecutivos, de acordo coa planificación que efectúe o órgano competente. Para estes efectos os sábados non se considerarán días hábiles, salvo que nos horarios especiais se estableza outra cosa.

3) Ademais, e en función dos anos de antigüidade que se completasen na Administración, terase dereito a un incremento nos días de vacacións, que será igual ao que se estableza para os funcionarios da Administración xeral do Estado e que se fará efectivo a partir do ano natural seguinte ao cumprimento da antigüidade referida.

4) No caso de baixa por maternidade, cando esta situación coincida co período de vacacións quedará interrompido este e poderán gozarse as vacacións finalizado o período de permiso por maternidade, dentro do ano natural ou ata o día 15 de xaneiro do ano seguinte. De igual maneira quedará interrompido o período de vacacións se durante este se produce un ingreso hospitalario, e poderase gozar o resto unha vez que se produciase a alta hospitalaria, no mesmo período establecido no parágrafo anterior.

5) O Ministerio de Xustiza, logo da negociación coas organizacións sindicais, ditará as normas que establezan a forma de gozo das vacacións e o procedemento para a súa concesión.

6) En todo caso, as vacacións concederanse por pedimento do interesado e o seu gozo virá determinado polas necesidades do servizo. Se se denegase o período solicitado, a dita denegación deberá ser motivada.

7) O secretario de goberno será o competente para conceder as vacacións no seu respectivo ámbito competencial. Para a concesión das vacacións dos secretarios de goberno será competente o secretario xeral da Administración de xustiza.

Artigo 85. *Permiso por asuntos particulares.*

1) Ao longo do ano, os secretarios xudiciais terán dereito, ademais, a gozar de ata nove días de permiso por asuntos particulares. Tales días non se poderán acumular en ningún caso ás vacacións anuais retribuídas.

2) Poderán distribuílos segundo a súa conveniencia e serán concedidos polo secretario de goberno respectivo, quen prestará a súa conformidade á solicitude sempre que se respecten as necesidades do servizo.

3) Cando por razón do servizo non se goce do mencionado permiso antes de finalizar o mes de decembro, poderá gozarse ata o día 31 de xaneiro do ano seguinte.

4) O gozo deste permiso non afectará os dereitos económicos do funcionario.

Artigo 86. *Outros permisos.*

Os secretarios xudiciais terán dereito a iguais permisos e coa mesma extensión ca os establecidos na normativa vixente aplicable aos funcionarios dos corpos a que se refire o libro VI da Lei orgánica do poder xudicial.

Artigo 87. *Licenza por razón de matrimonio.*

Os secretarios xudiciais terán dereito a unha licenza de quince días naturais de duración por razón de matrimonio, que será outorgada polo secretario de goberno respectivo e se concederá con plenitude de dereitos económicos.

Artigo 88. *Licenza por asuntos propios.*

1) Poderanse gozar licenzas por asuntos propios sen dereito a retribución ningunha, cuxa duración acumulada non poderá, en ningún caso, exceder de tres meses cada dous anos de servizos efectivos, e a súa concesión estará subordinada ás necesidades do servizo.

2) A solicitude de licenza por asuntos propios dirixiráselle ao secretario de goberno respectivo, cun informe do secretario coordinador, en que se fará constar se durante a ausencia do funcionario quedará debidamente atendido o servizo e en que forma.

Artigo 89. *Licenza por enfermidade.*

1) A enfermidade ou accidente que impidan o normal desempeño das funcións darán lugar a licenzas por enfermidade.

2) Os secretarios teñen a obriga de comunicarlles aos secretarios coordinadores provinciais a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a mesma xornada laboral do día en que esta se produza. Ademais, deberán solicitar do secretario de goberno respectivo unha licenza por enfermidade no cuarto día consecutivo a aquel en que se produciu a ausencia do posto de traballo.

3) A licenza inicial concederáse polo tempo que o facultativo considerase como previsible para a curación e en ningún caso por un período superior a quince días. Se o estado de enfermidade persistise, a licenza inicial prorrogarase automaticamente na forma que determine o secretario de goberno, e quedará sen efecto se con anterioridade se produce a curación.

4) Tanto a licenza inicial como as prórrogas concederáse logo da presentación do parte de baixa ou da certificación médica que acredite a certeza da enfermidade e a imposibilidade de asistir ao traballo.

5) Concederáse licenzas por enfermidade derivadas dun mesmo proceso patolóxico, ata un máximo de doce meses prorrogables por outros seis, cando se presume que durante estes poida o traballador ser dado de alta médica por curación. Transcorridos os ditos prazos, prorrogarase as licenzas ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente ou da alta médica, sen que en ningún caso poidan exceder de trinta meses desde a data da solicitude da licenza inicial. Para estes efectos, entenderase que existe nova licenza por enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente, e, en todo caso, cando as licenzas se interrompesen durante un mínimo dun ano.

6) As licenzas por enfermidade darán lugar á plenitude de dereitos económicos durante os seis primeiros meses desde a data en que se solicitou a licenza inicial, sempre que deriven do mesmo proceso patolóxico e se

concedan de maneira continuada ou cunha interrupción de ata un mes.

7) En calquera caso, o secretario de goberno ou, se é o caso, o secretario xeral da Administración de xustiza poderá solicitar, unicamente da correspondente inspección médica, a revisión dun proceso para determinar que as causas que orixinaron a concesión da licenza continúan subsistindo.

8) A baixa por enfermidade non autoriza en modo ningún a ausentarse da residencia sen o oportuno permiso, agás nos casos de enfermidade grave ou intervención cirúrxica.

Artigo 90. *Licenza por formación e perfeccionamento.*

Poderán concederse licenzas para formación e perfeccionamento nos seguintes casos:

a) Para asistir a cursos de formación incluídos nos plans de formación que se realicen anualmente, organizados polo Ministerio de Xustiza, as comunidades autónomas, as organizacións sindicais ou outras entidades públicas ou privadas.

A duración e forma de gozo desta licenza estarán determinadas pola duración e programación dos cursos que se vaian realizar e non suporán limitación ningunha de haberes.

b) Para asistir a cursos, congresos ou xornadas, sempre que estean relacionadas coas funcións propias do corpo de secretarios xudiciais e supoñan completar a súa formación para o exercicio destas.

A súa concesión estará subordinada ás necesidades do servizo e ás dispoñibilidades orzamentarias. A súa duración virá determinada pola dos cursos, congresos ou xornadas e darán dereito a percibir as retribucións básicas e as prestacións por fillo a cargo.

Artigo 91. *Licenza por ingreso no Centro de Estudos Xurídicos ou noutros centros de formación.*

1) As persoas que, tras a superación das correspondentes probas selectivas, fosen nomeadas secretarios en prácticas e xa estivesen prestando servizos remunerados na Administración de xustiza como funcionarios terán dereito a unha licenza extraordinaria durante o tempo que se prolongue a dita situación e percibirán as retribucións que para os secretarios en prácticas establece a normativa vixente.

2) Tamén poderán gozar de licenza extraordinaria durante o tempo de permanencia en cursos selectivos ou períodos de prácticas por superaren probas de acceso a outros corpos da Administración pública.

Artigo 92. *Órganos competentes para o outorgamento de vacacións, permisos e licenzas.*

1) Os secretarios de goberno serán competentes para a concesión das vacacións, permisos e licenzas establecidos neste regulamento, respecto dos secretarios xudiciais que presten servizos nos seus respectivos ámbitos territoriais.

2) O secretario xeral da Administración de xustiza será o competente para concederlles vacacións, permisos e licenzas aos secretarios de goberno.

3) Correspóndelles ao secretario xeral da Administración de xustiza e aos secretarios de goberno, cada un no seu respectivo ámbito competencial conforme o establecido nos puntos anteriores, o control da incapacidade temporal dos secretarios xudiciais. Para tal fin poderán solicitar o asesoramento facultativo que, se é o caso, estimen necesario, e utilizar os sistemas de colaboración establecidos polo Ministerio de Xustiza ou as comunida-

des autónomas competentes cos organismos públicos ou entidades que nos seus respectivos ámbitos asumen a inspección, a avaliación e o seguimento de control da incapacidade temporal do réxime xeral da Seguridade Social e dos réximes especiais.

4) Para a concesión de vacacións, permisos e licenzas, o secretario xeral da Administración de xustiza e os secretarios de goberno terán en conta, co fin de que as necesidades do servizo estean sempre correctamente atendidas, que as licenzas por razón de matrimonio, enfermidade e os permisos por nacemento dun fillo e morte ou enfermidade grave dun familiar; por traslado de domicilio; para realizar funcións sindicais; para concorrer a exames finais ou demais probas de aptitude; polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber de carácter público persoal; por parto, adopción e acollemento; ausencias totais ou parciais ao posto de traballo das secretarías xudiciais vítimas de violencia de xénero, a todos os que se refire o artigo 86, teñen carácter prioritario sobre as licenzas por formación e perfeccionamento, as licenzas por asuntos propios e o permiso por asuntos particulares, e poderase basear en tales prioridades a denegación destes para as datas solicitadas.

Artigo 93. *Recursos.*

Contra as resolucións polas que se acorden ou deneguen vacacións, permisos e licenzas dos secretarios xudiciais, cabe o recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

SECCIÓN 3.^a DEREITOS ECONÓMICOS

Artigo 94. *Clases de retribucións.*

1) As retribucións serán básicas e complementarias.
2) Os conceptos retributivos básicos son soldo e antigüidade.

a) Mediante o soldo remunérase a pertenza ao corpo e a categoría que se posúe.

b) A antigüidade remunérase mediante un incremento sucesivo do cinco por cento do soldo inicial correspondente á categoría de ingreso por cada tres anos de servizo activo ou naqueloutras situacións administrativas en que se recoñeza o tempo para estes efectos.

No caso de que se prestasen servizos previamente noutras carreiras ou corpos funcionariais, terase dereito a seguir percibindo, por este concepto retributivo, as cantidades correspondentes á antigüidade acreditada naqueles. A fracción ou tempo inferior a un trienio considérase para estes efectos como tempo de servizos prestados no corpo ou carreira de última incorporación.

c) Os secretarios xudiciais teñen dereito, ademais, a percibir dúas pagas extraordinarias ao ano polo importe cada unha delas igual a unha mensualidade de soldo e antigüidade recoñecidos e, de ser o caso, unha cantidade proporcional do complemento xeral de posto nos termos que se fixen por lei para este persoal, que se farán efectivas nos meses de xuño e decembro, sempre que os perceptores estivesen en servizo activo ou con dereito a devengo do soldo desde o día primeiro dos meses indicados.

3) Os conceptos retributivos complementarios serán os seguintes:

a) O complemento xeral de posto, que retribúe as características xerais deste.

b) O complemento específico, único para cada posto de traballo e destinado a retribuír as condicións particulares destes.

c) O complemento de produtividade, destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordina-

ria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, así como a súa participación nos programas concretos de actuación e na consecución dos obxectivos que determine o Ministerio de Xustiza, logo de oír o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Consello do Secretariado, e negociar coas organizacións sindicais máis representativas.

Tamén se poderá retribuír mediante este complemento a participación dos secretarios xudiciais nos programas ou na consecución dos obxectivos que determinasen os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza para as oficinas xudiciais do seu territorio, sempre que exista autorización previa do Ministerio de Xustiza. Para tal efecto, estableceranse os mecanismos de coordinación necesarios entre as administracións competentes.

d) As gratificacións, destinadas a retribuír os servizos de carácter extraordinario prestados fóra da xornada normal de traballo.

4) Ademais das retribucións sinaladas anteriormente, os secretarios xudiciais poderán percibir as seguintes retribucións, que teñen a condición de especiais:

a) As correspondentes ao desempeño de servizos de garda.

b) As correspondentes a substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, ademais daquelas das cales sexa titular.

Estas retribucións serán compatibles con todos os conceptos retributivos previstos anteriormente.

5) Os secretarios substitutos percibirán as retribucións correspondentes ao posto de traballo desempeñado, agás a correspondente ao concepto de antigüidade.

6) Igualmente, os secretarios xudiciais, sen prexuízo do seu réxime xurídico singular, terán dereito a percibir as indemnizacións que se establecen para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado cuxo obxecto sexa resarcilos dos gastos que se ven precisados a realizar por razóns do servizo.

7) Os secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, percibirán as retribucións correspondentes ás de secretario de unidade procesual de apoio directo de sala do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

Artigo 95. *Contías de retribucións básicas e complementarias.*

1) A contía das retribucións básicas e dos complementos xerais do posto estará determinada na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

2) A contía do soldo establecerase para cada unha das categorías en que se estrutura o corpo de secretarios xudiciais e a antigüidade remunerarase mediante un incremento sucesivo do cinco por cento do soldo inicial correspondente á categoría de ingreso por cada tres anos de servizo. En todo caso respectarase a contía dos trienios recoñecida aos secretarios xudiciais pertencentes ao extinguido corpo dos secretarios de Maxistratura de Traballo.

3) O Goberno, mediante un real decreto, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Economía e Facenda, logo da negociación coas organizacións sindicais máis representativas, determinará os diferentes tipos de postos adscritos aos secretarios xudiciais para os efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial dos complementos específicos que correspondan e as retribucións que procedan por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.

4) A concreción da contía individual do complemento de produtividade e a determinación do número de funcionarios con dereito á súa percepción, levaranse a cabo mediante resolución do Ministerio de Xustiza, logo da negociación coas organizacións sindicais máis representativas e oídas as asociacións profesionais de secretarios xudiciais legalmente constituídas.

5) Mediante orde ministerial, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Facenda, logo da negociación coas organizacións sindicais e oídas as asociacións profesionais de secretarios xudiciais legalmente constituídas, determinarase a remuneración por servizo de garda.

6) A asignación individual da contía das gratificacións e a fixación dos criterios para a súa percepción determinarase por medio dunha resolución do Ministerio de Xustiza.

SECCIÓN 4.^a PROMOCIÓN PROFESIONAL. FORMACIÓN INICIAL E CONTINUADA

Artigo 96. *Formación inicial e continuada.*

1) Os secretarios xudiciais terán dereito á promoción profesional a través dos mecanismos que se establezan de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O Ministerio de Xustiza garantirá que os secretarios xudiciais reciban unha formación inicial e continuada, especializada e de alta calidade, durante toda a súa carreira profesional, co fin de mellorar as súas capacidades profesionais de forma que lles permita unha mellor e máis pronta adaptación aos seus postos de traballo e lles posibilite a súa promoción profesional.

2) O Ministerio de Xustiza, en colaboración co Centro de Estudos Xurídicos, establecerá un plan de formación continuada do corpo de secretarios xudiciais, en que se detallarán os obxectivos, contidos, prioridades formativas e a programación plurianual destas actuacións.

3) O Centro de Estudos Xurídicos desenvolverá os programas e dará os cursos de formación que integren o Plan de formación continuada de secretarios xudiciais, e poderá, para isto, realizar actividades formativas de maneira descentralizada, subscribindo convenios coas administracións autonómicas ou mediante colaboración, se é o caso, con entidades e organismos expertos en impartir a formación de que se trate.

4) Igualmente poderanse organizar cursos de formación a distancia mediante o uso das novas tecnoloxías. En todo caso, promoverase o uso intensivo das novas tecnoloxías co obxecto de facer chegar o contido dos cursos formativos presenciais a todos aqueles secretarios xudiciais que por razóns organizativas ou orzamentarias non poidan acceder a eles.

5) Os secretarios xudiciais teñen igualmente dereito a recibir unha formación o máis completa posible sobre o uso e aproveitamento das novas tecnoloxías; para tal efecto o Centro de Estudos Xurídicos poderá convir a realización destes cursos por parte de entidades e organismos expertos en tales materias.

6) Os secretarios xudiciais que obtivesen praza nun destino de distinta orde xurisdiccional a aquela en que ata entón estivesen servindo, ou os que provindo dunha unidade procesual de apoio directo pasasen a desempeñar un posto de traballo nun servizo común procesual, así como aqueles que reingresaren ao servizo activo transcorridos tres anos, deberán participar naquelas actividades específicas de formación que o Ministerio de Xustiza estableza, dentro do plan de formación continua, en colaboración co Centro de Estudos Xurídicos.

SECCIÓN 5.^a PRERROGATIVAS. TRATAMENTO E DISTINCIÓNS

Artigo 97. *Prerrogativas, tratamento e distincións.*

1) En audiencia pública, reunións do tribunal e actos solemnes xudiciais, os secretarios xudiciais usarán toga e, en estrados, sentarán á mesma altura ca os xuíces e maxistrados, fiscais, avogados e procuradores.

2) Os secretarios xudiciais que ocupen postos de traballo do grupo I terán o tratamento de señoría ilustrísima. Os demais secretarios xudiciais terán o tratamento de señoría.

3) Os secretarios xudiciais terán dereito ao correspondente documento que acredite a súa condición de tales, no cal se recollerá o contido do artigo 440 da Lei orgánica do poder xudicial. O documento seralles expedido pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

4) Como distintivo do seu cargo levarán sobre a toga unha placa e poderán usar unha medalla, ambas douradas se teñen a primeira e segunda categorías consolidadas, e prateadas se pertencen á terceira. Os secretarios xudiciais de primeira e segunda categorías usarán encaixes nos puños da toga.

5) A placa comporase dun círculo central de esmalte de cor morada, de 50 milímetros, circundado dun conxunto de raios de metal dourado ou prateado, distribuídos en oito grupos, conxunto que adoptará forma estrelada, cun diámetro máximo de 85 milímetros, e mínimo de 65 milímetros. No expresado círculo de esmalte encerraranse, separados por un nervio vertical, dous óvalos inclinados cara ao bordo, nos cales figuren, respectivamente, o escudo de España e unha figura alegórica representativa da fe. Bordeando a metade inferior, sobre o esmalte, unha cinta de 4 milímetros de largo coa inscrición «Fe Pública Xudicial». Presidindo o conxunto, a coroa do escudo de España.

6) A medalla terá a forma de óvalo de 52 milímetros na súa maior extensión, por 37 milímetros de largo, orlada no seu contorno por dúas pólas de loureiro recollidas por 4 abrazadeiras, opostas no sentido dos diámetros que, partindo dun filete de 1 milímetro de largo, que rodeará o óvalo inferior, se cerrará sobre o reverso, no cal figurará a inscrición «Fe Pública Xudicial». Estará superada a citada medalla pola coroa do escudo de España. O cordón do cal penderá aquela, por mediación dunha argola, será de fío de ouro ou prata, segundo os casos.

Artigo 98. *Selo.*

Os secretarios xudiciais usarán un selo que deberán estampar nos documentos, ao lado da súa sinatura, cos atributos da xustiza e a inscrición no centro «Fe Pública Xudicial», arredor da cal figurará a denominación da oficina xudicial correspondente e a poboación en que radique.

TÍTULO IV

Ordenación da actividade profesional. Relacións de postos de traballo. Escala

CAPÍTULO I

Ordenación da actividade profesional

Artigo 99. *Destinos.*

1) Os secretarios xudiciais desempeñan aqueles postos de traballo das unidades en que se estruturen as oficinas xudiciais que a Lei orgánica do poder xudicial ou as relacións de postos de traballo lle reservan a este corpo.

2) Ademais poderán prestar servizos no Consello Xeral do Poder Xudicial, no Tribunal Constitucional e no Tribunal de Contas, nos termos e coas condicións previstas na normativa reguladora do persoal ao servizo dos citados órganos constitucionais, e na Mutualidade Xeral Xudicial nos postos que se determinen na relación de postos de traballo do citado organismo público.

3) Tamén poderán acceder aos postos de traballo doutras administracións públicas mentres as relacións de postos de traballo conteñan expresa previsión para este efecto. Seralles aplicable, mentres se manteñan nos ditos postos, a lexislación en materia de función pública da Administración en que estean destinados e permanecerán en servizo activo na súa Administración de orixe.

CAPÍTULO II

Relacións de postos de traballo

Artigo 100. *Ordenación do corpo de secretarios xudiciais e relacións de postos de traballo.*

1) Os postos de traballo que desempeñarán os secretarios xudiciais ordenanse a través das relacións de postos de traballo, que en todo caso serán públicas.

2) As relacións de postos de traballo conterán a dotación de todos os postos de traballo que deban ser asignados a secretarios xudiciais e indicarán a súa denominación, localización e características esenciais, os requisitos exixidos para o seu desempeño, o complemento xeral do posto e o complemento específico.

3) As relacións de postos de traballo deberán conter necesariamente as seguintes especificacións:

A. Centro xestor. Centro de destino.

Para os efectos de ordenación dos postos de traballo e da súa ocupación polos secretarios xudiciais, terá a consideración de centro xestor a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Entenderase por centro de destino:

I. Cada un dos servizos comúns procesuais.

II. O conxunto das unidades procesuais de apoio directo a un determinado órgano xudicial colexiado que radiquen no mesmo municipio.

III. O conxunto das unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais unipersoais pertencentes á mesma orde xurisdicional que radiquen no mesmo municipio. Para estes efectos, considerarase centro de destino o conxunto de unidades procesuais de apoio directo dos xulgados de primeira instancia e instrución do mesmo municipio. Entenderase que a orde xurisdicional civil comprende os xulgados de primeira instancia, xulgados do mercantil e xulgados de familia. Entenderase que a orde xurisdicional penal comprende os xulgados de instrución, xulgados do penal, xulgados de vixilancia penitenciaria, xulgados de menores e xulgados de violencia sobre a muller.

IV. As secretarías de goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e de cada un dos tribunais superiores de xustiza, así como das cidades de Ceuta e Melilla.

V. O Rexistro Civil Central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os houbese.

VI. A Mutualidade Xeral Xudicial.

VII. O Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo.

B. Tipo de posto.

Os postos clasifícanse en xenéricos e singularizados. Son postos xenéricos os que non se diferencian dentro da estrutura orgánica e que implican a execución de tarefas ou funcións propias do corpo, e por tanto non teñen un contido funcional individualizado. Os postos

correspondentes ás unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais como norma xeral serán xenéricos.

Son postos singularizados os diferenciados dentro da estrutura orgánica e que implican a execución de funcións asignadas de xeito individualizado.

C. Sistema de provisión.

Para os efectos das relacións de postos de traballo, concretarase a súa forma de provisión definitiva polo procedemento de concurso ou de libre designación.

4) Ademais dos requisitos anteriormente sinalados, as relacións de postos de traballo poderán conter:

a) Titulación académica específica, ademais da xenérica correspondente ao corpo de secretarios, que se precise para a cobertura do posto, cando a súa necesidade se deduza obxectivamente da índole das funcións que se van desempeñar.

b) Formación específica, cando da natureza das funcións do posto se deduza a súa exixencia e poida ser acreditada documentalmente.

c) Coñecementos informáticos cando sexan necesarios para o desempeño do posto.

d) Coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia naquelas comunidades autónomas que a teñan recoñecida como tal e coñecemento, así mesmo, do seu dereito civil foral ou especial, que se valorarán como mérito.

e) Aqueloutras condicións que se consideren relevantes no contido do posto ou no seu desempeño.

Artigo 101. *Elaboración e aprobación das relacións de postos de traballo.*

1) O Ministerio de Xustiza é competente en todo o territorio do Estado para a ordenación dos postos de traballo asignados ao corpo de secretarios xudiciais, que deberá ser negociada coas organizacións sindicais máis representativas, logo de oír as comunidades autónomas que reciben os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza e o Consello do Secretariado.

2) O Ministerio de Xustiza, con anterioridade á aprobación definitiva de cada relación de postos de traballo, deberá solicitar un informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

3) A relación de postos de traballo do corpo de secretarios xudiciais será aprobada por medio dunha orde do ministro de Xustiza logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda.

CAPÍTULO III

Escala

Artigo 102. *Escala.*

1) O Ministerio de Xustiza publicará a escala do corpo de secretarios xudiciais, que se actualizará polo menos cada dous anos.

2) A dita publicación farase no Boletín Oficial del Estado ou ben no de información do departamento, outorgándosele, no segundo suposto, carácter oficial a esta mediante a oportuna orde, que se inserirá no Boletín Oficial del Estado. En ambos os casos ofreceráselles aos interesados un prazo de trinta días para que poidan solicitar as rectificacións que consideren pertinentes, que serán resoltas polo ministerio.

3) A escala confeccionarase conforme as seguintes regras:

a) O posto na escala estará determinado pola antigüidade de servizos na categoría, segundo a orde dos respectivos nomeamentos.

b) Así mesmo, indicaranse por separado os secretarios xudiciais de cada categoría en activo ou noutra situación que leve implícito o aboamento de servizos, e os que estivesen excedentes voluntarios, suspensos definitivos ou en calquera outra situación administrativa.

As relacións de secretarios xudiciais de primeira e segunda categoría incluírán exclusivamente os que as tivesen consolidadas. Na correspondente á terceira categoría, distínguense os que a tivesen consolidada daqueles que estivesen en período de consolidación. Os que accedan ao corpo de secretarios xudiciais, unha vez superado o proceso selectivo, incorporaranse á relación da terceira categoría, dentro dos que se encontran en período de consolidación, e ao final desta, pola orde de puntuación obtida no dito proceso selectivo.

c) Na escala deberán figurar os seguintes datos: número de orde, apelidos e nome de cada funcionario, número do documento nacional de identidade, data de nacemento, data do primeiro nomeamento no corpo, corpo de ingreso ou procedencia, data de antigüidade na categoría e suma total de servizos prestados.

CAPÍTULO IV

Xornada e horarios

Artigo 103. *Establecemento de xornada e horarios de traballo.*

1) A duración da xornada xeral de traballo efectivo en cómputo anual e daquelas xornadas que deban ser realizadas en réxime de dedicación especial, así como as súas especificidades, será fixada por unha resolución do órgano competente do Ministerio de Xustiza, logo dun informe das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza e negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

Os secretarios xudiciais deberán exercer a súa actividade nos termos que exixan as necesidades do servizo. Para tal efecto, o Ministerio de Xustiza, logo dun informe das comunidades autónomas con traspasos asumidos e da negociación coas organizacións sindicais, determinará as compensacións horarias e cómputos especiais cando a atención das actuacións procesuais urxentes e inaprazables supoña un exceso de horas sobre a xornada que se realiza.

2) A duración da xornada xeral semanal será igual á establecida para a Administración xeral do Estado. Os secretarios xudiciais poderán realizar xornadas reducidas, nos supostos e coas condicións establecidas legal e regulamentariamente.

3) Poderanse establecer xornadas só de mañá ou xornadas de mañá e tarde para determinados servizos ou órganos xurisdicionais, cando as necesidades do servizo así o aconsellen, e en especial nas unidades de atención ao público, nas cales se tenderá a aumentar o tempo de atención aos cidadáns.

A incorporación dos secretarios xudiciais á xornada de mañá e tarde será voluntaria e deberá ir acompañada de medidas incentivadoras, salvo naqueles casos en que estivesen destinados en postos de traballos singularizados para os cales a relación de postos de traballo establece necesariamente xornada de mañá e tarde por razón das necesidades do servizo; neste caso, as relacións de postos de traballo establecerán os complementos retributivos correspondentes.

4) A distribución da xornada e a fixación dos horarios determinarase a través do calendario laboral que, con carácter anual, aprobará o órgano competente do Ministerio de Xustiza, oídas as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da

Administración de xustiza, logo do informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial e da negociación coas organizacións sindicais. O calendario laboral determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo. Poderán establecerse flexibilidades horarias á entrada e saída do traballo, garantíndose en todo caso un número de horas de obrigada concorrencia continuada.

Os horarios que se establezan deberán respectar en todo caso o horario de audiencia pública.

5) Cando as peculiaridades dalgúns servizos ou órganos xurisdicionais así o aconsellen, poderán establecerse horarios especiais, que figurarán nas relacións de postos de traballo e serán obxecto do complemento retributivo que se determine.

6) O incumprimento da xornada dará lugar ao desconto automático, sen necesidade de expediente disciplinario, das retribucións correspondentes ao tempo non traballado, que se calculará na maneira establecida pola normativa aplicable. Para estes efectos, considérase traballo efectivo o prestado dentro do horario establecido na forma que se determine, tendo en conta as compensacións horarias que procedan, e o que corresponda a permisos retribuídos, así como os créditos de horas retribuídas por funcións sindicais.

Artigo 104. *Réxime de gardas.*

1) O Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de oír o Ministerio de Xustiza, o Ministerio Fiscal e as comunidades autónomas con traspasos recibidos, así como os colexios de avogados e procuradores de cada demarcación, determinará os órganos xurisdicionais e outros servizos da Administración de xustiza que teñen que permanecer en servizo de garda, así como os horarios e as condicións en que se realizará este.

2) O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios garantirán a asistencia necesaria aos órganos ou servizos xudiciais en funcións de garda. Para tal efecto, logo da negociación coas organizacións sindicais e de oír as asociacións profesionais legalmente constituídas, o Ministerio de Xustiza determinará o número de secretarios xudiciais que deben prestar o dito servizo, a permanencia no órgano xudicial ou servizo ou a situación de dispoñibilidade destes e organizarán e distribuirán o horario que se vai realizar.

TÍTULO V

Provisión de postos de traballo

CAPÍTULO I

Formas de provisión e órganos competentes para convocar

Artigo 105. *Formas de provisión.*

1) Os postos de traballo vacantes ou cuxo titular se encontre na situación de servizos especiais proveranse de acordo cos procedementos de concurso, que é o sistema ordinario de provisión, ou de libre designación, cando se trate de postos de carácter directivo ou de especial responsabilidade.

2) O sistema de provisión determinarase nas correspondentes relacións de postos de traballo e en atención á natureza das funcións que se vaian desempeñar.

3) Excepcionalmente e cando as necesidades do servizo o requiran, os postos de traballo tamén se poderán cubrir de xeito temporal mediante adscrición provisional ou en comisión de servizos, na forma e supostos que se regulan na Lei orgánica do poder xudicial e neste regulamento.

4) Para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, a secretaria xudicial vítima de violencia sobre a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo dos reservados ao seu corpo e de análogas características, que estea vacante e cuxa provisión sexa necesaria.

O Ministerio de Xustiza, en tal suposto, estará obrigado a comunicarlle á interesada as vacantes de necesaria provisión situadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.

O traslado terá unha duración inicial de seis meses, durante os cales a Administración ten a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a secretaria xudicial, que pasará a desempeñar o novo posto de traballo en comisión de servizo. Transcorrido o dito período, a secretaria xudicial deberá optar ben polo posto de traballo de orixe, ben por permanecer con carácter definitivo no posto que viñese ocupando en comisión de servizo.

5) Así mesmo, cando as necesidades do servizo o demanden, os destinos poderán ser cubertos temporalmente por un secretario substituto só no caso de que as substitucións non as poida levar a cabo quen designe, de entre os secretarios titulares, o inmediato superior xerárquico de quen teña que ser substituído.

Artigo 106. *Convocatorias.*

Os procedementos de concurso e libre designación para a provisión de postos de traballo que desempeñarán os secretarios xudiciais rexeranse pola convocatoria respectiva, que se publicará no Boletín Oficial del Estado, con indicación da denominación do posto, localización e retribución, así como, se é o caso, dos requisitos mínimos exixibles e aqueles outros que consten nas relacións de postos de traballo.

Artigo 107. *Órganos competentes.*

O ministro de Xustiza, mediante unha orde ministerial, procederá á convocatoria e resolución dos concursos para a provisión de postos de traballo adscritos aos secretarios xudiciais.

CAPÍTULO II

Provisión de postos de traballo mediante concurso

Artigo 108. *Concurso.*

1) O concurso consiste na comprobación e valoración dos méritos que poidan alegarse, de acordo coas bases da convocatoria e conforme o baremo que se estableza nesta.

2) Atendendo á natureza e funcións dos postos cuxa cobertura se pretende, o concurso poderá ser:

a) Concurso de traslado. Por este sistema, con carácter xeral, proveranse os postos de traballo xenéricos.

b) Concurso específico de méritos. Por este sistema cubriranse os postos de traballo singularizados para cuxa provisión non estea previsto nas relacións de postos de traballo o sistema de libre designación.

Artigo 109. *Concurso de traslado.*

1) Para a adxudicación dos postos de traballo, valoraranse os seguintes méritos:

a) Antigüidade: valorarase por anos completos de servizos, computándose proporcionalmente os períodos

inferiores por meses e días. Para estes efectos os meses consideraranse de trinta días.

b) Na resolución dos concursos para a provisión de destinos no territorio das comunidades autónomas cuxos estatutos de autonomía recoñecen a oficialidade dunha lingua propia distinta do castelán e das que posúen dereito propio terase en conta, ademais da antigüidade a que se refire o punto anterior, o recoñecemento de méritos pola acreditación do coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia da comunidade autónoma e/ou do seu dereito propio.

c) Ademais dos méritos alegados nas alíneas anteriores, as bases da convocatoria poderán incluír a valoración de méritos tales como a experiencia en postos similares ao convocado, cursos de formación e perfeccionamento ou outros que se determinen na convocatoria sen que a puntuación outorgada por eses méritos poida ser superior ao quince por cento da puntuación total.

2) Os concursos resolveranse en primeiro lugar entre os candidatos que tivesen consolidada a categoría persoal correspondente ao grupo do posto que se pretende adxudicar, computándose para estes efectos a antigüidade dentro da categoría mencionada.

Se non houberse candidatos da categoría correspondente ao grupo de postos de traballo convocados, resolverase entre o resto dos solicitantes, computándose para estes efectos a antigüidade no corpo.

3) O coñecemento oral e escrito da lingua oficial propia das comunidades autónomas suporá un recoñecemento, só para estes efectos, dunha puntuación máxima equivalente a tres anos de antigüidade, segundo o nivel de coñecemento consonte a normativa en vigor nas comunidades autónomas, acreditado mediante a oportuna certificación.

Nas convocatorias de provisión de postos en que se valoren as linguas oficiais das comunidades autónomas conforme o disposto no presente artigo, recollerase a necesidade de certificar por parte das comunidades autónomas a homologación e o nivel a que correspondan os títulos achegados.

4) O coñecemento do dereito propio dunha comunidade autónoma debidamente acreditado por medio de certificación oficial valorarase cunha puntuación equivalente a un ano de antigüidade.

5) Cando se aleguen conxuntamente os méritos a que se refiren os parágrafos anteriores, o cómputo do mérito será o que corresponda á suma, se é o caso, das puntuacións correspondentes a ambos.

Os secretarios xudiciais que desexen alegar os méritos antes establecidos deberán solicitar o seu recoñecemento ante o Ministerio de Xustiza só para eses efectos. Coa solicitude achegarán un título ou certificación oficiais do coñecemento da lingua e/ou do dereito propio. Mediante os correspondentes convenios coas universidades e comunidades autónomas poderán procederse á determinación dos títulos oficialmente recoñecidos para estes fins e ao establecemento, se é o caso, das actividades de formación destinadas á obtención dos ditos títulos. O Ministerio de Xustiza valorará a autenticidade e suficiencia do título presentado, recoñecerá ou denegará o mérito, mediante resolución motivada, para os efectos de concursos de traslado. A resolución recaída comunicaráse ao interesado. Se for estimatoria, ordenarase a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

6) O posto de traballo adxudicárase ao candidato que reúna a maior puntuación de acordo coas normas anteriores.

Artigo 110. Concursos específicos de méritos.

1) Cando, en atención á natureza singularizada dos postos que se vaian cubrir, así se determine nas convocatorias, os concursos poderán constar de dúas fases:

a) Na primeira procederáse á comprobación e valoración dos méritos xerais consonte o establecido na convocatoria.

b) Na segunda fase procederáse á valoración de aptitudes concretas, a través de coñecementos, experiencia, titulacións académicas e aqueloutros elementos que garantan a adecuación do aspirante para o desempeño do posto. Para tal fin, na convocatoria figurará a descrición do posto de traballo, que deberá incluír as especificacións derivadas da natureza da función encomendada a este e a relación das principais tarefas e responsabilidades que o caracterizan. Así mesmo, deberá fixar os méritos específicos adecuados ás características dos postos mediante a delimitación dos coñecementos profesionais, estudos, experiencias, titulación e demais condicións que garantan a adecuación para o desempeño do posto, e poderá establecerse ademais a elaboración de memorias e/ou a realización de entrevistas.

A memoria consistirá nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo do candidato, con base na descrición contida na convocatoria. As entrevistas versarán sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto, de acordo co previsto na convocatoria e, se é o caso, sobre a memoria, e poderán estenderse á comprobación dos méritos alegados.

2) As convocatorias fixarán as puntuacións máximas e mínimas das dúas fases, sen que en ningún caso a valoración da segunda fase poida superar o 40 por 100 da puntuación máxima total de ambas as fases.

3) A valoración dos méritos deberá efectuarse mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión de valoración, debendo desbotarse para estes efectos a máxima e mínima concedidas ou, se é o caso, unha das que aparezan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberá reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

4) A proposta de resolución deberá recaer sobre o candidato que obtivese maior puntuación, sumados os resultados finais das dúas fases.

5) O Ministerio de Xustiza regulará, de consideralo conveniente, a posible realización de cursos de especialización que deberán superarse para a cobertura de determinados postos de traballo que así o requiran, cursos que organizará, se é o caso, o Centro de Estudos Xurídicos.

Artigo 111. Comisións de valoración.

1) A avaliación de méritos corresponderalle a unha comisión de valoración que será nomeada polo Ministerio de Xustiza e que estará integrada por:

a) O secretario xeral da Administración de xustiza, que a presidirá, e dous funcionarios da Administración xeral do Estado destinados no Ministerio de Xustiza e pertencentes ao grupo A, dos cales un exercerá as funcións de secretario da comisión.

b) Dous secretarios xudiciais, por proposta das organizacións sindicais máis representativas.

c) Dous secretarios xudiciais por proposta do Consello do Secretariado.

2) Tamén poderán actuar, en calidade de asesores, os expertos que poida solicitar a comisión de valoración, designados pola autoridade convocante, que actuarán con voz pero sen voto.

3) A comisión de valoración propondrá o candidato que obtivese maior puntuación.

4) No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo ao número de orde da escala.

5) Os méritos valoraranse con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmentemente coa solicitude de participación. Nos procesos de valoración poderán solicitarse dos interesados as aclaracións ou, se é o caso, a documentación adicional que se estimen necesarias para a comprobación dos méritos alegados.

6) Nas convocatorias deberá fixarse unha puntuación mínima para a adxudicación de destino.

CAPÍTULO III**Procedementos dos concursos****Artigo 112. Convocatoria de concursos.**

1) As convocatorias para a provisión de postos de traballo adscritos aos secretarios xudiciais deberán conter as bases destas, coa denominación, localización dos postos de traballo ofrecidos, os requisitos exixidos para o seu desempeño, o complemento xeral do posto e o complemento específico.

2) Ademais deberán conter, no suposto de concursos específicos, os méritos que se van valorar e o baremo consonte o cal se puntuarán estes, así como a previsión, se é o caso, de memorias e/ou entrevistas e a composición das comisións de valoración.

Artigo 113. Requisitos e condicións de participación.

1) Poderán participar nestes concursos os secretarios xudiciais, calquera que sexa a súa situación administrativa, con excepción dos que se encontren nalguna das situacións previstas no punto dous deste artigo, sempre que reúnan as condicións xerais exixidas e os requisitos determinados na convocatoria na data en que termine o prazo de presentación das solicitudes de participación.

En todo caso, para poder concursar será necesario que transcorrese un período mínimo de dous anos, que se contará desde a data da resolución pola que se convocou o concurso de traslados en que o funcionario obtivo o seu último destino definitivo, desde o que participa, ou desde a data de resolución en que se lle adxudicou o destino definitivo, se se trata de funcionarios de novo ingreso. Os secretarios xudiciais que non teñan destino definitivo, obrigados a participar nos concursos de acordo coa normativa vixente, están excluídos desta limitación temporal.

2) Non poderán tomar parte nos concursos:

a) Os declarados suspensos en firme, mentres dure a suspensión.

b) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria por interese particular, durante o período mínimo obrigatorio de permanencia na dita situación.

c) Os sancionados con traslado forzoso fóra do municipio de destino ata que transcorran os prazos dun ou tres anos a que se refire o artigo 538 da Lei orgánica do poder xudicial. Os ditos prazos computaranse desde a data de toma de posesión no destino ao cal fosen trasladados; e, no caso de que a sanción non se executase no prazo dun mes desde a notificación da resolución ao interesado, o cómputo comezará o día seguinte ao da finalización do dito prazo.

3) Os secretarios que estean desempeñando unha praza reservada de acordo co establecido no artigo 118 da Lei orgánica do poder xudicial, e a ocupen definitiva-

mente ao resultar vacante, non poderán volver concursar se non transcorreron dous anos desde a data da resolución en que se convocou a praza que se lles adjudicou provisionalmente.

Artigo 114. Forma e prazo de presentación de instancias.

1) As solicitudes de participación dirixiráselle ao órgano convocante e conterán, cando sexan varios os postos solicitados, a orde de preferencia destes, así como a data da resolución referida no punto 3 do artigo anterior.

2) O prazo de presentación de instancias, que deberán ter entrada no rexistro xeral do ministerio ou dos organismos que se determinen na Lei de procedemento administrativo, será o fixado na convocatoria.

Artigo 115. Solicitudes condicionadas.

No suposto de estaren interesados nos postos de traballo que se anuncien nun determinado concurso para un mesmo partido xudicial ou provincia dous secretarios xudiciais que reúnan os requisitos exixidos, poderán condicionar as súas peticións ao feito de que ambos obteñan destino nese concurso no mesmo municipio, partido xudicial ou provincia, e entenderanse, en caso contrario, desistidas as peticións condicionadas efectuadas por ambos. Os secretarios que se acollan a esta petición condicionada deberán concretalo nas súas instancias e achegar fotocopia da solicitude do outro secretario.

Artigo 116. Resolución.

1) O prazo para resolver o concurso será de tres meses se se tratase de postos xenéricos e de catro se tivesen o carácter de singularizados, que se contarán desde o día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2) A resolución do concurso, que se publicará no Boletín Oficial del Estado, deberá ser motivada e acreditará o cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos candidatos.

Artigo 117. Toma de posesión.

1) O prazo para tomar posesión será de tres días naturais se o destino non implica cambio de residencia, de oito días naturais se implica cambio de localidade dentro da mesma comunidade autónoma, ou de vinte días naturais se é consecuencia do reingreso ao servizo activo ou comporta cambio de comunidade autónoma, con excepción de Canarias, Illes Baleares, Ceuta ou Melilla; neste caso o prazo será dun mes.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial del Estado ou, se é caso, a partir da data que estableza a propia resolución. Non obstante, o Ministerio de Xustiza poderá, por circunstancias excepcionais, demorar o cesamento no posto de traballo que se viñese desempeñando ata un máximo de vinte días hábiles. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

2) O cómputo dos prazos posesorios iniciárase cando finalicen os permisos e licenzas, incluída a de vacacións, que lles fosen concedidos aos interesados.

3) Tras efectuar a toma de posesión, o prazo posesorio considerarase, para todos os efectos, como de servizo activo, agás nos supostos do reingreso desde a situación

de excedencia voluntaria ou excedencia por coidado de fillos, unha vez transcorrido o primeiro ano.

Artigo 118. Destinos.

1) Os destinos adjudicados serán irrenunciabes, salvo que, antes de finalizar o prazo de toma de posesión, se obteña outro destino mediante convocatoria pública.

2) Non obstante, os titulares dun posto de traballo obtido por concurso específico poderán renunciar a este mediante solicitude razoada, na cal farán constar os motivos profesionais ou persoais para tal renuncia e sempre que desempeñasen o citado posto polo menos durante un ano. En tales supostos quedarán adscritos provisionalmente na mesma forma prevista no artigo 125.2 do presente regulamento.

3) Os destinos adjudicados consideraranse de carácter voluntario e, en consecuencia, non xerarán dereito ao aboamento de indemnización por ningún concepto.

CAPÍTULO IV

Libre designación

Artigo 119. Procedemento de libre designación.

1) No procedemento de libre designación o órgano competente apreciará a idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

2) Poderán proveerse por este sistema os postos directivos e aqueles para os cales, pola súa especial responsabilidade ou dedicación, así se estableza nas relacións de postos de traballo.

3) A facultade para prover os postos de traballo de libre designación adscritos ao corpo de secretarios xudiciais correspóndelle ao secretario de Estado de Xustiza, por proposta do secretario de goberno do territorio en que se encontre o posto de traballo obxecto de provisión, excepto no que se refire aos postos de secretario de goberno e secretario coordinador provincial, cuxa cobertura se rexe polo disposto nos artigos 15 e 17 deste regulamento, respectivamente.

4) Cando se trate do nomeamento de secretarios xudiciais para postos de traballo radicados no ámbito territorial dunha comunidade autónoma con trasposos recibidos, requirirase o informe previo do órgano competente da devandita comunidade autónoma.

Artigo 120. Convocatoria.

A designación realizarase logo dunha convocatoria pública, na cal, ademais da descrición do posto e requisitos para o seu desempeño contidos nas relacións de postos de traballo, poderán recollerse as especificacións derivadas da natureza das funcións encomendadas a este.

Artigo 121. Solicitudes.

As solicitudes dirixiráselle ao órgano convocante dentro do prazo que se estableza na convocatoria e que empezará a computarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Artigo 122. Nomeamentos.

1) Os nomeamentos deberán efectuarse nun prazo non superior a tres meses a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2) As resolucións dos nomeamentos de libre designación motivaranse con referencia ao cumprimento por parte do candidato elixido dos requisitos e especificacións exixidas na convocatoria, e a competencia para proceder a este. En todo caso, deberá quedar acreditada, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

Artigo 123. *Toma de posesión.*

O réxime de toma de posesión do novo destino será o establecido no artigo 117 deste regulamento.

Artigo 124. *Cesamento.*

1) Os secretarios xudiciais nomeados para postos de traballo de libre designación poderán cesar por decisión do Ministerio de Xustiza con carácter discrecional. Tamén poderá propor o cesamento destes o secretario de goberno do seu ámbito territorial. A resolución pola que se acorde o dito cesamento deberá ser motivada exclusivamente no que se refire á competencia para adoptala. As persoas que cesen quedarán adscritas provisionalmente, e mentres non obteñan outro destino con carácter definitivo, a un posto de traballo correspondente ao seu corpo e categoría dentro do mesmo municipio e con efectos do día seguinte ao do cesamento. De non haber vacante nun posto da súa categoría, quedarán adscritos a calquera outro posto asignado aos secretarios xudiciais dentro do mesmo municipio.

2) Os secretarios que cesen gozarán de dereito preferente para ocupar, a primeira vez que se anuncien a concurso, postos de traballo xenéricos na mesma localidade onde servían cando se produciu o seu cesamento. De non participaren no dito concurso, ou non obteren ningún dos postos solicitados, adxudicáraselles con carácter definitivo calquera dos postos non adxudicados neste concurso.

3) O cesamento dos secretarios de goberno e dos secretarios coordinadores provinciais rexerase polo especialmente disposto no artigo 19 deste regulamento.

Artigo 125. *Renuncia.*

1) Con carácter xeral os titulares dun posto de traballo obtido por libre designación poderán renunciar a este, mediante solicitude razoada na cal farán constar os motivos profesionais ou persoais que o levan a tal renuncia e sempre que desempeñasen o citado posto polo menos durante un ano e coa condición de que tal renuncia non prexudique o funcionamento do servizo público. A renuncia dos secretarios de goberno e secretarios coordinadores provinciais rexerase polo especialmente establecido nos artigos 15 e 17, respectivamente, deste regulamento.

2) Logo de faceren efectiva a renuncia quedarán adscritos provisionalmente a unha praza na mesma localidade, mentres non obteñan outra con carácter definitivo, con efectos do día seguinte ao da data do cesamento. Estarán obrigados a participar en todos os concursos que se convoquen, solicitando todas as prazas da localidade onde radique o posto de traballo ao cal renunciaron ata obteren destino definitivo.

CAPÍTULO V

Outras formas de provisión. Adscrición provisional. Comisión de servizo. Substitucións

SECCIÓN 1.^a ADSCRICIÓN PROVISIONAL

Artigo 126. *Adscrición provisional.*

Os secretarios xudiciais serán adscritos con carácter provisional nos seguintes supostos:

1) Os que cesen nun posto de traballo para o que foron nomeados polo sistema de libre designación na forma que se establece no artigo 124 deste regulamento.

2) Os titulares dun posto de traballo obtido por concurso específico ou por libre designación que renuncien a estes, na forma establecida nos artigos 118.2 e 125 deste regulamento.

3) Tamén poderán ser adscritos provisionalmente a un posto de traballo correspondente ao seu corpo, os secretarios que reingresen ao servizo activo desde situacións que non comportasen reserva de posto de traballo. Igualmente serán adscritos provisionalmente os declarados en situación de suspensión definitiva unha vez terminada esta e os que obtivesen a rehabilitación. Nestes supostos, a adscrición estará condicionada ás necesidades do servizo.

O destino asignado con carácter provisional será incluído para a súa provisión definitiva no primeiro concurso que se convoque; o secretario adscrito quedará obrigado, para obter destino definitivo, a participar no concurso que se convoque e a solicitar, entre outros, o posto que ocupa provisionalmente.

De non participar no primeiro concurso convocado con posterioridade á adscrición provisional, pasará á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Se non obtivese destino definitivo, adxudicáraselle de forma definitiva calquera dos postos de traballo que resulten vacantes no dito concurso.

4) Cando se produza a supresión da praza de que sexa titular un secretario xudicial, este quedará adscrito, á disposición do secretario de goberno do tribunal superior de xustiza correspondente, e sen mingua das retribucións que veña percibindo. Mentres permaneza nesta situación prestará os seus servizos nos postos que determine o secretario de goberno, xerando dereito ás indemnizacións correspondentes por razón do servizo cando estes se prestaren en lugar distinto do do seu último destino. Cando os secretarios xudiciais queden en situación de adscritos, serán destinados á primeira vacante que se produza no centro de destino ao cal pertencese a praza que estaban ocupando.

5) Por reingreso ao servizo activo procedente da situación de excedencia voluntaria do artigo 65 e) deste regulamento.

6) Cando se producise unha situación de incompatibilidade ou prohibición por circunstancias sobrevidas, que dea orixe ao traslado forzoso e non existise vacante que non implique cambio de residencia, suposto no que será aplicable o réxime establecido no punto 4 deste mesmo artigo.

7) Cando se reincorpore ao seu posto de traballo o titular que se encontraba en situación de servizos especiais. Neste caso, de existir vacante no seu mesmo centro de destino, asignáraselle esta con carácter definitivo. En caso contrario, procederá de acordo co previsto no número 4 deste artigo.

SECCIÓN 2.^a COMISIÓN DE SERVIZO

Artigo 127. *Comisión de servizo.*

1) Cando un destino quedase vacante poderá ser cuberto en caso de urxente e inaprazable necesidade mediante unha comisión de servizos de carácter voluntario.

2) Poderán acordarse comisións de servizos:

a) Para prestar servizo nun posto de traballo reservado a secretarios xudiciais, distinto daquel do que sexa titular, con ou sen exoneración de funcións.

b) Para prestar servizos no Ministerio de Xustiza, con ou sen exoneración de funcións.

c) Para participar en misións de cooperación xurídica internacional, cando non proceda a declaración de

servizos especiais. Neste caso, a comisión comportará exoneración de funcións se exige o desprazamento do secretario xudicial fóra do lugar en que teña o seu posto de traballo.

3) As comisións de servizo non poderán exceder dun ano prorrogable por outro e serán acordadas polo Ministerio de Xustiza, polo prazo que estime conveniente, para o que será preceptivo o informe do secretario de goberno correspondente. Os secretarios coordinadores provinciais poderán realizar as propostas de comisións de servizo que crean convenientes para a cobertura de necesidades do seu ámbito competencial. Requirirán a conformidade do interesado e só poderán conferirse se o prevalente interese do servizo e as necesidades da Administración de xustiza o permiten.

4) Aos secretarios xudiciais que se encontren en comisión de servizo con exoneración de funcións reservaráselles o seu destino, que poderá ser cuberto provisionalmente. Mentres dure a comisión percibirán as retribucións complementarias do posto que efectivamente desempeñen.

5) En todos os casos en que a comisión vaia proporse con exoneración de funcións, será requisito previo para o seu outorgamento que, a xuízo do secretario xeral da Administración de xustiza, logo do informe do secretario coordinador provincial en cuxo ámbito territorial se encontre o centro de destino de procedencia, a ausencia do secretario xudicial a quen afecte vaia cubrirse, ao tempo de producirse, de forma satisfactoria mediante as fórmulas previstas neste regulamento. Das ditas apreciacións farase a oportuna mención na proposta do secretario coordinador provincial que, ademais, deberá reflectir a aceptación do secretario xudicial cuxa comisión se propón e expresar se este ten que quedar ou non exonerado das súas funcións, no seu propio destino.

6) Toda proposta de comisión de servizo deberá expresar se a súa concesión debe acordarse ou non con dereito á percepción de axudas de custo e gastos de desprazamento, así como o réxime retributivo correspondente.

SECCIÓN 3.^a SUBSTITUCIÓN

Artigo 128. *Substitucións.*

1) As substitucións por ausencia, enfermidade, suspensión ou vacante de secretarios xudiciais serán cubertas por quen designe o seu inmediato superior xerárquico. Esta designación unicamente poderá recaer noutro secretario xudicial, ou nun secretario xudicial substituto.

2) Como norma xeral os secretarios xudiciais substituiranse entre si. Con carácter excepcional e subsidiario, unha vez esgotadas as posibilidades entre titulares, poderán ser nomeados secretarios substitutos, mesmo sen pertencer ao corpo de secretarios xudiciais, sen carácter de profesionalidade e con inamovibilidade temporal, posuíndo os mesmos dereitos e deberes do secretario titular e con idéntica amplitude ca este.

Artigo 129. *Substitución ordinaria.*

1) De acordo co disposto no artigo 464 da Lei orgánica do poder xudicial, os secretarios de goberno do Tribunal Supremo e da Audiencia Nacional, así como os das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, serán substituídos polo secretario de maior antigüidade na escala dos seus respectivos tribunais ou cidade; e os secretarios de goberno dos tribunais superiores de xustiza serán substituídos polo secretario coordinador da provincia onde teña a súa sede o mencionado tribunal, ou de non o haber, polo secretario de maior antigüidade na escala dos destinados no dito tribunal.

Nas súas funcións de secretarios das respectivas salas de goberno, os secretarios de goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza serán substituídos polo vicesecretario de goberno de cada un destes tribunais.

2) Os secretarios coordinadores provinciais serán substituídos polo secretario xudicial que designe o secretario de goberno, de entre os destinados na provincia respectiva que reúnan os requisitos exixidos para o dito cargo.

3) Nos demais casos, as substitucións serán acordadas polos inmediatos superiores xerárquicos, respecto aos secretarios xudiciais destinados no seu ámbito de competencia. Para acordar a substitución deberán ter en conta a imprescindible presenza do secretario que se designa na celebración das vistas, comparecencias e demais actuacións procesuais en que a súa presenza sexa necesaria, así como a prestación do servizo de garda.

4) Con carácter xeral, e sempre que as necesidades do servizo non aconsellen outra cosa, as substitucións efectuaranse cos seguintes criterios:

a) Os secretarios das unidades procesuais de apoio directo das distintas salas do Tribunal Supremo substituiranse na seguinte forma:

Se a sala se constituíse en distintas seccións, os secretarios xudiciais destas substituiranse entre si, e no seu defecto serán substituídos polos das restantes salas.

Se a sala non estivese dividida en seccións, o secretario será substituído polos das restantes salas.

Iguais criterios serán aplicables para as substitucións dos secretarios xudiciais das distintas salas da Audiencia Nacional e dos tribunais superiores de xustiza.

b) Os secretarios destinados nas unidades procesuais de apoio directo das seccións das audiencias provinciais serán substituídos por calquera dos secretarios destinados nas unidades procesuais de apoio directo das restantes seccións ou, de non resultar isto posible, por un secretario destinado nos servizos comúns procesuais. Se só houbese unha sección, o secretario da súa unidade procesual de apoio directo será substituído por un secretario dos destinados nos servizos comúns procesuais existentes no partido xudicial onde teña a súa sede a audiencia.

c) Os secretarios xudiciais destinados nas unidades procesuais de apoio directo dos órganos unipersonais radicados no mesmo partido xudicial serán substituídos polos que presten os seus servizos no mesmo centro de destino, se isto fose posible. De non ser así, a substitución terá lugar con secretarios doutro centro de destino que radique no mesmo partido xudicial ao cal pertencese o secretario que se vaia substituír.

d) Cando se trate dun partido xudicial en que existise un só órgano xudicial e en cuxa oficina prestase servizos un único secretario xudicial, procederase a acordar unha comisión de servizo doutro secretario xudicial, a ser posible destinado no partido xudicial máis próximo.

e) Nos servizos comúns procesuais, se houbese un só secretario xudicial substituirao o máis antigo do partido xudicial onde radique o dito servizo común. Se houbese varios secretarios xudiciais, estes substituiranse entre si.

Artigo 130. *Quendas de substitución.*

1) Consonte os criterios indicados, serán elaboradas polo secretario coordinador provincial as quendas de substitución entre secretarios xudiciais do seu ámbito de competencia, sen prexuízo das modificacións que poidan producirse a medida que cambien as situacións tidas en conta para a elaboración daquelas. Na fixación dos sistemas de quendas, deberá terse en conta a prioridade abso-

luta da celebración de vistas e a cobertura dos servizos de garda.

2) Logo de que os secretarios coordinadores provinciais establezan as quendas e, se é o caso, cada unha das modificacións, poranse en coñecemento do secretario de goberno quen, pola súa vez, llelas comunicará á sala de goberno do tribunal superior de xustiza, ao Ministerio de Xustiza e á comunidade autónoma, se esta ten competencias asumidas en materia de xustiza.

3) Ao concederse as vacacións, permisos e licenzas, os secretarios de goberno terán en conta as prioridades a que se refire o artigo 92.4), así como estas quendas, de maneira que non se produzan situacións predeterminadas de imposibilidade de substitución, e poderá denegarse por estes motivos o gozo de vacacións, permisos ou licenzas nas datas solicitadas.

Artigo 131. *Efectividade e comunicación.*

1) Tras producirse a situación que dea lugar á substitución, o secretario xudicial que deba ser substituído comunicarllo inmediatamente ao secretario xudicial que deba substituílo de acordo coas quendas previamente establecidas ou ao secretario coordinador provincial, quen pola súa vez llo comunicará ao secretario de goberno para os efectos procedentes.

Cando a substitución xere dereitos económicos conxunto o establecido regulamentariamente, o secretario de goberno deberá comunicarllo ao Ministerio de Xustiza.

2) Se por circunstancias extraordinarias a substitución non puidese facerse efectiva de maneira automática, porase inmediatamente en coñecemento do secretario coordinador provincial, quen resolverá, no mesmo momento, designando quen deba realizar a substitución, procurando que esta se realice preferentemente entre titulares. Cando for preciso acordar unha comisión de servizo, instaráa con carácter inmediato do Ministerio de Xustiza.

3) Procurarase que ningún secretario titular asuma, simultaneamente, máis dunha substitución.

Artigo 132. *Comunicación de incidencias.*

Se se producise a suspensión dunha vista ou de calquera actuación procesual por ausencia de secretario xudicial, o coordinador provincial porao en coñecemento do secretario de goberno con carácter inmediato, con expresión das causas que a motivasen e das medidas que se adoptaron para tratar de evitar tal suspensión. O secretario de goberno deberá comunicarllo ao Ministerio de Xustiza, no prazo máximo de 24 horas, con indicación das circunstancias concorrentes.

Artigo 133. *Secretarios substitutos.*

No suposto de que nalgún dos postos de traballo reservados a secretarios xudiciais non puidese facerse efectiva a substitución mediante o mecanismo ordinario do artigo 129 deste regulamento, a designación recaerá nun secretario xudicial substituto, cuxa selección, nomeamento e cesamento se axustará ao procedemento que se establece nos artigos seguintes.

Artigo 134. *Bolsas de traballo.*

1) Co obxecto de dispor dunha bolsa de candidatos para exerceren como secretarios substitutos, os secretarios de goberno solicitaránlle ao Ministerio de Xustiza unha autorización para a constitución de bolsas de secretarios substitutos de ámbito provincial, con número suficiente para dar cobertura ás necesidades do seu territorio, máis unha cota de reserva formada por un número de

aspirantes que represente como máximo un 30 por 100 do conxunto de substitutos que integra cada bolsa.

2) Para os órganos centrais da Administración de xustiza que estenden o seu ámbito competencial a todo o territorio nacional constituirase unha única bolsa, e será competente para a súa xestión o secretario de goberno do Tribunal Supremo.

3) Estas bolsas terán unha vixencia dun ano, prorrogable por outro máis.

Artigo 135. *Convocatoria das bolsas.*

1) O Ministerio de Xustiza establecerá mediante resolución o baremo e os criterios de puntuación a que deberán suxeitarse as convocatorias de bolsas de traballo de secretarios xudiciais substitutos.

2) Atendendo ás previsións que realicen os secretarios de goberno, o Ministerio de Xustiza acordará a convocatoria de bolsas de traballo provinciais, que se anunciarán no Boletín Oficial del Estado e no boletín ou diario oficial da comunidade autónoma respectiva.

3) A convocatoria axustarase como mínimo ás seguintes bases, sen prexuízo daquelas outras que poidan establecerse:

a) Poderán tomar parte no concurso os licenciados en dereito que reúnan os requisitos exixidos para o ingreso no corpo de secretarios xudiciais.

b) Non poderán participar as persoas que xa cumprisen a idade de xubilación ou vaian cumprila no transcurso do ano de vixencia da bolsa.

c) Os interesados presentarán a solicitude na forma, lugar e prazos que se determine na convocatoria.

d) As instancias e os documentos que as acompañen referiranse ao modelo de solicitude que se publicará coa convocatoria. En todo caso uniráselle a esta unha fotocopia compulsada do DNI, do título de licenciado en dereito ou do xustificante do pagamento das taxas para a súa expedición e a certificación do expediente académico, así como un certificado médico oficial que acredite non padecer defecto psíquico ou enfermidade psíquica ou física que o incapacite para o desempeño do cargo.

e) Ademais, achegaranse cantos documentos resulten acreditativos dos méritos alegados polos aspirantes.

f) O certificado de antecedentes penais será requirido polo Ministerio de Xustiza unicamente das persoas que resulten seleccionadas e non estean en activo no corpo de xestión procesual e administrativa.

g) Os que pertencen a algún corpo da Administración e estivesen en situación de servizo activo achegarán unha certificación de non encontrarse suspendidos en virtude de expediente disciplinario, agás no suposto de pertenza ao corpo de xestión procesual e administrativa; neste caso a dita acreditación realizárase de oficio o Ministerio de Xustiza.

h) Os aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados con grao igual ou superior ao 33 por 100 deberán presentar unha certificación dos órganos competentes que acredite a súa capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias do corpo de secretarios xudiciais.

4) Os que formasen parte dunha bolsa, no momento da convocatoria dunha nova, deberán, se así o desexan, participar nesta, e procederase á valoración dos méritos alegados de acordo co previsto na convocatoria.

Artigo 136. *Constitución das bolsas.*

1) Terminado o prazo de presentación de solicitudes, os respectivos secretarios de goberno procederán á valoración dos méritos alegados polos aspirantes que reúnan os requisitos exixidos no artigo anterior.

2) A selección dos aspirantes realizarase mediante a valoración dos méritos alegados por eles. No baremo que se estableza, valoraranse os seguintes méritos, entre outros:

- a) Expediente académico.
- b) Ser doutor en dereito e cualificación alcanzada na obtención deste grao.
- c) Anos de exercicio efectivo da avogacía ante os xulgados e tribunais, ditames emitidos e asesoramentos prestados. O tempo de exercicio profesional computarase desde a data da primeira alta como exercente en calquera colexio.
- d) Actuar con anterioridade como oficial habilitado e tempo de duración da dita habilitación.
- e) Realizar con anterioridade tarefas de substitución de secretarios xudiciais, xuíces ou fiscais e tempo efectivo destas substitucións.
- f) Anos de servizo efectivo como profesores de disciplinas xurídicas en universidades públicas ou privadas, ou colaborador en departamentos de tales disciplinas.
- g) Anos de servizo como funcionario de carreira en calquera outro corpo das administracións públicas para cuxo ingreso se exixa expresamente estar en posesión do título de licenciado en dereito. O tempo de exercicio profesional computarase desde que foron nomeados funcionarios en prácticas ou desde a data de toma de posesión no seu primeiro destino.
- h) Publicacións científico-xurídicas.
- i) Relatorios e comunicacións en congresos e cursos de interese xurídico.
- j) Realización de cursos de especialización xurídica.
- k) Ter aprobado algún dos exercicios que integren as probas de acceso pola quenda libre ao corpo de secretarios xudiciais, da carreira xudicial ou fiscal ou de calquera oposición para a cal se exixise ter a condición de licenciado en dereito.
- l) Tempo de servizos, se é o caso, no corpo de xestión procesual e administrativa.
- m) Ter coñecementos do dereito e/ou da lingua propios nas comunidades autónomas que contén con eles, cando se tratase de bolsas de secretarios xudiciais substitutos para centros de destinos radicados en territorio das ditas comunidades.

3) Nas bases estableceranse as previsións necesarias para que o secretario de goberno cualificador poida ter coñecemento de cantas incidencias puidesen afectar os concursantes durante a súa vida profesional e que puidesen ter importancia para valorar a súa aptitude no desempeño da función de secretario xudicial.

4) O secretario de goberno, tendo en conta a documentación achegada polos aspirantes, deberá valorar os méritos consonte os criterios de puntuación que se recollan na convocatoria.

5) Unha vez recibidas e valoradas as solicitudes, o secretario de goberno procederá á elaboración dunha lista provisional de seleccionados ordenados de maior a menor puntuación obtida, así como da cota de reserva, listas nas cales deberá figurar o nome, apelidos, número de documento nacional de identidade, número de orde e puntuación obtida por cada un dos candidatos. As devanditas listas publicaranse nos taboleiros de anuncios dos tribunais superiores de xustiza, audiencias provinciais, decanatos das capitais, unidades administrativas, delegacións do Goberno e sede central do Ministerio de Xustiza. A correspondente a secretarios xudiciais substitutos de órganos centrais será anunciada, ademais, no Tribunal Supremo e na Audiencia Nacional.

Os interesados terán dez días hábiles para efectuaren reclamacións perante o órgano convocante, que elevará a lista a definitiva no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da expiración daquel prazo, anunciándoa na mesma forma ca a prevista para a convocatoria.

6) Non se poderá formar parte de máis dunha bolsa de traballo. Os aspirantes que fosen seleccionados en máis dunha bolsa deberán optar, no mesmo prazo concedido para efectuar reclamacións, pola bolsa de que desexen formar parte; de non facelo, procederase de oficio á súa exclusión da bolsa en que obtiveron menor puntuación.

7) Unha vez confirmada polo Ministerio de Xustiza a relación dos aspirantes definitivamente admitidos, e publicada na forma sinalada no punto 5) así como na páxina web do ministerio, seralles remitida aos secretarios de goberno correspondentes.

8) Os que estivesen prestando servizo nun posto de traballo no momento de constitución dunha nova bolsa, continuarán neste ata que se produza o seu cesamento polas causas previstas.

Artigo 137. *Chamamento e nomeamento de secretarios substitutos.*

1) O chamamento realizarao o secretario coordinador provincial no seu ámbito territorial e producirase por rigorosa orde de colocación dos aspirantes nas bolsas.

2) Malia o anterior, os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa, en servizo activo, que, reunindo os requisitos necesarios de titulación e demais exixidos, formasen parte da bolsa, serán obxecto de chamamento con preferencia fronte aos demais integrantes das bolsas. Se houbese varios candidatos do citado corpo con idéntica puntuación, o secretario coordinador provincial designará, en primeiro lugar, o destinado na mesma unidade onde se teña que producir a substitución e a seguir, os que presten servizos no mesmo centro de destino.

3) Os secretarios coordinadores provinciais no seu respectivo ámbito territorial en todo caso deberán solicitar a autorización do Ministerio de Xustiza para que este, no prazo máis breve posible, resolva sobre esta e proceda, se é o caso, á expedición do correspondente nomeamento, se se cumpren todos os requisitos establecidos legal e regulamentariamente. O secretario coordinador provincial exporá e acreditará na solicitude as razóns polas cales non resulta posible a substitución ordinaria entre secretarios xudiciais titulares. Cando o nomeamento vaia recaer nun funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa en servizo activo en comunidades autónomas que recibisen os trasposos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, deberá igualmente achegar unha copia da comunicación previa do posible nomeamento realizada ao órgano competente da dita comunidade en materia de persoal.

4) Os interesados poderán rexeitar un único chamamento durante a vixencia dunha bolsa, e sempre por causas excepcionais debidamente xustificadas e apreciadas polo secretario coordinador provincial. En tal caso permanecerán dentro da bolsa, ben que perderán o seu número de orde e pasarán ao final desta. De rexeitar un segundo chamamento, o interesado quedará excluído da bolsa.

5) Os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa que, tendo preferencia absoluta, rexeitasen un chamamento, perderán a súa preferencia e número de orde, e pasarán ao final da bolsa, salvo causas excepcionais debidamente xustificadas e apreciadas polo secretario coordinador provincial. Se rexeitasen un segundo chamamento, quedarán excluídos da bolsa.

6) Se o chamado non se presentase para tomar posesión ou non xustificase a súa imposibilidade para facelo en tempo e forma ou a dita xustificación non lle fose aceptada, entenderase que renuncia a formar parte da bolsa, e será por tanto excluído dela.

7) Os nomeados deberán tomar posesión, dentro do prazo das vinte e catro horas seguintes á comunicación

do nomeamento, perante o secretario coordinador provincial. Na dilixencia de toma de posesión deberá constar a manifestación expresa do interesado de non desempeñar ningún posto ou actividade, profesión ou oficio incompatible ou prohibido de conformidade co réxime de incompatibilidades e prohibicións establecidos no presente regulamento para os secretarios xudiciais. Os que no momento de ser nomeados viñesen desempeñando emprego, cargo ou profesión incompatible deberán optar no prazo para a toma de posesión e cesar, se é o caso, na actividade incompatible.

8) O nomeamento debidamente dilixenciado coa toma de posesión seralle remitido polo secretario coordinador provincial á unidade administrativa correspondente para os efectos retributivos, de alta na Seguridade Social e outros que procedan.

9) A vinculación xurídica e económica do Ministerio de Xustiza cos secretarios substitutos xorde desde o momento do nomeamento e toma de posesión subsequente.

Artigo 138. *Eficacia temporal dos nomeamentos.*

1) Os nomeamentos de secretarios substitutos quedarán sen efecto e producirán o seu cesamento:

a) No momento da toma de posesión ou reincorporación dos titulares aos seus destinos ou supresión da praza para a cal foron nomeados. Se por algunha circunstancia o secretario titular non ocupase efectivamente o posto de traballo, o cesamento diferirase ata a ocupación efectiva polo secretario titular.

b) Por falsidade nalgún dos requisitos exixidos ou circunstancias alegadas para a súa inclusión nas bolsas.

c) Por sanción disciplinaria firme en vía administrativa distinta da de apercibimento.

d) Por expiración do prazo, ou cando desaparezan as razóns de necesidade ou urxencia por que foron nomeados.

e) Por cumprir a idade de xubilación forzosa establecida na Lei orgánica do poder xudicial e neste regulamento para os funcionarios do corpo de secretarios xudiciais.

f) Por renuncia do interesado debidamente aceptada e xustificada.

g) Por resolución motivada do Ministerio de Xustiza, por proposta do secretario de goberno correspondente, cando concorra algunha das causas de incompatibilidade, incompatibilidade e prohibición e cando deixasen de atender dilixentemente os deberes do cargo ou fosen manifestamente non idóneos no seu desempeño. A resolución adoptárase logo de información sumaria con audiencia do interesado.

2) Os cesamentos comunicaránse ao Ministerio de Xustiza para a súa formalización, así como, se é o caso, á comunidade autónoma con competencias asumidas, cando se tratar dun funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa. Os secretarios substitutos que cesen mentres estea vixente a bolsa de traballo incorporaranse ao final desta por orde cronolóxica de cesamento, salvo que non completasen catro meses de servizo entre todos os destinos servidos desde a constitución desta; neste caso volverán ocupar a orde que lles correspondía antes de seren nomeados. Os secretarios substitutos que cesasen por renuncia voluntaria serán excluídos da bolsa.

Artigo 139. *Estatuto dos secretarios substitutos.*

1) Os secretarios substitutos, durante o tempo polo que fosen nomeados, terán iguais dereitos, deberes e incompatibilidades e prohibicións ca os funcionarios de

carreira do corpo de secretarios xudiciais, sempre que isto sexa adecuado á natureza da súa condición.

2) Tras efectuar a toma de posesión, serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social e incluídos na correspondente nómina. Percibirán as retribucións correspondentes ao posto de traballo desempeñado, excepto a correspondente ao concepto de antigüidade. En canto ás retribucións variables e especiais, a súa percepción rexeráse polas regras xerais aplicables ao corpo de secretarios xudiciais.

TÍTULO VI

Incompatibilidades e prohibicións. Abstención e recusación

CAPÍTULO I

Das incompatibilidades e prohibicións

Artigo 140. *Incompatibilidades.*

1) O cargo de secretario xudicial é incompatible:

a) Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, comunidades autónomas, provincias e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera delas.

b) Cos empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Casa Real, as Cortes Xerais, a Administración do Estado, comunidades autónomas, provincias, municipios e calquera entidade, organismo ou empresa dependente duns e doutras.

c) Cos empregos de toda outra clase nos tribunais e xulgados de calquera orde xurisdiccional.

d) Con todo emprego, cargo ou profesión retribuída, agás a docencia ou investigación xurídica, así como a produción e creación literaria, artística, científica e técnica e as publicacións derivadas daquela, de conformidade co disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

e) Co exercicio da avogacía e da procuradoría.

f) Con todo tipo de asesoramento xurídico, sexa ou non retribuído.

g) Co exercicio de toda actividade mercantil, por si ou por outro.

h) Coas funcións de director, xerente, administrador, conselleiro, socio colectivo ou calquera outra que implique intervención directa, administrativa ou económica en sociedades ou empresas mercantís, públicas ou privadas, de calquera xénero.

2) Os que, exercendo calquera emprego, cargo ou profesión dos expresados nos puntos anteriores, fosen nomeados secretarios xudiciais deberán optar, no prazo de oito días, por un ou outro cargo ou cesar no exercicio da actividade incompatible. Os que non fixesen uso da dita opción no indicado prazo, entenderase que renuncian ao nomeamento de secretario xudicial.

Artigo 141. *Prohibicións.*

1) Os secretarios xudiciais non poderán exercer as súas funcións naquelas unidades procesuais de apoio directo de órganos xudiciais cuxo titular fose un xuíz ou maxistrado ao cal estiveren unidos por vínculo matrimonial ou situación de feito equivalente ou parentesco dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Tratándose de órganos colexiados que estean divididos en seccións, poderán prestar servizos nunha unidade procesual de apoio directo distinta á da sección da cal forme

parte o maxistrado co que existise a relación de vínculo matrimonial, parentesco ou afectividade sinaladas.

2) Tampouco poderán os secretarios xudiciais exercer as súas funcións nas unidades procesuais de apoio directo ou servizos comúns procesuais en que prestasen servizos, baixo a súa dependencia directa, persoas ás cales estivesen unidas polos vínculos e relacións de parentesco ou afectividade anteriormente mencionadas.

3) Igual prohibición lles será aplicable aos secretarios xudiciais das unidades procesuais de apoio directo á Sala do Penal da Audiencia Nacional, sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza e seccións penais das audiencias provinciais e aos que presten servizo nas unidades procesuais de apoio directo aos xulgados de instrución e do penal, con relación aos fiscais destinados nas fiscalías correspondentes aos ditos tribunais, salvo cando no órgano colexiado houberse máis de tres seccións, ou se trate de partidos xudiciais onde existan máis de cinco órganos unipersoais dos citados.

4) Os secretarios de goberno dos tribunais superiores de xustiza e os secretarios coordinadores provinciais das provincias que pertencen á respectiva comunidade autónoma non poderán estar unidos entre si polos vínculos e relacións expresadas no parágrafo primeiro.

5) Os secretarios xudiciais non poderán intervir na tramitación de asuntos nin na execución de resolucións ditadas por quen teña con eles algunha das relacións mencionadas no presente artigo. En virtude deste principio, ademais da obriga de abstención, sempre que concurra calquera dos vínculos mencionados, son incompatibles entre si:

a) Os secretarios xudiciais encargados dos servizos comúns procesuais en que se leve a cabo a tramitación dun asunto ou a execución de resolucións xudiciais, co xuíz ou maxistrado a quen competa a decisión do asunto ou ditase a resolución de cuxa execución se trate.

b) Os secretarios xudiciais encargados dos servizos comúns procesuais que tramiten os expedientes de xurisdición voluntaria, co representante do Ministerio Fiscal que deba intervir no asunto.

6) Os secretarios xudiciais non poderán desempeñar tampouco os seus postos de traballo:

a) Nas oficinas xudiciais dos xulgados e tribunais onde exerzan habitualmente como avogado ou procurador o seu cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade, ou un parente dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta incompatibilidade non será aplicable nas poboacións onde existan dez ou máis xulgados de primeira instancia e instrución ou salas con tres ou máis seccións.

b) Nas oficinas xudiciais dos xulgados ou audiencias provinciais que comprendan dentro da súa circunscrición territorial unha poboación na cal, por posuír el mesmo, o seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación de afectividade, ou parentes de segundo grao de consanguinidade intereses económicos, teñan arraigamento que poida obstaculizarlles o imparcial exercicio da función. Excepciónanse as poboacións superiores a 100.000 habitantes nas cales radique a sede do órgano xurisdiccional.

c) Nas oficinas xudiciais dunha audiencia ou xulgado en que exercesen a avogacía ou o cargo de procurador nos dous anos anteriores ao seu nomeamento.

Artigo 142. *Destino forzoso.*

1) Cando un nomeamento dea lugar a unha situación de prohibición ou incompatibilidade das previstas nos artigos anteriores, quedará este sen efecto e destinarase con carácter forzoso o secretario xudicial, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que puidese incorrerse.

2) Cando a situación de incompatibilidade ou prohibición apareza en virtude de circunstancias sobrevidas, o Ministerio de Xustiza procederá ao traslado forzoso do secretario xudicial nos casos en que tal situación se presente con respecto ás persoas a que se refire o artigo 141.6 a) deste regulamento. En caso de que ambos os afectados posúan a condición de secretario xudicial, procederá o traslado forzoso do último nomeado. Cando a situación de incompatibilidade ou prohibición se presente respecto dun membro das carreiras xudicial ou fiscal, procederase do mesmo xeito se o secretario xudicial fose de menor antigüidade no cargo. Noutro caso, o Ministerio de Xustiza porá en coñecemento do Consello Xeral do Poder Xudicial ou da Fiscalía Xeral do Estado a situación de incompatibilidade ou prohibición, co fin de que se poida propor o traslado do xuíz, maxistrado ou fiscal incompatibles.

Artigo 143. *Competencia para o recoñecemento e denegación de compatibilidades.*

A competencia para a autorización, o recoñecemento ou denegación de compatibilidades consonte o disposto nos artigos precedentes correspóndelle ao director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

CAPÍTULO II

Da abstención e da recusación

Artigo 144. *Abstención.*

O secretario xudicial en quen concurra algunha das causas establecidas legalmente absterase de intervir no asunto sen esperar a ser recusado.

Artigo 145. *Recusación.*

Unicamente poderán recusar os secretarios xudiciais:

1) Nos asuntos civís, sociais e contencioso-administrativos, as partes; tamén poderá facelo o Ministerio Fiscal sempre que se trate dun proceso no cal, pola natureza dos dereitos en conflito, poida ou deba intervir.

2) Nos asuntos penais, o Ministerio Fiscal, o acusador popular, particular ou privado, o demandante civil, o procesado ou inculpado, o querelado ou denunciado e o terceiro responsable civil.

Artigo 146. *Causas.*

Son causas de abstención e, se é o caso, de recusación:

1.^a O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco por consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao coas partes.

2.^a O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco por consanguinidade ou afinidade dentro do segundo grao co letrado ou o procurador de calquera das partes que interveña no asunto, causa ou expediente.

3.^a O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco por consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao co representante do Ministerio Fiscal, cando o secretario xudicial coñeza dun asunto, expediente de xurisdición voluntaria ou de conciliación, ou presida ou interveña como fedatario público nunha actuación procesual en que tivese intervención aquel, e sempre que non constituía causa de incompatibilidade ou prohibición das previstas nos artigos 138 e 139 deste regulamento.

4.^a Que sexa ou fose defensor xudicial ou integrante dos organismos tutelares de calquera das partes, ou estivese baixo o coidado ou tutela dalgunha destas.

5.^a Que estea ou fose denunciado ou acusado por algunha das partes como responsable dalgún delito ou falta, sempre que a denuncia ou acusación deseen lugar á incoación de procedemento penal e este non terminase por sentenza absolutoria ou auto de sobresemento.

6.^a Que fose sancionado disciplinariamente en virtude de expediente incoado por denuncia ou por iniciativa dalgunha das partes.

7.^a Que anteriormente fose defensor ou representante dalgunha das partes, emitise ditame sobre o preito ou causa como letrado, ou interviñese nel como fiscal, perito ou testemuña.

8.^a Que sexa ou fose denunciante ou acusador de calquera das partes.

9.^a Ter preito pendente con algunha destas.

10.^a Amizade íntima ou inimidade manifesta con calquera das partes.

11.^a Ter interese directo ou indirecto no preito, expediente ou causa.

12.^a Que sexa ou fose unha das partes subordinado do secretario xudicial que deba resolver o asunto.

13.^a Que ocupase cargo público, desempeñase emprego ou exercese profesión con ocasión dos cales participase directa ou indirectamente no asunto obxecto do preito ou causa ou noutro relacionado con este.

14.^a O vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, ou o parentesco dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, co xuíz ou maxistrado que ditase resolución ou practicase actuación que deba executar o secretario xudicial.

15.^a Que ocupase o secretario xudicial cargo público ou administrativo con ocasión do cal puidese ter coñecemento do obxecto do asunto que deba celebrar, resolver ou executar e formar criterio en detrimento da debida imparcialidade.

Artigo 147. *Procedemento de abstención.*

1) Cando o secretario xudicial estea destinado nunha unidade procesual de apoio directo, a abstención formularase por escrito motivado dirixido ao xuíz ou maxistrado titular do xulgado ou ao presidente do tribunal colexiado que estea a coñecer do asunto. Cando o secretario xudicial desempeñe as súas funcións nun servizo común procesual, o escrito motivado será dirixido ao xuíz decano.

O órgano competente para resolver sobre a abstención resolverá no prazo de dez días.

2) A abstención suspenderá o curso do procedemento ata que se resolva sobre ela ou transcorra o prazo previsto para a súa resolución.

3) No caso de confirmarse a abstención, o secretario xudicial que se abstivese debe ser suplido polo seu substituto legal; en caso de denegarse, deberá aquel continuar actuando no asunto, sen prexuízo do dereito das partes a facer valer a recusación.

4) Se estimar xustificada a abstención o órgano competente segundo o disposto no punto 1 deste artigo, o abstido apartarase definitivamente do asunto e, se se tratase dun asunto da súa exclusiva competencia conforme o disposto no artigo 456.3 da Lei orgánica do poder xudicial, ordenará remitirle as actuacións ao secretario xudicial que deba substituílo. A resolución que se pronuncie sobre a abstención non será susceptible de recurso ningún.

5) De ser o caso, a suspensión do proceso terminará cando o substituto reciba as actuacións.

6) A abstención e a substitución do secretario xudicial que se abstivo seranlles comunicadas ás partes, incluíndo o nome do substituto.

Artigo 148. *Procedemento de recusación.*

1) A recusación deberá proporse tan pronto como se teña coñecemento da causa en que se funde, pois noutro caso non se admitirá a trámite, ben que os secretarios xudiciais non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estiveren encargados.

2) Concretamente, non se admitirán as recusacións:

a) Cando non se propoñan no prazo de dez días desde a notificación da primeira resolución pola cal se coñeza a identidade do secretario xudicial, se o coñecemento da concorrencia da causa de recusación fose anterior a aquel.

b) Cando se propuxeren, pendente xa un procedemento, se a causa de recusación se coñecese con anterioridade ao momento procesual en que a recusación se propoña.

3) A recusación proporase por medio dun escrito que deberá expresar concreta e claramente a causa legal e os motivos en que se funde, achegando un principio de proba sobre estes. Este escrito estará asinado polo avogado e polo procurador se interviñesen no asunto, e polo recusante, ou por alguén por pedimento seu, se non soubese asinar. En todo caso, o procurador deberá achegar un poder especial para a recusación de que se trate. Se non interviñeren procurador e avogado, o recusante deberá ratificar a recusación perante o xuíz ou maxistrado competente para coñecer da recusación.

4) Son competentes para instruír e resolver a peza de recusación iniciada contra un secretario xudicial destinado nunha unidade procesual de apoio directo dun xulgado, o xuíz ou maxistrado titular deste que coñeza do asunto; se se trata de secretario xudicial destinado nunha unidade procesual de apoio directo dun tribunal colexiado, o presidente do dito órgano xudicial; se desempeñase as súas funcións nun servizo común procesual, o xuíz decano.

5) Formulada a recusación, daráselles traslado ás demais partes do proceso para que, no prazo común de tres días, manifesten se se adhíren ou se opoñen á causa de recusación proposta ou se, naquel momento, coñecen algunha outra causa de recusación. A parte que non propoña recusación no dito prazo non poderá facelo con posterioridade, salvo que acredite cumpridamente que, naquel momento, non coñecía a nova causa de recusación.

O día hábil seguinte ao da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, o recusado informará detalladamente por escrito de se reconece ou non como certa e lexítima a causa ou causas de recusación formuladas.

6) Cando o recusado reconeza como certa a causa de recusación, o tribunal ditará auto, sen máis trámites e sen ulterior recurso, e terase por recusado, se estima que a causa é legal. Se estima que a causa non é das tipificadas na lei, declarará que non procede a recusación. Contra este auto non se dará recurso ningún.

7) Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, o xuíz ou maxistrado competente, se admitir a trámite a recusación proposta, ordenará a práctica, no prazo de dez días, da proba solicitada que sexa pertinente e a que estime necesaria e, acto seguido daralle traslado do actuado ao Ministerio Fiscal para emitir un informe no prazo de tres días. Transcorrido ese prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidírase o incidente dentro dos cinco días seguintes.

Contra a dita resolución non caberá recurso ningún.

8) O secretario xudicial recusado, desde o momento en que sexa presentado o escrito de recusación, será substituído polo seu substituto legal.

9) O auto que desestime a recusación declarará que o secretario xudicial ten que seguir intervindo na tramitación da causa ou expediente de que se trate e acordará a devolución do asunto ou expediente ao recusado no estado en que estiver, e condenará nas custas o recusante, salvo que concorreren circunstancias excepcionais que xustifiquen outro pronunciamento. Cando a resolución que decida o incidente declare expresamente a existencia de mala fe no recusante, poderáselle impor a este unha multa de 180 a 6000 euros.

10) O auto que estime a recusación apartará definitivamente o recusado do coñecemento do preito, causa, asunto ou expediente. Continuará coñecendo del, ata a súa terminación, aquel a quen lle corresponda substituílo.

11) Contra a decisión do incidente de recusación non se dará recurso ningún, sen prexuízo de facer valer, se é o caso, ao recorrer contra a resolución que decida o asunto ou expediente, a posible nulidade desta por concorrer no secretario xudicial que ditou a resolución contra a que se recorreu a causa de recusación alegada.

TÍTULO VII

Réxime disciplinario

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

Artigo 149. *Ámbito de aplicación.*

1) A responsabilidade disciplinaria dos secretarios xudiciais de carreira exixirase nos supostos e de acordo cos principios e suxeición ao procedemento establecidos no presente título.

2) De igual maneira seralles aplicable aos secretarios xudiciais substitutos e secretarios xudiciais en prácticas que participen en procesos de selección para accederen ao corpo de secretarios xudiciais.

Artigo 150. *Principios e garantías do procedemento disciplinario.*

1) O procedemento disciplinario regulado no presente título recoñécelle ao secretario xudicial a quen se lle forma un expediente, ademais dos recoñecidos polo artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes dereitos:

- a) Á presunción de inocencia.
- b) A que se lle notifique o nomeamento de instrutor e secretario, así como a recusalos.
- c) A que se lle notifiquen os feitos imputados, a infracción que constitúan e as sancións que, se é o caso, poidan imporse, así como a resolución sancionadora.
- d) A formular alegacións.
- e) A propor cantas probas sexan adecuadas para a determinación dos feitos.
- f) A poder actuar no procedemento asistido de letrado ou dos representantes sindicais que determine.

2) Non poderán aplicárselle ao secretario xudicial a quen se lle abre un expediente preceptos contrarios ou máis restritivos ca os establecidos no presente título.

3) Sempre respectando o disposto nos artigos 537 e 538 da Lei orgánica do poder xudicial, deberá gardarse a debida proporcionalidade entre a falta cometida e a sanción imposta.

4) Non poderá exixirse responsabilidade disciplinaria por feitos cometidos con posterioridade á perda da condición de secretario xudicial.

Artigo 151. *Concorrenza de responsabilidade civil ou penal.*

1) O réxime disciplinario establecido neste título enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incorrer os secretarios xudiciais, que se fará efectiva na forma que determine a lei.

2) Cando da instrución dun procedemento disciplinario resulte que existen indicios fundados da comisión dunha infracción penal, o instrutor suspenderá a súa tramitación e porao en coñecemento da autoridade que ordenase a incoación para a súa oportuna comunicación ao Ministerio Fiscal.

3) A incoación dun procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, pero non se ditará resolución neste ata que non recaese sentenza ou auto de sobresemento firmes na causa penal. En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ao procedemento penal vinculará a resolución que se dite no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha e outra vía.

4) Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e ben xurídico protexido.

Artigo 152. *Comunicacións aos órganos de representación dos secretarios xudiciais.*

1) Cando se lle incoe un expediente disciplinario a un secretario xudicial que posúa a condición de delegado sindical, delegado de persoal ou cargo electivo de ámbito provincial, autonómico ou estatal nas organizacións sindicais, deberá notificárselle a dita incoación á correspondente sección sindical, xunta de persoal ou central sindical, segundo proceda, co fin de que poidan ser oídas durante a tramitación do procedemento.

A dita notificación deberá, así mesmo, realizarse cando a incoación do expediente se practique dentro do ano seguinte ao cesamento da persoa a quen se lle formou o expediente nalgunha das condicións enumeradas no parágrafo anterior. Tamén deberá realizarse se o afectado polo procedemento disciplinario é candidato durante o período electoral.

2) Cando se trate de secretarios xudiciais que estean afiliados a un sindicato, notificaráselles a incoación do expediente ao dito sindicato e á xunta de persoal, sempre que, preguntado para o efecto, o secretario xudicial non exprese a súa oposición a tal comunicación.

3) Cando se trate dun secretario xudicial sen afiliación sindical, comunicaráselle a incoación á xunta de persoal sempre que este, igualmente consultado, non se opoña á dita comunicación.

CAPÍTULO II

Das faltas

Artigo 153. *Clases de faltas.*

As faltas disciplinarias cometidas polos secretarios xudiciais no desempeño dos seus postos de traballo poderán ser moi graves, graves e leves.

Artigo 154. *Faltas moi graves.*

Considéranse faltas moi graves:

1. O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da función pública.

2. Toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, raza, relixión, lingua, opinión, lugar de

nacemento ou veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. O abandono do servizo.

4. A emisión de informes ou adopción de acordos ou resolucións manifestamente ilegais, cando se cause prexuízo grave ao interese público ou se lesionen dereitos fundamentais dos cidadáns.

5. A utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función.

6. A negligencia na custodia de documentos que dea lugar á súa difusión ou coñecemento indebidos.

7. O incumprimento reiterado das funcións inherentes ao posto de traballo ou funcións encomendadas.

8. A utilización das facultades que teña atribuídas, para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito.

9. O incumprimento das decisións xudiciais cuxa execución teñan encomendada.

10. A desobediencia grave ou reiterada ás ordes ou instrucións verbais ou escritas dun superior emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, salvo que sexan manifestamente ilegais.

11. A utilización da condición de secretario xudicial para a obtención dun beneficio indebido para si ou para un terceiro.

12. A realización de actividades declaradas incompatibles por lei.

13. A inobservancia do deber de abstención sabendo que concorre algunha das causas legalmente previstas.

14. Os actos que impidan o exercicio dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos sindicais.

15. O incumprimento do deber de atender os servizos esenciais en caso de folga.

16. O acoso sexual.

17. A agresión grave a calquera persoa con que se relacionen no exercicio das súas funcións.

18. A arbitrariedade no uso de autoridade que lles cause prexuízo grave aos subordinados ou ao servizo.

19. As accións e omisións que desen lugar en sentenza firme a unha declaración de responsabilidade civil contraída no exercicio da función por dolo ou culpa grave.

20. A comisión dunha falta grave cando fose anteriormente sancionado por outras dúas graves que adquirisen firmeza, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das anotacións correspondentes.

Artigo 155. *Faltas graves.*

Considéranse faltas graves:

1. A desobediencia expresa ás ordes ou instrucións dun superior, emitidas por este no exercicio das súas competencias, referidas a funcións ou tarefas propias do posto de traballo do interesado, agás que sexan manifestamente ilegais.

2. O incumprimento das decisións xudiciais cuxa execución lles foi encomendada, cando non constituía falta moi grave.

3. O abuso de autoridade no exercicio das súas funcións cando non constituía falta moi grave.

4. A negligencia na custodia de documentos, así como a utilización indebida destes ou da información que coñezan por razón do cargo, cando tales condutas non constituían falta moi grave.

5. A terceira falta inxustificada de asistencia nun período de tres meses.

6. A negligencia ou atraso inxustificado no cumprimento das funcións inherentes ao posto de traballo ou

funcións encomendadas, cando non constituía un notorio incumprimento destas.

7. O exercicio de calquera actividade susceptible de compatibilidade, conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, sen obter a pertinente autorización ou obténdoa con falta de veracidade nos presupostos alegados.

8. A falta de consideración grave cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns.

9. Causar dano grave nos documentos ou material de traballo, así como nos locais destinados á prestación do servizo.

10. A utilización inadecuada dos medios informáticos e materiais empregados no exercicio das súas funcións e o incumprimento das instrucións facilitadas para a súa utilización, así como a indebida utilización das claves de acceso aos sistemas informáticos.

11. As accións ou omisións dirixidas a eludir os sistemas de control de horarios ou a impedir que sexan detectados os incumprimentos inxustificadas da xornada de traballo.

12. Deixar de promover a exigencia da responsabilidade disciplinaria que proceda ao persoal que integre a súa oficina, cando coñecesen ou debesen coñecer o incumprimento grave por este dos deberes que lle correspondan.

13. Obstaculizar os labores de inspección.

14. Promover a súa abstención de forma claramente inxustificada.

15. O reiterado incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada.

16. A comisión dunha falta de carácter leve logo de ser sancionado anteriormente por resolución firme por outras dúas leves, sen que fosen canceladas ou procedese a cancelación das correspondentes anotacións.

Artigo 156. *Faltas leves.*

Considéranse faltas leves:

1. A falta de consideración cos superiores, iguais ou subordinados, así como cos profesionais ou cidadáns, cando non constituía unha infracción máis grave.

2. O incumprimento dos deberes propios do seu cargo ou posto de traballo ou a negligencia no seu desempeño, sempre que tales condutas non constituían infracción máis grave.

3. O atraso inxustificado no cumprimento das súas funcións cando non constituía falta máis grave.

4. A ausencia inxustificada por un día.

5. O incumprimento do horario de traballo sen causa xustificada cando non constituía falta grave.

CAPÍTULO III

Das persoas responsables

Artigo 157. *Persoas responsables.*

Ademais dos autores, serán responsables disciplinariamente os superiores que consentisen as faltas moi graves e graves, así como os que as inducisen ou as encubrisen, cando dos ditos actos deriven graves danos para a Administración ou os cidadáns.

CAPÍTULO IV

Das sancións

Artigo 158. *Sancións.*

1) Non poderá imporse sanción pola comisión de falta moi grave ou grave, senón en virtude de expediente

disciplinario instruído para o efecto mediante o procedemento establecido no capítulo VI do presente título.

2) Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrución do expediente, salvo o trámite de audiencia ao interesado regulado no artigo 170 deste regulamento.

Artigo 159. *Clases de sancións.*

As sancións que se lles poidan impor aos secretarios xudiciais polas faltas cometidas no desempeño dos seus postos de traballo son:

- a) Apercibimento.
- b) Suspensión de emprego e soldo.
- c) Traslado forzoso fóra do municipio de destino.
- d) Separación do servizo.

Artigo 160. *Faltas e sancións.*

1) As faltas leves só poderán ser corrixidas con apercibimento.

2) As faltas graves poderán ser sancionadas con suspensión de emprego e soldo ata tres anos ou con traslado forzoso fóra do municipio.

3) As faltas moi graves poderán ser sancionadas con suspensión de emprego e soldo de tres anos e un día ata seis anos, con traslado forzoso fóra do municipio ou con separación do servizo.

4) Os secretarios xudiciais que sexan sancionados con traslado forzoso non poderán obter novo destino no municipio de orixe durante un ano cando a sanción fose imposta por falta grave, e durante tres anos cando correspondese á comisión dunha falta moi grave. Os ditos prazos computaranse desde a data de toma de posesión no destino a que fosen trasladados. Se a sanción non se executar no prazo previsto no artigo 187 deste regulamento, o cómputo comezará o día seguinte ao da finalización do dito prazo.

Artigo 161. *Criterios para a determinación da gradación das sancións.*

1) Para a determinación da sanción que se vai impor terase en conta:

- a) A intencionalidade.
- b) O prexuízo causado á Administración ou aos cidadáns.
- c) O grao de participación na comisión da falta.
- d) A reiteración ou reincidencia.

En ningún caso se computarán para os efectos de reiteración ou reincidencia as sancións canceladas ou que puidesen selo.

2) A determinación motivada da clase de sanción que se vai impor por falta grave ou moi grave farase atendendo ao número e entidade dos presupostos anteriormente sinalados que concorresen na comisión da falta.

Para a imposición da sanción de separación do servizo terase especialmente en consideración que a conduta en que consista a falta fose realizada de maneira consciente e querida, ou ben que fose froito dunha grave falta de atención, coidado ou dilixencia exhibibles ao secretario xudicial.

3) A sanción de suspensión de emprego e soldo non poderá exceder da metade da súa duración máxima, cando os feitos obxecto do expediente fosen cometidos por negligencia e o prexuízo ocasionado á Administración ou aos cidadáns non mereza o cualificativo de grave. Noutro caso, a sanción poderá imporse en toda a súa extensión.

4) Dentro dos límites mínimo e máximo resultantes da aplicación da regra anterior, a duración concreta da

sanción de suspensión de emprego e soldo determinase de forma motivada na resolución e en atención ás circunstancias concorrentes na falta e no infractor, e especialmente ás seguintes: se a falta se esgotou nun único acto ou supuxo unha conduta repetida no tempo, ou se o secretario xudicial a quen se lle formou o expediente reparase ou diminuíse as consecuencias da falta cometida. Cando o xustifique a debida adecuación entre a sanción que deba aplicarse, a escasa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver deberá impor a sanción na súa duración mínima.

Artigo 162. *Órganos competentes.*

1. Serán órganos competentes para a imposición de sancións disciplinarias:

a) O secretario de goberno e o secretario coordinador provincial, para a sanción de apercibimento.

b) O ministro de Xustiza, para a de suspensión, traslado forzoso e separación do servizo.

2. Non obstante, cando a sanción de traslado forzoso supoña a mobilidade do territorio dunha comunidade autónoma ao doutra con competencias asumidas, será competente para acordala o ministro de Xustiza, logo de informe favorable da comunidade autónoma a cuxo territorio se traslada o funcionario sancionado.

CAPÍTULO V

Da extinción da responsabilidade disciplinaria

Artigo 163. *Extinción da responsabilidade disciplinaria.*

A responsabilidade disciplinaria extinguese polo cumprimento da sanción, falecemento do secretario xudicial, prescrición da falta ou da sanción, o indulto e a amnistía.

Artigo 164. *Perda da condición de secretario xudicial.*

Se durante a tramitación do procedemento disciplinario se producise a perda da condición de secretario xudicial da persoa a quen se lle formou un expediente, dítase resolución en que, con invocación da causa, se declarará terminado o procedemento por desaparición sobrevida do seu obxecto, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial ou penal que lle poida ser exixida, e ordenarase o arquivo das actuacións, salvo que o interesado solicite de forma motivada a continuación do expediente. Asemade, deixaranse sen efecto cantas medidas de carácter provisional se adoptasen con respecto ao funcionario a quen se lle formou o expediente.

Artigo 165. *Prescrición das faltas e cómputo de prazos.*

1) As faltas leves prescribirán aos dous meses, as graves aos seis meses e as moi graves ao ano. O prazo computarase desde a data da súa comisión.

2) Nos casos en que un feito dea lugar á apertura de causa penal, os prazos de prescrición non comezaran a computarse senón desde a firmeza da resolución pola que se conclúa esta.

3) O prazo de prescrición interromperase no momento en que se inicie o procedemento disciplinario. O prazo de prescrición volverá a computarse se o expediente permanecese paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ao secretario xudicial suxeito a procedemento.

4) Nos supostos de paralización das actuacións, o simple acto recordatorio que constrinxa a inactividade

non será eficaz para interromper o transcurso da prescrición.

Artigo 166. *Prescrición das sancións e cómputo de prazos.*

1) As sancións impostas prescribirán aos catro meses, no caso das faltas leves; ao ano, nos casos de faltas graves; e aos dous anos, nos casos de faltas moi graves.

2) O prazo de prescrición computarase a partir do día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoña.

CAPÍTULO VI

Do procedemento disciplinario

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 167. *Órganos competentes.*

Serán competentes para a incoación de expedientes disciplinarios, respecto dos secretarios xudiciais, o Ministerio de Xustiza, os secretarios de goberno e os secretarios coordinadores provinciais.

Artigo 168. *Información previa.*

1) Cando da denuncia non resulten elementos de xuízo suficientes para decidir verbo do seu arquivo ou da incoación do expediente, ou cando o xulgue preciso o órgano competente para a incoación, acordará a práctica dunha información previa, que poderá ter carácter reservado. Cando deba ter carácter reservado, a resolución por que así se acorde deberá ser motivada.

2) O órgano competente poderá solicitarlles información ás persoas ou órganos que considere oportuno.

3) A práctica desta información previa non interromperá a prescrición.

4) En caso de incoarse o expediente disciplinario, a información previa incorporarse a este.

Artigo 169. *Suspensión provisional.*

1) Durante a tramitación do procedemento poderá acordar a suspensión provisional do interesado a autoridade que ordenou a incoación deste, por proposta do instrutor, mediante resolución motivada e tras a audiencia do interesado. Só poderá acordarse cando existan indicios racionais da comisión dunha falta grave ou moi grave, e a duración da medida non poderá exceder de seis meses cando se trate de falta moi grave, e de tres meses cando se trate de falta grave, agás en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado. Cando se trate de faltas graves, a medida terá carácter excepcional e só poderá acordarse cando a súa falta de adopción puidese causarlles prexuízo á Administración de xustiza, aos intereses xerais ou aos cidadáns particularmente afectados.

2) O secretario xudicial declarado en situación de suspensión provisional quedará privado, durante o tempo de permanencia na devandita situación, do exercicio das súas funcións e non poderá prestar servizos en ningunha Administración pública nin en organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas a elas.

3) Os efectos derivados da situación de suspensión provisional serán os establecidos para os funcionarios da Administración xeral do Estado declarados nesta situación.

4) Cando a suspensión non sexa declarada definitiva, o tempo de duración desta computarase como servizo activo, e deberá acordarse a inmediata incorporación

do secretario xudicial ao seu posto de traballo, con recoñecemento dos dereitos económicos e demais que procedan desde a data de efectos da suspensión.

5) De ser confirmada a suspensión, o tempo que o secretario xudicial permanecese na situación de suspensión provisional será aboado para o cómputo da suspensión definitiva.

6) Cando se incoase procedemento penal polos mesmos feitos que desen lugar ao procedemento disciplinario, a autoridade que ordenase a incoación deste último comunicaralle ao órgano xurisdiccional a adopción da medida de suspensión provisional.

7) Contra a resolución pola que se acorde a medida de suspensión provisional caberá interpor os recursos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN 2.^a DAS ACTUACIÓNS EN CASO DE FALTAS LEVES

Artigo 170. *Trámite de audiencia.*

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrución do expediente, salvo o trámite de audiencia ao interesado, que deberá cumprir en todo caso o respectivo secretario de goberno ou coordinador provincial coas seguintes formalidades:

1) A citación que se lle efectúe ao secretario xudicial deberá expresar o feito que se lle imputa, advertíndoo de que, se o estimase oportuno, poderá comparecer asistido de letrado ou dos representantes sindicais que determine, así como coas probas de que intente valerse. A citación, á cal se unirá unha copia da documentación existente ata ese momento, realizarase con, polo menos, unha antelación de sete días a aquel en que teña lugar a práctica da audiencia.

2) Se a proba fose testemuñal e as testemuñas propostas se negasen a comparecer á súa instancia, comunicarllo ao secretario de goberno ou secretario coordinador cunha antelación polo menos de setenta e dúas horas á data sinalada para o trámite de audiencia, co fin de que pola mesma instancia sexan citadas de oficio.

3) Logo de efectuar o trámite de audiencia e de practicar as probas propostas, se é o caso, o secretario de goberno ou secretario coordinador ditará resolución. Se se denegar a práctica dalgunha proba solicitada polo secretario xudicial, na dita resolución deberá motivarse tal denegación.

4) Nesta materia seranlles aplicables aos secretarios de goberno e secretarios coordinadores provinciais as normas relativas á abstención e recusación establecidas no artigo 174.

Artigo 171. *Transformación das actuacións.*

Se durante a tramitación das actuacións se advertise que os feitos investigados revisten caracteres de falta moi grave ou grave, o funcionario encargado destas someterá o asunto ao órgano que ordenou a súa iniciación, que acordará o procedente.

SECCIÓN 3.^a DA INCOACIÓN DO PROCEDIMENTO

Artigo 172. *Iniciación do procedemento.*

1) O procedemento iniciarase por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de denuncia, e todo isto sen prexuízo das facultades que a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder

xudicial outorga para promover a exixencia de responsabilidade disciplinaria.

2) Se o procedemento se iniciase como consecuencia de denuncia, notificaráselle ao asinante desta o acordo de incoación ou de non-incoación do expediente.

3) Para os efectos do presente artigo enténdese por denuncia o acto polo que calquera persoa, órgano ou institución, en cumprimento ou non dunha obriga legal, pon en coñecemento do órgano competente para a incoación do procedemento a existencia dun determinado feito que puidese constituír unha das faltas indicadas nos artigos 154, 155 e 156 do presente regulamento.

4) Non se dará trámite ás denuncias anónimas, nin sequera para a información previa regulada no artigo 168.

5) O procedemento disciplinario impulsárase de oficio en todos os seus trámites.

Artigo 173. *Contido do acordo de incoación, e a súa notificación.*

1) No acordo de incoación designarase un instrutor, de igual categoría, polo menos, á daquel contra o cal se dirixa o procedemento. No mesmo acordo designarase un secretario que deberá ter a condición de funcionario público.

2) O instrutor e o secretario non poderán estar destinados na mesma unidade da oficina xudicial que o secretario xudicial a quen se lle formou o expediente nin ter intervido nos trámites de información previa.

3) A incoación do procedemento, co nomeamento do instrutor e o secretario e a expresión do corpo a que pertencen e o seu destino, notificaráselle ao secretario xudicial suxeito a expediente.

4) No acordo de incoación especificarase de forma suficiente a causa que motiva a apertura do procedemento, así como a falta presuntamente cometida. Así mesmo, faráselle saber que pode actuar asistido de letrado ou dos representantes sindicais que determine. Se houbo información previa, faráselle entrega dunha copia desta. Igualmente, farase constar o órgano competente para impor a sanción e a norma que atribúe tal competencia.

Artigo 174. *Abstención e recusación.*

1) Seranlles aplicables ao instrutor e ao secretario as normas relativas á abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2) O dereito de recusación poderá exercerse desde o momento en que lle sexan notificadas ao interesado a identidade do instrutor e a do secretario, e durante toda a instrución do expediente.

3) A abstención e a recusación formularanse mediante un escrito motivado perante a autoridade que acordou o nomeamento, quen resolverá no termo de tres días. No caso de recusación, daráselle audiencia ao recusado o máis axiña posible, e o prazo de tres días comezará a contar tras ser oído.

4) Contra os acordos adoptados en materia de abstención e recusación non procederá recurso ningún, sen prexuízo de que o interesado poida alegar a recusación no escrito de interposición do correspondente recurso contra o acordo que poña fin ao procedemento disciplinario.

SECCIÓN 4.^a DA INSTRUCIÓN

Artigo 175. *Primeiras actuacións instrutoras.*

1) O instrutor practicará cantas probas e actuacións sexan necesarias para a determinación e comprobación

dos feitos e responsabilidades susceptibles de sanción, con intervención do interesado, que poderá actuar desde o inicio do expediente asistido de avogado ou dos representantes sindicais que determine, acreditados polo seu sindicato.

2) Como primeiras actuacións, o instrutor procederá a recibirlle declaración ao interesado, a quen lle dará unha copia desta, e a instruír cantas dilixencias se deduzan da comunicación ou denuncia que motivou a incoación do expediente e do que aquel alegase na súa declaración, e o interesado designará no dito acto o domicilio para os efectos de notificacións.

Artigo 176. *Contido do prego de cargos e proposición de probas.*

1) Á vista das actuacións practicadas, e no prazo non superior a un mes contado a partir da notificación da apertura do procedemento, o instrutor formulará, se procedese, un prego de cargos, no cal se exporán os feitos imputados con expresión, se é o caso, da falta presuntamente cometida, e das sancións que poidan ser aplicables. En caso contrario, propondrá o arquivo do expediente. O instrutor, excepcionalmente e sempre por causas xustificadas e debidamente motivadas, poderá solicitarlle por unha soa vez á autoridade que ordenou a incoación do procedemento, a ampliación do prazo referido no parágrafo anterior por outro de quince días, agás no caso de que non se recibise o resultado de dilixencias de proba acordadas por instancia do funcionario a quen se lle formou o expediente, ou de oficio polo instrutor; neste suposto a ampliación de prazo será dun mes. Tal decisión notificaráselle a quen se lle formou o expediente.

2) O prego de cargos deberá redactarse de modo claro e preciso, en parágrafos separados e numerados por cada un dos feitos imputados ao secretario xudicial. O instrutor deberá propor no momento de elaborar o prego de cargos, á vista do resultado das actuacións practicadas, o mantemento ou levantamento da medida de suspensión provisional que, se é o caso, se adoptase.

3) O prego de cargos, xunto cunha copia das actuacións e dilixencias practicadas, notificaráselle ao interesado para que no prazo de dez días poida contestalo coas alegacións que resulten convenientes, coa achega de cantos documentos considere de interese e a proposición das demais probas que estime necesarias para a súa defensa.

Artigo 177. *Resolución sobre admisión de probas.*

1) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo sen facelo, o instrutor resolverá sobre a práctica das probas propostas polo interesado, logo da declaración de pertinencia, así como de todas aquelas que considere oportunas.

2) A denegación total ou parcial das probas propostas polo interesado deberá realizarse por resolución motivada contra a cal non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que o interesado poida reproducir a súa pretenión no escrito de interposición do correspondente recurso contra a resolución que poña fin ao procedemento disciplinario.

Artigo 178. *Práctica das probas.*

1) A resolución pola cal se acorde a práctica das probas notificaráselle ao interesado de xeito fidedigno, co fin de que este poida intervir na súa práctica na forma que

determine motivadamente o instrutor. No caso de que se admitisen probas distintas da documental, a notificación realizarase cunha antelación mínima de corenta e oito horas á práctica destas.

2) As probas practícaranse en presenza do instrutor e do secretario, quen redactará unha acta do seu resultado. O secretario estará encargado de que o expediente se encontre debidamente ordenado e foliado, de modo que non exista risco de perda de ningún documento.

3) O secretario xudicial poderá intervir na práctica das probas asistido do seu avogado ou dos representantes sindicais que determine.

4) Para a práctica das probas disporase do prazo dun mes.

Artigo 179. *Traslado ao interesado para formular alegacións.*

1) Executadas as precedentes dilixencias, o instrutor poralle de manifesto o expediente ao interesado con carácter inmediato para que no prazo de dez días alegue o que estime pertinente para a súa defensa e achegue cantos documentos considere de interese.

2) Facilitaráselle unha copia completa do expediente ao interesado cando este así o solicite.

Artigo 180. *Proposta de resolución.*

1) Cumprido o anterior, no prazo dos quince días seguintes o instrutor formulará unha proposta de resolución en que se fixarán con precisión os feitos, que deberán gardar relación cos que se fixeron constar no prego de cargos e coas probas practicadas, farase a valoración xurídica destes para determinar a falta que se considere cometida, sinalándose a responsabilidade do secretario xudicial, e indícarase a sanción que se estime procedente impor de acordo co establecido no artigo 159 ou, se é o caso, proporase o arquivo do expediente.

2) A dita proposta de resolución seralle notificada polo instrutor ao interesado para que, no prazo de quince días, alegue canto considere conveniente na súa defensa.

Artigo 181. *Remisión á autoridade competente.*

Logo de contestar a proposta de resolución ou de transcorrer o prazo sen alegación ningunha, remitiráselle, con carácter inmediato, o expediente completo á autoridade que ordenase a incoación do procedemento para a decisión que proceda.

Artigo 182. *Remisión en caso de incompetencia.*

Cando a autoridade que ordenase a incoación do expediente entenda procedente a imposición dunha sanción que non estea dentro da súa competencia, remitirallo xunto coa súa proposta á autoridade que sexa competente.

Artigo 183. *Devolución do expediente ao instrutor.*

1) O órgano competente para impor a sanción poderá devolverlle o expediente ao instrutor para a práctica das dilixencias imprescindibles para a resolución.

2) En tal caso, o instrutor, antes de remitirle de novo o expediente ao órgano competente para impor a sanción, daralle vista do actuado ao funcionario a quen se lle

formou o expediente, co fin de que no prazo de dez días alegue canto estime conveniente.

SECCIÓN 5.^a DA TERMINACIÓN

Artigo 184. *Resolución.*

1) A resolución, que pon fin ao procedemento disciplinario, deberá adoptarse no prazo de quince días desde a recepción do expediente pola autoridade competente e pronunciarase sobre todas as cuestións propostas neste.

2) A resolución que poña fin ao procedemento disciplinario deberá determinar con toda precisión a falta que se estime cometida, sinalando os preceptos en que apareza recollida, o secretario xudicial responsable e a sanción que se impón.

3) A resolución terá que ser motivada e nela non se poderán aceptar feitos distintos dos que lles serviron de base ao prego de cargos e á proposta de resolución, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica.

4) Se na resolución se estimase a inexistencia de falta ou de responsabilidade do secretario xudicial, declararase concluído o expediente e ordenarase o seu arquivo.

5) Na resolución que poña fin ao procedemento, tanto se é sancionadora como de conclusión e arquivo, faranse as declaracións oportunas tocante á medida de suspensión provisional que se puidese adoptar durante a tramitación do procedemento.

6) A resolución seralle notificada ao interesado con expresión do recurso ou recursos que caiban contra esta, o órgano ante o cal deben presentarse, e os prazos para interposos.

7) Das resolucións por faltas moi graves teñen que ser informados en todo caso as xuntas ou delegados de persoal correspondentes. Tamén deberán ser informados cando se trate de faltas graves, salvo que o secretario xudicial sancionado, debidamente preguntado sobre este asunto, manifeste a súa oposición á dita comunicación.

8) A resolución deberá serlle notificada ao xefe da unidade ou órgano en que desempeñe o seu posto de traballo o secretario xudicial sancionado.

Artigo 185. *Duración do procedemento disciplinario.*

1) A duración do procedemento disciplinario non excederá de doce meses. Vencido este prazo sen que se ditase e notificase a resolución que poña fin ao procedemento, producirase a súa caducidade.

2) Non se producirá a caducidade se o expediente quedase paralizado por causa imputable ao interesado.

Artigo 186. *Recursos.*

O réxime de recursos aplicable ás resolucións que poñan fin ao procedemento será o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 187. *Execución das sancións.*

Unha vez esgotada a vía administrativa, as sancións disciplinarias executaranse segundo os termos da resolución en que se impoñan e no prazo máximo dun mes desde a notificación da resolución ao interesado, salvo cando por causas xustificadas se estableza outro distinto na devandita resolución.

Artigo 188. *Anotación das sancións.*

As sancións disciplinarias serán anotadas no Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Xustiza, con expresión das faltas que as motivaron.

Artigo 189. *Cancelación da anotación das sancións.*

1) A autoridade competente para sancionar éo tamén para decretar a cancelación da anotación correspondente.

2) A anotación da sanción de apercibimento quedará cancelada, de oficio ou por pedimento do interesado, polo transcurso do prazo de seis meses desde que adquiriu firmeza, se durante ese tempo non dese lugar o sancionado a outro procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción.

3) A anotación das restantes sancións, con excepción da de separación do servizo, poderá cancelarse de oficio ou por instancia do interesado cando transcorresen, polo menos, dous ou catro anos desde o cumprimento da sanción, segundo se trate de falta grave ou moi grave, e se o interesado non dese lugar a novo procedemento disciplinario que termine coa imposición de sanción desde a firmeza do acordo sancionador.

4) A cancelación borrará o antecedente para todos os efectos, e deberá comunicárselle de oficio ao Rexistro Central de Persoal.

5) En ningún caso se computarán para os efectos de reincidencia as sancións cuxas anotacións fosen canceladas ou puídesen selo.

XEFATURA DO ESTADO

929 *REAL DECRETO LEI 1/2006, do 20 de xaneiro, polo que se modifican os tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco.* («BOE» 18, do 21-1-2006.)

A imposición sobre os elaborados do tabaco constitúe unha relevante fonte de ingresos tributarios para as facendas españolas. Ademais, sendo a finalidade desta imposición esencialmente recadatoria, serve tamén como un instrumento ao servizo da política sanitaria. Isto recolleuse no convenio marco da Organización Mundial da Saúde para o control do tabaco, ratificado por España, onde se recoñece a eficacia dos impostos como medio para elevar o prezo do tabaco e, polo tanto, lograr unha redución do seu consumo, en particular entre a xente nova.

O gravame dos cigarros resulta da aplicación de dous tipos impositivos: un tipo impositivo proporcional, expresado como unha porcentaxe do prezo máximo de venda ao público, e un tipo impositivo específico, expresado en euros por 1.000 cigarros. A maior parte da carga tributaria que o imposto representa resulta da aplicación do tipo proporcional. De acordo co establecido na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, os prezos máximos de venda ao público dos cigarros (base do tipo impositivo proporcional) determinánanos libremente os fabricantes ou os importadores dos elaborados. Como consecuencia do anterior e fronte a outros impostos especiais, a recadación do imposto sobre os elaborados do tabaco é especialmente dependente dos prezos que poidan fixar os seus fabricantes e importadores.

Neste contexto, o mercado dos cigarros vén experimentando unha significativa redución dos seus prezos,

tanto pola aparición de novas marcas de prezo baixo como pola redución do prezo doutras marcas xa existentes nel. Tal redución dos prezos de venda prexudica os obxectivos en materia de política sanitaria, ao mesmo tempo que reduce as expectativas recadatorias do imposto.

Todo isto xustifica que o Goberno reaccione ante tal situación procedendo, como así fai a través deste real decreto lei, a un incremento dos tipos impositivos exixibles sobre os cigarros co obxecto de atender os obxectivos de política fiscal e sanitaria referidos. Este incremento concrétese nunha subida de 1 punto porcentual do tipo impositivo «ad valorem» (que pasa do 54,95 ao 55,95 por 100) e nunha subida de 2 euros no tipo impositivo específico (que pasa de 4,20 a 6,20 euros por 1.000 cigarros). Para evitar un incremento do diferencial de tributación entre os cigarros e o resto de elaborados do tabaco, tamén se incrementan os tipos impositivos –que son exclusivamente «ad valorem»– aplicables a estes últimos nunha proporción similar a aquela en que se ve incrementada a fiscalidade global porcentual para os cigarros.

Por último, en canto á figura xurídica a través da cal se aproba esta medida, débese destacar que, por unha parte, se trata dunha modificación que afecta o montante dos tipos impositivos e sometida, polo tanto, ao principio de reserva de lei. Por outra parte, a existencia, no marco dunha tramitación parlamentaria ordinaria, dun período de tempo prolongado entre o coñecemento da medida e a súa entrada en vigor, afectaría negativamente a súa propia efectividade e podería provocar, ademais, distorsións e condutas especulativas no mercado que se verían agudizadas na actual situación do mercado descrita máis arriba. Por iso se considera que o recurso á figura do real decreto lei está plenamente xustificado.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xaneiro de 2006,

DISPOÑO:

Artigo único. *Imposto sobre os elaborados do tabaco.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactado como segue:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 13,00 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 55,95 por 100.

b) Tipo específico: 6,20 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: 40,00 por 100.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 24,00 por 100.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 20 de xaneiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO